



PXA

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN

CURSO 2024/2025

INDICE

| | |
|--|-----------|
| 1. Introducción. | 5 |
| 2. O centro escolar. | |
| 2.1 Datos identificativos. | 7 |
| 2.2 Situación e contorna. | 8 |
| 2.3 Dependencias. | 8 |
| 2.4 Alumnado e niveis educativos. | 11 |
| 3. Obxectivos do centro. | |
| 3.1 Obxectivos xerais. | 13 |
| 3.2 Obxectivos específicos. | 13 |
| • <i>Orientados á atención da diversidade.</i> | 13 |
| • <i>Orientados á Normalización Lingüística.</i> | 13 |
| • <i>Orientados á ensinanza de calidade e mellora das competencias básicas do alumnado..</i> | 14 |
| • <i>Orientados á mellora da relación familia-escola.</i> | 17 |
| 4. Concrecións e modificacións anuais do PE | 17 |
| 5. Atención ao alumnado con NEAE. | 22 |
| 6. Organización Pedagóxica do Centro. | |
| • Órganos de goberno e participación. | 24 |
| • Órganos académicos de coordinación docente. | 26 |
| 7. Plan de actuacións. | |
| • Equipo directivo. | 31 |
| • Comisión de Coordinación Pedagóxica. | 32 |
| • Equipos de Ciclo e niveis. | 32 |
| • Departamento de Orientación. | 33 |
| • Período de adaptación do alumado que accede por primeira vez a E.I. | 34 |

| | |
|--|------------|
| 8. Xornada escolar, horarios e quendas. | 35 |
| 9. Participación do profesorado en actividades formativas e de innovación educativa. | 38 |
| 10. Libros de texto. | 39 |
| 11. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares . . | 41 |
| 12. Plan de autoprotección. | 43 |
| 13. Plan para a potenciación e organización das relación da comunidade escolar coas familias. | |
| • Horario de atención ás familias | 44 |
| 14. Servizos complementarios | |
| • Transporte escolar. | 45 |
| • Comedor escolar. | 46 |
| 15. Plan de actividades proposto pola ANPA. | 46 |
| 16. Plan de avaliación. | 47 |
| ANEXOS | |
| Anexo I.- Horarios | 50 |
| Anexo II.- Celebracións | 65 |
| Anexo III.- Quendas | 67 |
| Anexo IV.- Itinerarios das liñas de autobús | 88 |
| Anexo V.- Proxecto Lingüístico do Centro | 91 |
| Anexo VI.- Plan de Potenciación da Lingua Galega | 94 |
| Anexo VII.- Plan de Orientación | 105 |
| • Concreción do PXAD | 114 |

| | |
|---|------------|
| Anexo VIII.- Plan de Convivencia | 138 |
| Anexo IX.- Plan de Benestar Emocional | 191 |
| Anexo X.- Plan de Dinamización das TIC | 203 |
| Anexo XI.-Programa biblioteca escolar_ PLAMBE 24/25 | 214 |
| Proxecto Lector | 215 |
| Plan anual de lectura | 228 |
| Anexo XII.- PLAMBE- Liñas Prioritarias 2018-2019 | 242 |
| Anexo XIII.- Sección Bilingüe | 248 |
| Anexo XIV.- Plan de Igualdade. | 268 |
| Anexo XV.- Plan de Xestión Económica | 289 |
| Anexo XVI- Plan Proxecta | 308 |
| Anexo XVII- Contratos Programa | 327 |
| Anexo XVIII .- Plan de Educación Física e Hábitos Saudables | 328 |
| Anexo XIX.- Acreditación Erasmus+ | 334 |
| Anexo XX.-Plan Dixital | 335 |

1 INTRODUCCIÓN

Esta Programación Xeral Anual de Centro para o curso 2024/2025 fundamentarase no seguinte marco legal:

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación (LOMLOE).
- ORDE do 21 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento de avaliación das direccións dos centros docentes públicos en que se imparte algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación.
- ORDEN de 21 de abril de 2021 por la que se convoca concurso de méritos para la selección y el nombramiento de la dirección de los centros docentes públicos que imparten las enseñanzas reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, desenvolvido pola Orde do 8 de setembro de 2021.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, de 4 de junio, por el que se establece el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. (DOG do 03/08/2004)
- - Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o

desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 10/07/2009)

- Decreto 247/1995, do 14 de setembro; Decreto 124/2007 do 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. (DOG do 20/05/2011)
- Decreto de plurilingüismo 79/2010 do 20 de maio, para o ensino non universitario.
- Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria así como a orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos centros citados, naqueles aspectos que non estean derogados por normativa anterior.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria. (BOE de 01/03/2014)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG do 27/01/2015).
- Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato. (BOE do 29/01/2015).
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto

refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Artigo 17/18. (DOG do 17/02/2016)

- Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil. (BOE 02/02/2022).
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG do 11/02/2022)
- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG do 11/02/2022)
- Na análise do PE e da Memorial Final do curso anterior.

2. O CENTRO ESCOLAR

2.1. Datos Identificativos:

Nome: CEIP Plurilingüe Gándara- Sofán

Código: 15023077.

Enderezo:Gándara s/n, 15108, Carballo.

Teléfono: 881880427. Móbil: 621370781

Fax: 881880428

Correo electrónico: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/>

2.2. Situación e contorna.

Contorna Física:

Xeograficamente o centro está situado no lugar da Gándara, parroquia de Sofán, e actualmente tamén se estende a súa área de influencia ás parroquias de Artes e Berdillo, pertencentes ao Concello de Carballo, nunha zona rural con poboación espallada.

Nivel económico:

A poboación que rodea ó Centro pódese considerar de clase media- baixa, cunha porcentaxe mais baixa de clase media e alta, respectivamente. Moitas das familias proceden da emigración, sobre todo de Suíza. Poden verse familias novas que asentaron ó seu domicilio nestas parroquias pola cercanía a Carballo.

Nivel socio-cultural:

As profesións dominantes son na construción, empregados comerciais, administrativos, profesionais liberais, técnicos superiores e, en menor medida, funcionarios. Non se están a dar grandes movementos de poboación, sendo a mesma bastante estable. Polo momento a chegada de poboación extranxeira vai crecento dun xeito escalonado, así como tamén aumenta considerablemente no Concello. Nestas parroquias existen asociacións de nais rurais.

2.3. Dependencias

O noso centro está composto por un edificio con dúas plantas. As súas dependencias están distribuídas do seguinte xeito:

- Na planta baixa sitúanse as tres aulas de infantil, os baños de infantil e primaria, a biblioteca, aula de A.L., aula de PT, aula de radio, sala de reunións, arquivo e

armarios de seguridade, dirección, administración e conserxería, tamén nesta planta está o comedor, un almacén e unha sala de contadores e luces.

- Na planta de arriba están situadas as seis aulas de primaria, a aula de ALFIN (este ano aula de PT/AL), a aula de Música, o despacho de Orientación, a sala de mestres con dous baños e a outra aula de PT, e por último, os baños de primaria.

Fóra do edificio do centro, pero anexo ao mesmo e formando parte do recinto escolar atopamos:

- Un pavillón pechado que serve de pista polideportiva, cun pequeno almacén deportivo e dous baños.
- Unha pista descuberta, campo de fútbol.
- Unha zona de recreo para educación infantil con randeiras e areeiros.
- Un areeiro.
- Unha zona axardinada e zonas verdes, con bancos e mesas de madeira para merendar e facer xogos inclusivos nos patios.
- Unha pista descuberta para a práctica de voleibol e demais xogos tradicionais.
- Xogos de exterior pintados na pista, a oca, laberintos, mariola, jump, e outros.
- Unha fonte
- Uns vestiarios.
- Canastas exteriores.
- Un caseto da maquinaria do pozo.
- Un pequeno invernadoiro feita con materiais reciclados (botellas de plástico).
- Horto escolar con plantas e unha rosa dos ventos.

O pavillón cuberto é empregado no horar lectivo para impartir clases de Educación Física e para actividades complementarias, así mesmo, se emprega en horario de recreo cando as condicións climáticas así o aconsellan. Desde hai varios cursos existe un convenio de cesión de uso co Concello de Carballo, para que fóra do horario lectivo, podan entrenar clubs pertencentes ao concello e tamén para a celebración de eventos

puntuais. Este convenio apróbase anualmente no consello escolar xunto co plan de uso anual.

2.3.1.- Instalacións e material.

En liñas xerais, o Centro ten cubertas, as súas necesidades en canto a **instalacións**, pero neste documento quedarán plasmadas as **deficiencias actuais en canto ás infraestructura e equipamentos**:

As principais necesidades do Centro seguen a ser:

Estado do edificio:

- Substitución do mobiliario do cuarto de baño do noso alumnado no primeiro andar
- Substitución do mobiliario do cuarto de baño dos mestres.
- Substitución das verxas das aulas da planta baixa por unhas persianas de seguridade para facilitar a evacuación da planta baixa do centro no caso de incendio
- Sustitución da porta de entrada principal ao centro, actualmente pódese abrir dunha patada.
- Poñer porta enrexada na entrada do pavillón.
- Reparación do muro perimetral do centro.
- Cambio dos pulsadores dos baños de Infantil.
- Impermeabilización do exterior do edificio, pois hai humidades e paredes desconchadas ademais de que cando chove, entra auga nas dependencias interiores.
- Asimesmo a cuberta do edificio ten numerosos buratiños que comunican co faiado, onde temos que colocar trampas para velutinas que entran por isos orificios. Na zona da cuberta que coincide co corredor da planta superior, onde é traslúcido, entra auga ao corredor e escorre polas paredes laterais.

- Colocar marquesinas nas entradas dos portalóns de acceso ao centro ou alomenos unha visera para evitar que as familias se mollen ao deixar aos seus fillos e fillas.
- É necesario tamén utilizar o pequeno patio cuberto como espazo interior do centro por falta de dependencias para aulas de pt/al/ orientación e para unha aula de usos múltiples. Isto implicaría facer o patio cuberto no fronte da entrada ao centro.

2.4.- Alumnado e niveis educativos.

No curso actual están matriculados un total de 149 alumnos repartidos en 9 niveis educativos, desde 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 6º de Educación Primaria.

Os agrupamentos e titorías están deste xeito:

| Curso | Alumnado | Titoría |
|------------------|----------|------------------------------------|
| 4º E.I. (3anos) | 9 | Sabela Serrano Lorenzo |
| 5º E.I. (4anos) | 12 | M. ^a Carmen Rios Suárez |
| 6º E.I. (5 anos) | 17 | Marta Aldao Placer |
| 1º Ed. Primaria | 10 | Noelia Vázquez Seoane |
| 2º Ed. Primaria | 14 | Catalina Cancela García |
| 3º Ed. Primaria | 20 | Olga García Valiño |
| 4º Ed. Primaria | 24 | Tania Miras Puente. |
| 5º Ed. Primaria | 19 | Álvaro Yañez Lorenzo |
| 6º Ed. Primaria | 24 | Sonsoles Estraviz Fernández |

Os diferentes especialistas que conforman a totalidade do profesorado do centro é a seguinte:

- Especialista en Educación Infantil (Apoio): Vanessa Suárez Moreira
- Especialista en Educación Artística: Jorge López Díaz
- Especialista en Educación Física: M^a Dolores Hortas Valeiro.
- Especialista en Lingua Estranxeira: Rosa M^a Suárez Trigo.
- Especialista en Pedagogía Terapéutica: Sofía López Rey.
- Especialista en Audición e Linguaxe: Claudia Pita Vilas compartida co CEIP Canosa-Rus e con base no noso centro).
- Especialista en Audición e Linguaxe: Cristina García Suárez
- Especialista en Pedagogía Terapéutica : Leticia Prieto Martínez
- Departamento de Orientación: Laura García Fernández
- Mestra de Relixión: M^a José Cambón Varela , (compartida co CEIP Bergantiños e con base nese centro).

Persoal non docente:

- Conserxe: David Cancela García, (persoal funcionario do concello).
- Coidadora: Pilar Rey Mariño. (persoal non docente da Xunta)

Persoal do Centro:

No canto ao persoal do centro, este ano está bastante completo; sería de gran axuda contar cun desdoble docente en 6º de primaria, posto que á espera da valoración de discapacidade dunha alumna, estaríamos falando de 28 alumnas (cos NEE), temos unha mestra AL compartida co CEIP Canosa-Rus, así mesmos temos a tempo completo unha mestra PT, e unha AL preferente; unha mestra de relixión católica compartida co CEIP Bergantiños, sendo a súa base esa. Este curso a orientadora está a tempo completo no noso centro posto que exerce tamén a xefatura de estudos.

Para o coidado de unha alumnada NEE, concedeusenos unha coidadora a tempo completo.

1 OBXECTIVOS DE CENTRO

3.1.- Obxectivos xerais:

Os obxectivos xerais do Centro aparecen recollidos no seu Proxecto Educativo (P.E.). Doutra banda o claustro de mestres acordou promover diferentes proxectos educativos presentándose a diferentes convocatorias, co obxecto de fomentar o desenvolvemento de traballos por proxectos, de xeito interdisciplinar, co fin de establecer unha liña de actuación para traballar no futuro.

Cada unha destas iniciativas ten recollidos uns obxectivos específicos e unhas actividades concretas que os desenvolven, que en todos os casos foron aprobados polo claustro de mestres, a CCP e o Consello Escolar. Dada a singularidade de cada un deles adxuntamos os proxectos como anexos:

Xa descritos no índice, algúns pendentes, neste intre, da aprobación da Consellería.

3.2.- Obxectivos específicos:

a) Orientados á atención e á atención á diversidade

Os obxectivos encamiñados á atención da diversidade están especificados na Programación do Departamento de Orientación (ver no punto de plans de actuación)

b) Orientados á normalización lingüística.

Os obxectivos encamiñados á normalización lingüística están recollidos no actual Plan de Dinamización da Lingua Galega, integrado no Proxecto Educativo do Centro. A súa concreción para o presente curso está especificada no Proxecto Lingüístico do Centro segundo o Decreto 124/ 2007 do 28 de xuño (D.O.G. do 29) que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

c.) Orientados a unha ensinanza de calidade e a mellora de competencias do alumnado (éxito escolar), nas competencias lingüísticas , (adquisición do plurilingüismo) e lóxico matemáticas.

1) Estimulación dos distintos tipos de linguaxe, sobre todo oral.

- Formar a linguaxe oral do noso alumnado nos primeiros anos da escolaridade (Educación Infantil e os dous primeiros niveis de Primaria).
- Prever, estimular e intervir no desenvolvemento da linguaxe.
- Ampliar o vocabulario, estimulando tanto a creatividade como a súa capacidade de escoitar e expresarse.
- Ampliar a expresión e comprensión escrita a través de diversos proxectos existentes no colexio.
- Ensinar a lingua de signos ó alumnado de toda Primaria e Infantil.
- Organizar obradoiros gramaticais, para toda Primaria

2) Fomento da lectura, formación de usuarios e educación no acceso á información.

Encadramos neste obxectivo todas as actividades relacionadas coa acción lectora e a Animación á Lectura dentro das distintas programacións, así como co Proxecto de Biblioteca e as TICs:

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura e o desexo de ler.
- Adquirir unha lectura eficaz.
- Cada nivel establecerá as actividades en prol deste obxectivo que considere máis apropiadas.
- Fomentar nos alumnos habilidades documentais.
- Introducir os alumnos nas tecnoloxías da información e da comunicación:e-books e tablets, sobre todo (TICs).

3) Desenvolvemento das capacidades artísticas e a creatividade.

Organizaranse diversos obradoiros e actividades puntuais para que os nosos alumnos empecen a desenvolver a través dun xeito lúdico partindo das capacidades artísticas: a creatividade, soños e imaxinación onde se toma como referencia todas as súas experiencias; apreciando a singularidade, a creatividade e autonomía a hora de realizar as súas obras.

4) Potenciación das TIC

Cada curso ten que continuar utilizando de forma sistemática os medios informáticos cos que conta o Centro, favorecendo actividades que se programen a tal fin, organizando o tempo e os espazos.

Así mesmo, seguiremos coa intención de ter ao día os nosos blogues, as aulas virtuais e a nosa páxina web, así como o repositorio de ferramentas dixitais.

Por outra banda , coa introducción dos Polos Creativos e a adquisición por parte do centro de material para polos (impresora 3D e outros), sumado ao material adxudicado pola consellería, trabállase nun proxecto común, que desenvolve conxuntamente as competencias esixidas para o desenvolvemento integral do alumnado conforme ao currículo que marca a LOMLOE.

5) Desenvolvemento de temas transversais.

Diversas actividades coordinadas pola CCP servirán para o traballo dos contidos transversais (O Magosto, O Día do Peón, Día da paz, Día da Infancia...), así como o traballo por proxectos comúns no centro, mais concretamente o desenvolvido na hora de ler, de luns a venres e nas dúas etapas (infantil e primaria), que se concreta a continuación:

HORARIO Proxecto ADN SOFÁN_ MODELO OUTUBRO

LUNS: EMOCIÓN **MARTES:** INGLÉS **MÉRCORES:** SIGNOS **XOVES:** INGLÉS
VENRES: POLOS CREATIVOS HORAS LECTURA LIBRE: RADIO

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--|--|---|--|--|
| | 1 INGLÉS Infantil 1º ciclo | 2 SIGNOS: Infantil 1º ciclo | 3 INGLÉS: 2º-3º ciclo | 4 POLOS CREATIVOS 1º EP |
| 7 EMOCIONÁMONOS NA BIBLIO 1º Ciclo | 8 INGLÉS Infantil 1º ciclo | 9 SIGNOS: 2º-3º ciclo | 10 INGLÉS: 2º-3º ciclo | 11 POLOS CREATIVOS 2º EP |
| 14 _EMOCIONÁMONOS NA BIBLIO 2º Ciclo | 15 INGLÉS Infantil 1º ciclo | 16 SIGNOS: Infantil 1º ciclo | 17 INGLÉS: 2º-3º ciclo | 18 POLOS 3º EP |
| 21 _EMOCIONÁMONOS NA BIBLIO 3º ciclo_ | 22 INGLÉS Infantil 1º ciclo | 23 SIGNOS: 2º-3º ciclo | 24 INGLÉS: 2º-3º ciclo | 25 POLOS 4º EP |
| 28 _EMOCIONÁMONOS NA BIBLIO Infantil_ | 29 INGLÉS Infantil 1º ciclo | 30 SIGNOS Infantil 1º ciclo | 31 ENSINO | |

En relación á mellora das relacións familia-escola.

O obxectivo fundamental é producir unhas canles de comunicación e relación axeitadas das familias e o centro escolar. A través das reunións dos titores/as cos pais/nais unha vez ao trimestre, as entrevistas particulares de cada un dos pais co titor/a, como mínimo, unha vez ao trimestre, así como o convite dos pais en colaborar en participar nos proxectos de Educación Medioambiental, (a través do noso horto coparticipando coa axuda das familias, en especial dos mais maiores). Traballarase nas celebracións que se fagan durante o curso tales como: O Samaín, O magosto, O Nadal, Entroido, tamén, se aceptan a nosa solicitude, formaremos por primeira vez, o club da lectura de Sofán, que sairá de biblioteca, coa colaboración das familias e da anpa.

4. CONCRECIÓNS E MODIFICACIÓNS ANUAIS DO PE

Durante o curso 20242025, abordaranse e avaliaranse as reformas que se levarán a cabo durante o curso, e así, de xeito progresivo, regular toda a organización do centro; e neste senso quedan recollidos nas programacións de nivel e ciclo de infantil os distintos obxectivos mínimos que o noso alumnado ten que acadar para promocionar. tamén se recollerá nas distintas programacións os criterios de avaliación, que seguen deste xeito:

- PROMOCIONAN:
 - 1 Sempre con todas as áreas aprobadas ou cunha suspensa.
 - 2 Con dúas áreas suspensas sempre que non sexan dúas linguas (galega, castelá), ou cunha lingua e matemáticas.
- NON PROMOCIONAN:
 - 1 Cando non se cumpre o punto dous de PROMOCIONA.
 - 2 Cando haxa **tres** áreas suspensas ou mais.
- OUTROS CRITERIOS A TER EN CONTA CARA Á PROMOCIÓN:

- 1 Criterio do D.O. cara á conveniencia ou non da promoción.
- 2 Análise da situación específica do alumno/a en cuestión (Diagnóstico de NEAE que estimen a non conveniencia da non promoción)
- 3 Deliberación e acordos nas respectivas Xuntas de Avaliación.

En calquera caso non se poderá repetir curso no principio do ciclo, é dicir, solo se poderá repetir en 2º, 4º e 6º curso de primaria.

Do mesmo xeito, as porcentaxes referidas aos criterios de avaliación quedan recollidos deste xeito:

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO | | | | | |
|--|--------------------------|-----|-----|-----|-----|-----|
| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
| Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade | 10% | 20% | 30% | 50% | 70% | 80% |
| Realización do traballo na clase: -Realización axeitada do traballo -Presentación do caderno | 50% | 50% | 40% | 30% | 15% | 10% |
| Valoración de actitudes na aula: -Escoita -Participación -Esforzo | 40% | 30% | 30% | 20% | 15% | 10% |

En canto á materia de Educación Física, estes serían as súas porcentaxes.

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA% | | | | | | INSTRUMENTOS EMPREGADOS |
|--|---------------------------------------|----|----|----|----|----|---|
| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º | |
| Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. | 20 | 20 | 40 | 40 | 60 | 60 | <ul style="list-style-type: none"> - Realización de probas escritas ou orais - Rúbricas en aspectos fundamentais (comprensión, expresión) |
| Realización do traballo na clase: <ul style="list-style-type: none"> - Realización axeitada do traballo - Presentación do caderno - Realización e presentación de fichas | 50 | 50 | 30 | 30 | 20 | 20 | <ul style="list-style-type: none"> - Caderno da clase e apuntes - Fichas - Rexistro de actividades/sesións |
| Valoración de actitudes na aula: <ul style="list-style-type: none"> - Escoita - Participación - Esforzo - Colaboración - Aseo e hixiene persoal | 30 | 30 | 30 | 30 | 20 | 20 | Rexistros variados. (de participación, actitude, atención,...) |

En canto á materia de Música, Inglés e Arts, estes serían as súas porcentaxes.

| MÚSICA | |
|---|-----|
| Contidos traballados ao longo da UD e o trimestre | 50% |
| Traballo na clase (observación directa e fichas) | 20% |
| Actitude na aula (observación directa) | 30% |
| ARTS | |
| Traballo na clase (observación directa e fichas) | 70% |
| Actitude na aula (observación directa) | 30% |

| INGLÉS | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
|--|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Contidos (listening, speaking, reading and writing): | 30% | 30% | 30% | 50% | 70% | 75% |
| Traballo de aula | 50% | 50% | 40% | 30% | 15% | |
| Actitude cara a materia | 20% | 20% | 30% | 20% | 15% | 25% |
| ARTS | | | | | | |
| Contidos (listening, speaking, reading and writing): | | | | | 40% | 40% |
| Traballo de aula | | | | | 40% | 40% |
| Actitude cara a materia | | | | | 20% | 20% |

Acordáronse na reunión da CCP, celebrada o día 3 de setembro de 2024, varias cousas:

Con respecto as accións de mellora derivadas da análise dos resultados das avaliacións no curso precedente, preténdese continuar coas actividades de cálculo e razoamento lóxico matemático para seguir a mellorar a competencia matemática; tamén vaise a continuar con lecturas comprensivas e ditados para mellorar a comprensión e expresión, tanto na escrita como na fala, traballarase coa radio e a prensa dixital como medio e instrumento para mellorar a competencia lingüística.

E analizando polo miúdo as sesións de experimentación, robótica, démonos conta que son actividades de disfrute e lúdicas, nas cales o alumnado aprendeu e asimilou mellor os conceptos, mellorando diversas competencias, entre elas a científica-

tecnolóxica, a emprendedora e autonomía persoal, aínda así, neste curso faremos unha forte aposta polos obradoiros de polos creativos, traballando o pensamento computacional e tamén o cálculo e o pensamento lóxico, no proxecto de centro ADN SOFÁN.

Por outra banda, aprobouse o desenvolvemento, a partir do mes de outubro dun programa de enriquecemento curricular, que se vai chamar ADN SOFÁN, consistente na realización dun programa multidisciplinar, na hora de ler, e que estará composto por actividades de: emocións, polos creativos, actividades en inglés (conversation, listening and reading), lectura, lingua de signos e radio), cadro anexado anteriormente.

Tamén se acorda, en relación a todo o exposto, e logo de avaliar todas estas variantes, chégase ao acordo de solicitar un ano mais os Programas de éxito educativo de axuda e consolidación das distintas competencias educativas, así como cinco programa do Proxecta que desenvolven temáticas dentro do proxecto de enriquecemento curricular.

Con respecto a lingua de docencia, e tendo en conta a lexislación vixente queda como segue no cadro:

| | Primero | | Segundo | | Terceiro | | Cuarto | | Quinto | | Sexto | |
|-------------------|---------|-----|---------|-----|----------|-----|--------|-----|--------|-----|-------|-----|
| Lingua castelá | 4 c | | 4 c | | 4 c | | 4 c | | 4 c | | 4 c | |
| Lingua galega | | 4 g | | 4 g | | 4g | | 4 g | | 4 g | | 4 g |
| Matemáticas | 5 c | | 5 c | | 4 c | | 4 c | | 4 c | | 4 c | |
| C. Sociais | | 2g | | 2g | | 2 g | | 2 g | | 2 g | | 2 g |
| Ciencias Naturais | | 3 g | | 2 g | | 3 g | | 2 g | | 3 g | | 2 g |

| | | | | | | | | | | | | |
|----------------------|----------|--------|----------|-------|----------|--------|----------|-------|----------|--------|----------|--------|
| Lingua Estranxeira | 2 inglés | | 2 inglés | | 3 inglés | | 3 inglés | | 3 inglés | | 3 inglés | |
| E. Plástica e Visual | | 1 ing. | | 1 ing | | 1 ing. | | 1 ing | | 1 ing. | | 1 ing. |
| Música/ Danza | | 1 g | | 1 g | | 1 g | | 1 g | | 1 g | | 1 g |
| Educación Física | 2 c | | 2 c | | 2 c | | 2 c | | 2 c | | 2 c | |
| Relixión / PC | | 1 g | | 2 g | | 1 g | | 1g | | 1 g | | 1 g |
| EVCE | | | | | | | | | | | | 1 c |
| Total | 11 c | 11 g | 11 c | 11 g | 10 c | 11 g | 10 c | 11 g | 10 c | 11 g | 10 c | 11 g |
| Total horas | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | |

Lendas: C = castelá. G = galego

A dirección, ou no seu defecto, outro membro do equipo directivo no seu horario lectivo, que vai circunscrito ao horario do centro educativo, que abrangue dende 14:50 ata as 16:00, na que os responsables serán os monitores contratados pola concesionaria do comedor, e no horario de conserxería e limpeza, farase cargo o responsable dese área.

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.

A implantación da LOMLOE no noso centro educativo plantexa a necesidade de dar resposta a toda a diversidade do alumnado desde os principios de: normalización, compensación, igualdade, equidade, integración e inclusión.

Por iso, a detección do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo realizarase o máis cedo que sexa posible coa finalidade de previr desaxustes nas súas aprendizaxes e adoptar, canto antes, as medidas educativas axeitadas.

Alén diso, a atención dos alumnos/as con NEAE levarase a cabo en coordinación cos Equipos Docentes do Centro, coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e co Departamento de Orientación. Ademais, manterase relación ao longo do curso coas familias, tratando todos aqueles aspectos que afecten directamente aos alumnos/as con NEAE.

As medidas educativas que se prevén no centro para atender ao alumnado con NEAE e, polo tanto, a toda a súa diversidade durante o curso 2024-25, consensúanse no Departamento de Orientación, que realizará o seu seguimento así como a súa avaliación. A intervención educativa deseñarase en función do tipo de necesidades que presenten os alumnos/as e das necesidades de realizar medidas de carácter ordinario.

DISTRIBUCIÓN DA ATENCIÓN DE ESPECIALISTAS DO Dpto. Orientación:

CRISTINA AL PREFERENTE:

SESIÓNS EN TOTAL CON ALUMNA: 10 SEMANAIS

ALUMNA (2º) 3 SESIÓNS/SEMANAIS

ALUMNO (3º) 5 SESIÓNS SEMANAIS

ALUMNO (2º): 4 SESIÓNS SEMANAIS

CLAUDIA AL COMPARTIDA:

13 SESIÓNS- 1 ITINERANCIA= 13 sesións

ALUMNO (6º): 3 sesións.

ALUMNO (6º): 5 sesións

ALUMNA(4º): 1 sesión

ALUMNO (5º): 1 sesión

ALUMNO (6º): 3 sesións

PT1: SOFÍA: 23 HORAS -1 DE COORDINACIÓN DE BENESTAR

ALUMNO (2º): 5 HORAS

ALUMNA (6ºEI): 4 HORAS

ALUMNA (6º): 5 HORAS

ALUMNO (3º): 5 SESIÓNS 2 SESIÓNS SALIRÁ CON OUTRO ALUMNO DA CLASE
APOIO EN 3º : 2 SESIÓNS
ACTIVIDADE DE BENESTAR 1 SESIÓN SEMANAL (4º HORA PREFERIBLEMENTE PARA
APROVEITAR HORA DE LER)

PT 2, LETICIA:

2º EP: 3 ALUMNOS: 3 SESIÓNS/SEMANAIS

4º EP: 3 ALUMNOS: 3 SESIÓNS SEMANAIS

4º EP: 4 ALUMNOS: 2 SESIÓNS SEMANAIS

5º EP: 2 ALUMNOS: 5 SESIÓNS SEMANAIS (2 CON PAULA)

6º EP: 3 ALUMNOS : 4 SESIÓNS

- 1 ALUMNO: 4 SESIÓNS

- 2 ALUMNOS: 2 SESIÓNS EN AULA E VALORAR SAÍR.

ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO

6.1.- Órganos de goberno e participación.

A) Equipo directivo.

A dirección do centro foi nomeada polo Xefe Territorial de Educación, con data 1 de xullo e 2024, ata o remate do seu proxecto, pasados catro anos, en 2028.

O equipo directivo do centro está composto por:

- Directora: M.^a Dolores Hortas Valeiro
- Xefa de estudos: Laura García Fernández
- Secretaria: M.^a del Carmen Ríos Suárez

Neste curso académico o equipo directivo terá o seguinte horario para o desenvolvemento das súas funcións:

Dirección: terá un horario de 7 sesións, compaxinando coa súa especialidade: educación física.

Xefatura de Estudos: 6 horas, compaxinando coa xefatura do Dpto. Orientación.

Secretaría: 5 sesións, compaxinando coa súa titoría en educación infantil.

B) Consello escolar.

O Consello escolar está composto polos seguintes membros, a expensas do que suceda na renovación parcial neste curso 24/25:

| | |
|--------------------------------|--|
| Presidenta: | M. ^a Dolores Hortas Valeiro |
| Xefa de estudos: | Laura García Fernández |
| Secretaria: | M ^a del Carmen Ríos Suárez |
| Representantes do profesorado: | Rosa M ^a Suárez Trigo Sofía López Rey Noelia Vazquez Seoane Vanessa Suárez Moreira Sabela Serrano Lorenzo |
| Representantes dos pais: | José Antonio España Faqué |
| Representante da ANPA: | Hortensia Añón Docampo |
| Representante PAS: | David Cancela García |
| Representante do Concello: | Luis María Lamas Álvarez |

O Consello Escolar reunirse unha vez por trimestre, e sempre que se considere necesario.

As vacantes producidas nos representantes de cada colectivo cubriranse na renovación parcial do Consello que se levará a cabo nas datas previstas pola Consellería de Educación, na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024.

C) Claustro de profesores/as

A adscrición do profesorado realizouse, de acordo coa Orde do 22 de xullo de 1997, en sesión de claustro do día 3 de setembro de 2024.

Reunirase, como mínimo, unha vez por trimestre, e sempre que se considere necesario.

O claustro deste centro está composto polos seguintes mestres/as:

- M.^a Dolores Hortas Valeiro (mestra especialista en Educación Física, e directora)
- Laura García Fernández (Xefa de DO e xefa de estudos)
- M.^a del Carmen Ríos Suárez (mestra de EI e secretaria)
- Sabela Serrano Lorenzo (mestra de EI)
- Vanessa Suárez Moreira (mestra de apoio EI)
- Marta Aldao Placer (mestra de EI)
- Catalina Cancela García (mestra de EP)
- Noelia Vázquez Seoane (mestra de EP)
- Olga García Valiño (mestre de EP)
- Tania Miras Puente (mestra de EP)
- Álvaro Yáñez Lorenzo (mestre de EP)
- Sonsoles Estravíz Fernández (mestra de EP)
- Rosa M^a Suárez Trigo (mestra especialista en Lingua Estranxeira-Inglés)
- Jorge López Díaz (mestre especialista en Educación Musical)
- Sofía López Rey (mestra especialista en PT)
- Claudia Pita Vilas (mestra especialista en Audición e Linguaxe)
- Leticia Prieto Martínez (mestra especialista en PT)
- Cristina García Suárez (mestra especialista en Audición e Linguaxe)

6.2.- Órganos académicos de coordinación docente.

a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

As súas funcións e composición aparecen reguladas de xeito oficial, e as súas reunións serán mensuais.

Os membros que a compoñen son:

| | |
|-------------------------------|--|
| A directora: | M. ^a Dolores Hortas Valeiro |
| Xefa de estudos: | Laura García Fernández |
| Secretaría: | M. ^a del Carmen Ríos Suárez |
| A coordinadora de ciclo: | Vanessa Suárez Moreira (EI) |
| Coordinadores ciclos E. P. | Sonsoles Estravíz Fernández Catalina Cancela García Tania Miras Puente |
| Representante da S. Bilingüe: | Rosa M ^a Suárez Trigo |
| O Dpto Orientación: | Laura García Fernández (Xefa) Sofía López Rey (PT) Claudia Pita Vilas (AL) Leticia Prieto Martínez (PT) Cristina García Suárez(AL) |
| Coordinadora do EDLG: | Tania Mirás Puente |
| Actuará como Secretario: | Álvaro Yáñez Lorenzo |

b) Equipo de Ciclo.

Educación Infantil: Vanessa Suárez Moreira (Coordinación)

Marta Aldao Placer

M^a del Carmen Ríos Suárez

Vanessa Suárez Moreira

Sabela Serrano Lorenzo

Cristina García Suárez

1º Ciclo Primaria Catalina Cancela García(Coordinación)

Noelia Vázquez Seoane7

Jorge López Díaz

2º Ciclo Primaria Tania Miras Puente (Coordinación)

Olga García Valiño

Leticia Prieto Martínez

Sofía López Rey

3º Ciclo Primaria Sonsoles Estraviz Fernández (Coordinación)

M.^a Dolores Hortas Valeiro

Rosa M^a Suárez Trigo

Claudia Pita Vilas

c) Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

Composto polos seguintes membros:

Tania Mirás Puente (Coordinación)

Sonsoles Estraviz Fernández

Sabela Serrano Lorenzo

Noelia Vázquez Seoane

Leticia Prieto Martínez

d) Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Composto polos seguintes membros:

Catalina Cancela García (coordinadora)

M^a del Carmen Ríos Suárez

Sofía López Rey

Claudia Pita Vilas

Olga García Valiño

M^a Dolores Hortas Valeiro

e) Departamento de Orientación.

A Xefa do departamento de Orientación: Laura García Fernández

Os seus membros son:

| | |
|--------------------|--|
| Mestras de PT: | Sofía López Rey Leticia Prieto Martínez |
| Mestras de AL: | Cristina García Suárez Claudia Pita Vilas |
| Coodinadora de EI: | Vanessa Suárez Moreira |

Coordinadores de EP: Catalina Cancela García (1º ciclo)
Tania Mirás Puente (2º ciclo)
Sonsoles Estravíz Fernández (3º ciclo)

Xefa de estudos e orientación: Laura García Fernández

As reunións serán:

- Semanais: para todos os membros do departamento (luns de 17:00-18:00h).

As actividades propostas por este Departamento estarán organizadas e coordinadas pola CCP.

f) Equipo de dinamización da Biblioteca.

Composto polos seguintes integrantes:

Vanessa Suárez Moreira (coordinadora)
Sabela Serrano Lorenzo
Catalina Cancela García
Rosa Mª Suárez Trigo
Tania Mirás Puente

g) Equipo de dinamización das TICs

Integrado polos seguintes mestres/as:

Marta Aldao Placer (coordinadora)
Mª Dolores Hortas Valeiro
Álvaro Yáñez Lorenzo
Laura García Fernández
Jorge López Díaz
Cristina García Suárez

h) Equipo dinamizador da convivencia escolar

Integrado polos seguintes mestres/as:

Sofía López Rey (coordinadora)

Laura García Fernández (orientadora)

Vanessa Suárez Moreira (Coordinadora E.I)

Equipo Directivo

Dpto. Orientación

Coordinadores de ciclo

1 PLANS DE ACTUACIÓNS

O Centro, así como o traballo do profesorado, organizarase polos dictames que conlevan a lei educativa según o disposto na LOMLOE, cunha coordinación constante entre os distintos niveis e etapas, así como tamén a nivel de centro nos proxectos interdisciplinares.

7.1.- Equipo Directivo

Máis aló da labor administrativa, de organización, de coordinación e dinamización das actividades programadas para este curso, o equipo directivo atenderá:

- A implantación da LOMLOE no Centro e a elaboración dos diferentes proxectos que emanan da mesma.
- A posta en práctica dos distintos plans a desenvolver polos equipos docentes, Plan de convivencia do Centro, do Plan de dinamización das TIC, do Proxecto Lector (ADN Sofán) e o Plan de Dinamización da Lingua Galega.
- A participación no Plan de Melloras de Bibliotecas.
- A xestión do programa Abalar e Edixgal do centro.
- A xestión integral do Centro, procurando proxectar a imaxen do noso traballo e de toda a comunidade educativa

- A colaboración coas actividades formativas a desenvolver no centro e a inclusión doutra novas que potencien os recursos tanto humanos como materiais ao noso alcance.
- A avaliación, en colaboración co Claustro, dos proxectos e acordos vixentes no noso Centro para a súa renovación ou modificación.
- A coordinación cos Centros de Infantil e Primaria do Concello de Carballo, acordando para tal fin unha reunión mensual entre os directores dos mesmos.
- A realización das xestións oportunas, coa colaboración da ANPA, ante o Concello e a Consellería, para solicitar reformas ou melloras das instalacións e servizos do Centro.

7.2.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O traballo específico para este curso será:

- Coordinar e contribuir ao desenvolvemento da LOMLOE no centro, en canto ao currículo, competencias e criterios de avaliación no centro.
- Diseñar e coordinar as propostas de traballo relacionadas cos deberes e dereitos do alumnado.
- Coordinar as diferentes actividades e proxectos coas entidades colaboradoras da contorna e aquelas outras que poidan ir xurdindo.
- Coordinar a revisión dos Proxectos TICs, Lector e Lingüístico do Centro.
- Organizar as propostas da presente Programación e coordinar a realización das actividades organizadas polo Departamento de Orientación.

7.3.- Equipo de Ciclo

O seu plan de traballo implicará:

- Levar a cabo as programacións e os seguimentos que se desenvolverán ao longo do curso.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elaborar materiais e tecnoloxía propias axustadas ao ciclo.
- Concretar nos respectivos niveis a realización de actividades aprobadas polo claustro, saídas, actividade lectiva.
- Colaborar nas actividades que se programen relacionadas coas seguintes celebracións: Samaín, Día do Peón, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Día do Medio Ambiente, fin de curso, ...
- Aplicar medidas de Atención á diversidade para os alumnos/as que o precisen.
- Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.
- Determinar as pautas xerais e procedementos de avaliación que faciliten a coherencia interna do ciclo.

7.4.- Departamento de Orientación.

É un servizo educativo interno encargado de garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía permanente de asesoramento ao profesorado e ás familias.

A praza da xefa do departamento de orientación, este ano por primeira vez, é unha praza con adicación completa en Sofán, xa que tamén exerce de xefa de estudos.

A implantación LOMLOE implicou cambios curriculares pero tamén no ámbito da organización e coordinación docente. A nova inclusión dos ciclo como estrutura de coordinación docente na etapa de primaria supuxo a volta da figura do coordinador. Polo tanto O Ceip Plurilingüe Gándara-Sofán estará formado, para o presente curso 2024-2025, polos seguintes membros:

- As coordinadores de ciclo,
- Os membros do DO: a orientadora , as mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e as mestras especialistas en Audición e Linguaxe.

**O Plan de Orientación Anual (PAADO) está anexado a esta PXA
(VER ANEXO)**

**ESTRATEGIAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS PARA A ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE E AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO
EDUCATIVO.**

***A concreción do Plan Xeral de Atención a Diversidade está anexado a esta PXAD
(VER ANEXO)***

Tanto a Programación do Departamento como o Plan de Atención a diversidade veñen achegados no ANEXO VII

7.5.- Período de adaptación do alumnado de educación Infantil que se incorpora por primeira vez ao sistema educativo.

HORARIO DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN PARA 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)

MES DE SETEMBRO DO CURSO 2024 – 2025

| MÉRCORES 11 | XOVES 12 | VENRES 13 | LUNS 16 | MARTES 17 |
|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|------------------------|
| 10:00 – 12:00 GRUPO 1 | 10:00 – 12:00 GRUPO 1 | 10:00 – 12:00 GRUPO 1 | 10:00 – 12:00 GRUPO 1 | 10:00 – 13:00 TODOS |
| 12:00 – 14:00 GRUPO 2 | 12:00 – 14:00 GRUPO 2 | 12:00 – 14:00 GRUPO 2 | 12:00 – 14:00 GRUPO 2 | |

GRUPO 1: Cinco alumnos-alumnas

GRUPO 2: Catro alumnos-alumnas

Os centros educativos panificamos un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición dende a familia ou dende a escola infantil do primeiro ciclo á nova situación de ensino - aprendizaxe.

A organización deste período garantirá a **integración gradual** do alumnado de nova incorporación dende o inicio das actividades lectivas.

Atendendo á [ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25](#), o período de adaptación non se prolongará máis aló do 17 de setembro.

É importante que durante estes días **as despedidas cos nenos/as sexan curtas**. É moi normal que choren, polo que non debemos alarmarnos. Dende as familias transmitiredes unha **actitude positiva e de tranquilidade** polo feito de empezar na escola, que a vexan como un lugar agradable onde van coñecer novos amigos e aprender moitas cousas.

Durante o período de adaptación os nenos/as **xa poden traer**:

- ✓ O mandilón (cos botóns por diante).
- ✓ A mochila coa merenda e auga (se non a comen será porque non ise introduce aínda esa rutina).
- ✓ Unha viseira para o sol.
- ✓ Unha muda por se hai que cambialo de roupa.

8.XORNADA ESCOLAR, QUENDAS E HORARIOS.

ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Á espera de que sexan aprobados polo servizo provincial de inspección educativa, o centro acordou, solicitar como días non lectivos segundo o artigo 45 do R.D. 2001/1983 do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989 do 8 de novembro (BOE do 7 de novembro), o 4 de novembro de 2024 e o 2 de maio de 2025.

A xornada escolar do noso centro é a que segue:

| | |
|----------|---------------|
| 1ªSESIÓN | 09.50 a 10.40 |
|----------|---------------|

| | |
|-----------|---------------|
| 2ªSESIÓN | 10.40 a 11.30 |
| 3ªSESIÓN | 11:30-12:20 |
| Recreo | 12:20-12:50 |
| Proxectos | 12:50-13:20 |
| 4ªSESIÓN | 13.20 a 14.05 |
| 5ª SESIÓN | 14:00 a 14:50 |

As quendas de patio están organizadas deste xeito:

Recreos de Infantil

Na zona do parque infantil, separados do alumnado de primaria.

Recreos de Primaria.

O alumnado de Primaria estarán repartidos por toda a parte exterior do centro, agás a zona de infantil.

Os recreos nos días de choiva será con todo o alumnado no pavillón deportivo do centro, tendo os de Educación Infantil reservado una zona para eles.

As función básicas das quendas de garda nos recreos (Recollidas no Plan de Convivencia) serán as seguintes:

- ✓ Vixiar e evitar o lanzamento de pedras e outros obxectos.
- ✓ Parque infantil é de uso para o alumnado de E.I.
- ✓ Atender as demandas axeitadas dos alumnos.
- ✓ Evitar agresións, malos modais e xogos non adecuados.
- ✓ Velar pola limpeza do patio e o recinto escolar.
- ✓ Atender ós feridos e lesionados.
- ✓ Controlar a saída dos alumnos fóra do recinto escolar e a entrada de persoas alleas ó centro escolar.

Funcións básicas das quendas de transporte a entrada e saída do centro:

- ✓ Supervisar as entradas colocándose dous mestres no pavillón deportivo na colocación de filas de infantil e primaria, un mestre na zona de entrada do alumnado non transportado, preferente un membro do equipo directivo e outro mestre na entrada do alumnado transportado.
- ✓ Os alumnos/as do 2º ciclo da EI serán acompañados á porta do recinto escolar polo seu titor/ora e os alumnos/as de Primaria serán acompañados polo seu/súa titor/a ata a porta do edificio, o no caso de faltar este polo profesor/a que o substitúa.
- ✓ O alumnado de EI sairá sempre 10 min. antes para que as acompañantes do transporte, os de 1º e 2º , 5 minutos antes e o resto a hora de saída .

Horarios por niveis:

Con respecto aos horarios dos diferentes niveis educativos do centro (achegados ao final nun anexo), os criterios seguidos para a elaboración dos mesmos no presente curso académico foron os seguintes:

- ✓ Conseguir o maior equilibrio posible en canto a gardas para que todo o profesorado teña un horario mais ou menos parello.
 - ✓ No horario tamén se recollen as cinco horas complementarias fixas, das que a de reunión de coordinación (luns de 17:00 a 18:00, xa que de 18:00 a 19:00 é a hora de libranza pola garda de transporte) e atención a pais (luns de 16:00 a 17:00h), así como as respectivas gardas de extraescolares e as dúas horas de liberación por profesorado, de xeito que sumen 23 horas lectivas. (*Instrucción 6/2024 da DXCRH sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria*).
- (Ver Anexo)
- ✓ Así mesmo, están tamén as horas complementarias non fixas e de cómputo mensual que se cubrirán con avaliacións, reunión de claustro e consello, e actividades formativas do profesorado.

9.PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O profesorado participará de forma individual en cantos cursos e xornadas estean interesados. Así mesmo este ano solicitarase, coma nos outros anos, o Plan de Formación Permanente de Centro PFPP, con tres liñas: polos creativos, onde conviven plan dixital, edixgal e polos creativos, liña inclusiva, lingua de signos e proxecto ADN SOFÁN na cal está inscrito a maior parte do claustro; e por último unha liña dirixida cara a acadar o éxito escolar do noso alumnado, que neste primeiro curso irá adicada ao desenvolvemento e traballo na competencia matemática, traballo con microbit e iniciación ao pensamento computacional.

Ademais, o centro continúa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, este curso o noso tema central será CONTOS QUE EMOCIONAN. Na participación da mellora da calidade no ensino atenderase a distintos proxectos a executar no centro (ecopandillas, equipo de mediadores, radio escolar, linguaxe de signos, nutriescolas, horto escolar, erasmus+...).

Tamén implantaremos un clube de lectura e a biblioteca creativa (ambas solicitadas) para o traballo de desenvolvemento da competencia matemática, á expensas da aceptación da nosa solicitude por parte da Cconsellería.

10.LIBROS DE TEXTO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CEIP

ED. INFANTIL

| Curso | Materia | Título | Equipo/Proxecto | Editorial | ISBN |
|--------------------|---------|---|----------------------------------|----------------------------|-------------------|
| 4º ED. INFANTIL | INGLÉS | ARCHIE'S WORLD STARTER PACK Play and Learn | Emily Hird | OXFORD UNIVERSITY PRESS | 978-0-19-408826-8 |
| 5º ED. INFANTIL | INGLÉS | ARCHIE'S WORLD STARTER PACK Play and Learn | Jen Dobson | OXFORD UNIVERSITY PRESS | 978-0-19-408829-9 |
| 6º ED. INFANTIL | INGLÉS | ARCHIE'S WORLD STARTER PACK Play and Learn | Hawys Morgan and Cheryl Palin | OXFORD UNIVERSITY PRESS | 978-0-19-408827-5 |

1º/ 2º E.PRIMARIA

| Curso | Materia | Título | Equipo/Proxecto | Editorial | ISBN |
|--------------------|---------------|-------------------------|--|-------------------------|-------------------|
| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|------|---------------------------|---------------------------|--------------------------|------------------------|
| | <u>4. MARTA</u> | <u>5- NOELIA</u> | <u>6. SOFÍA</u> | <u>7. CATI</u> |
| | <u>11. ÁLVARO</u> | <u>12. CLAUDIA</u> | <u>13.VANESSA</u> | <u>14. OLGA</u> |
| | <u>18.SONSOLES</u> | <u>19. LETICIA</u> | <u>20.ROSIE</u> | <u>21.LAURA</u> |
| | <u>25. LOLI</u> | <u>26. MAICA</u> | <u>27.TANIA</u> | <u>28.CRIS</u> |



MARZO

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-------------|--------------------|-------------|-------------|-------------------|
| 3. ENTROIDO | 4. | 5- | 6. SABELA | 7. <u>JORGE</u> |
| | 11. <u>MARTA</u> | 12. CLAUDIA | 13. CATI | 14. <u>NOELIA</u> |
| | 18. SONSOLES | 19. ÁLVARO | 20. SOFÍA | 21. <u>LAURA</u> |
| | 25. <u>VANESSA</u> | 26. OLGA | 27. LETICIA | 28. <u>ROSIE</u> |
| | | | | |



ABRIL

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|------------------|--------------------|-------------|-----------|----------------|
| | 1- <u>LOLI</u> | 2-MAICA | 3.TANIA | 4. <u>CRIS</u> |
| | 8. SABELA | 9. JORGE | 10.NOELIA | 11. MARTA |
| 14. SEMANA SANTA | 15 | | | |
| LUNS DE PASCOA | 22. <u>ÁLVARO</u> | 23. CLAUDIA | 24.SOFÍA | 25. CATI |
| | 29. <u>VANESSA</u> | 30.SONSOLES | | |



MAIO

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|------|---------------------------|----------------------------|---------------------------|-------------------------|
| | <u>6- OLGA</u> | <u>7- ROSIE</u> | <u>8. LETICIA:</u> | <u>9. LAURA</u> |
| | <u>13.TANIA</u> | <u>14.CRIS</u> | <u>15.LOLI</u> | <u>16. MAICA</u> |
| | <u>20. CLAUDIA</u> | <u>21. ÁLVARO</u> | <u>22. CATI</u> | <u>23. SOFÍA</u> |
| | <u>27. VANESSA</u> | <u>28. SONSOLES</u> | <u>29.OLGA</u> | <u>30. LAURA</u> |

XUÑO

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------------------------|-------------------|-------------|--------------------|---------------------------|
| 2 | 3- <u>INGLÉS</u> | 4- SIGNOS: | 5. <u>INGLÉS:</u> | 6. <u>POLOS</u> |
| 9. EMOCIONÁM ONOS NA BIBLIO | 10. <u>INGLÉS</u> | 11. SIGNOS: | 12. <u>INGLÉS:</u> | 13. <u>POLOS</u> |
| 16. _ EMOCIONÁMO NOS NA BIBLIO | 17. <u>INGLÉS</u> | 18. SIGNOS: | 19. <u>INGLÉS:</u> | 20. <u>POLOS</u> 3º EP |
| 23. _ EMOCIONÁMO NOS NA BIBLIO | 24. <u>INGLÉS</u> | 25. SIGNOS: | 26. <u>INGLÉS:</u> | 27. <u>POLOS</u> 4º EP |

ANEXO IV Itinerarios das liñas de autobús

| RUTA | PARADA |
|---|--------------------|
| UTE FEIRA DE BERDILLO-CAMPO DE BOLÓN 2 | CEIP GÁNDARA-SOFÁN |
| | CAMPOS DE BOLÓN 2 |
| | PONTE NOVA |
| | VILARDEFrancOS |
| | AS PALLAS |
| | ALMACÉN |
| | BARRAL |
| | FEIRA DE BERDILLO |

| RUTA | PARADA |
|---------------------------------|--------------------|
| UTE TROÍÁNS DO MEDIO-GUNTIÁN | CEIP GÁNDARA-SOFÁN |
| | GUNTIÁN |
| | PARADELA |
| | COBAS DE ARRIBA 1 |
| | COBAS DE ARRIBA 2 |
| | FREIXAL |
| | PREARADA |
| | BOUZAS |
| | GUITOIS |
| | TROÍÁNS DE ABAIXO |

| RUTA | PARADA |
|------|--------------------|
| | CEIP GÁNDARA-SOFÁN |
| | BOLÓN |
| | LAGARTEIRA 1 |
| | SOFÁNDONIGO 1 |
| | SOFÁNDONIGO 2 |

| | |
|---------------------|------------|
| UTE PIÑA-OUTEIRO | PLAZA |
| | PERISCAL |
| | CARRACHA 1 |
| | CARRACHA 2 |
| | SINANDE |
| | CANELAS |
| | EVAS |
| | A PIÑA |

| RUTA | PARADA |
|--|----------------------|
| UTE MOBILIDADE CADAVEIRA- CAMPOS DE BOLÓN | CEIP GÁNDARA-SOFÁN |
| | CAMPOS DE BOLÓN |
| | HERMIDA |
| | VIOÑO |
| | PARADELA 1 |
| | CASAS NOVAS |
| | TARAMBOLLO |
| | CALVELO DE ARRIBA |
| | ALVEIRO |
| | PEDREIRA |
| | AGRAS DA PEDREIRA |
| | RIO |
| | ALDEAMUNDE DE ARRIBA |
| ALDEAMUNDE ALTO | |

| RUTA | PARADA |
|------|--------------------|
| | CEIP GÁNDARA-SOFÁN |
| | O FORNO- ARTES |
| | CRUCE DE BERDILLO |
| | GANDUMA |



CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN

A Gándara, s/n - 15108 CARBALLO (A Coruña)

Tfn.: 881 880 427 Fax: 881 880 428r

Correo-e: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan_


| | |
|--|-----------------------------|
| UTE REGUEIRA DE ARRIBA- BERDILLO-O FORNO-ARTES | O ASEÑADO-PIÑEIRO |
| | VILARNOVO |
| | IGREXA DE BERDILLO |
| | MOUCHO 1 |
| | MOUCHO 2 |
| | PARAÍSO |
| | AÑÓN |
| | A REDONDA-BERDILLO |
| | O ALTO |
| | REGUEIRA DE ARRIBA-BERDILLO |



Anexo V.- Proxecto Lingüístico do Centro

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA-SOFÁN



Tendo en conta as **liñas prioritarias de actuación** e os **obxectivos para acadar no alumnado o plurilingüismo** (nas tres linguas de uso no centro), que se recollen no **Proxecto Lingüístico do Centro**, propóñense para este curso 2024/25, diferentes actividades vinculados ao proxecto de centro.

Liñas prioritarias de actuación

- Favorecerase, na medida do posible, o emprego das tres linguas do centro, nas diferentes celebracións e actividades escolares.
- Para o rotulado interior das dependencias do centro serán empregadas as tres linguas do centro.
- Promover a formación permanente do profesorado nas tres linguas.
- Favorecer actividades de intercambio cultural con alumnado e profesorado doutros centros educativos (de diferentes rexións, provincias e países) así como compartir o proxecto do centro coas auxiliares de conversa.

Obxectivos do PLC para o fomento da lingua galega e o plurilingüismo

- Mellorar a competencia oral e escrita do alumnado nas tres linguas de uso no centro.
- Desenvolver nas tres linguas a expresión oral vinculada a proxectos e actividades.
- Fomentar o uso da lingua castelá e inglesa nos fogares.
- Intentar acadar que o alumnado chegue a comunicarse en galego e en castelán en igualdade.
- Seguir potenciando o uso do galego normativo en todos os ámbitos.
- Incrementar, na medida do posible, o rexistro bibliográfico nas tres linguas.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo nos tres idiomas.



Actividades propostas para o actual curso 2023-2024

- Desenvolver nas diferentes festividades do centro, obras de teatro, murais, contacontos, lectura de poemas, refráns... nos tres idiomas (galego – castelán – inglés).
- Interpretar nas clases de Educación Musical, cancións, refráns, cantigas... nos tres idiomas de uso no centro (galego - castelán- inglés) e tamén en diferentes linguas doutros países. Así mesmo, estudaranse distintas músicas do mundo: instrumentos, bailes, compositores, músicos, grupos musicais... para así achegarnos a outras culturas.
- Realizar rótulos no diferente mobiliario das aulas e estancias do centro nos tres idiomas, para así ampliar o vocabulario do noso alumnado, e evitar, na medida do posible, a diglosia (galego-castelán) presente neles.
- Traballar o vocabulario específico das diferentes áreas nos tres idiomas (galego - castelán - inglés): nome dos diferentes instrumentos, conceptos de linguaxe musical, deportes, elementos deportivos... Sempre de maneira graduada dependendo do nivel co que se estea a traballar.
- Busca de información en relación ás diferentes áreas favorecendo o idioma galego (enciclopedias en galego, libros de consulta en galego, páxinas web en galego, vídeos específicos en galego...) xa que como aparece reflectido no noso Proxecto Lingüístico, soe ser o castelán a única lingua empregada nestes casos e consideramos importante favorecer, neste caso, o idioma galego.
- Mercaranse máis exemplares de obras na lingua inglesa/galega para a biblioteca pdo centro.
- Traer ao centro actividades, .con autores, productoras ou axentes externos que contén, falen e se expresen nas tres linguas e tamén na lingua se signos, que traballamos no centro, xa hai cursos.



Anexo VI.- Plan de Potenciación da Lingua Galega

**PLAN
DE
POTENCIACIÓN
DA
LINGUA GALEGA**

**CURSO 2024/2025
CEIP GÁNDARA SOFÁN**

O plan de traballo para a potenciación do uso do galego para o presente curso escolar 2024/2025 abrangue diferentes aspectos, partindo sempre da necesidade de acadar os **obxectivos** seguintes:

Obxectivos para a potenciación da lingua galega

- Aportar aspectos tradicionais do entorno sociocultural no que se atopa inmerso o centro.
- Fomentar o uso do galego entre todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar, de forma coordinada, todos os membros do claustro para fomentar o uso do galego en todas as contornas.
- Concienciar ao alumnado do uso da súa lingua materna (galego) como medio de expresión e comunicación indispensable en calquera situación ou ámbito.
- Coñecer e valorar a nosa cultura a través da comunicación con outros centros.
- Participar activamente nas actividades propostas para o fomento do uso do idioma e contribuír á desaparición de prexuízos lingüísticos.
- Favorecer o uso e o coñecemento do galego en todos os ámbitos da vida cotiá, tanto no ámbito normativo coma nas variantes dialectais, implicando tanto ao alumnado, profesorado, así como, á comunidade educativa.
- Empregar activamente as TICs como espallamento do galego e como vehículo de divulgación e participación de toda a Comunidade Educativa.
- Promover e potenciar o coñecemento da cultura, tradicións... da contorna por parte da comunidade educativa e das entidades próximas.
- Facer visible mediante carteis, murais... o uso do galego na vida do centro e favorecer o uso do galego nos documentos e actividades do centro.

Dende o centro potenciarase o traballo cooperativo entre os distintos niveis, ciclos e membros da comunidade educativa (familias, entidades colaboradoras, concello, ANPA...).

Ademais, manteranse os niveis acadados nos cursos anteriores, tanto nos aspectos visuais (nome do centro, rótulos exteriores, dependencias...) coma en todo o relacionado coa administración e xestión do centro (actas, inventarios, información ás familias...).

Así mesmo, durante este curso escolar continuaremos traballando en distintos proxectos intimamente relacionados ca potenciación da lingua galega, coma a participación en programas do Plan Proxecta.

Actividades propostas para o curso 2024/2025:

Entendendo a potenciación da lingua galega coma unha labor de todos/as e para todos/as, as actividades propostas parten do principio de colaboración e coordinación de todos os integrantes do proceso educativo. Así, as distintas propostas parten do consenso e implicación de todos os equipos dinamizadores do centro (EDLG, Equipo de Biblioteca, TICs, EACE, etc.) e buscando sempre a participación de todos os membros da comunidade escolar.

Coma principais actividades propóñense as seguintes:

1.- FOMENTO DO GALEGO NO PROXECTO LECTOR e no Plan Anual de Lectura; así coma no PROXECTO LINGÜÍSTICO e na súa addenda anual.

A través do proxecto lector fomentarase a lectura de distintos textos literarios en lingua galega. Realizarase tamén lecturas continuadas de obras de distintos autores galegos tendo en conta os itinerarios de lectura establecidos para cada nivel ou ciclo no Plan anual de Lectura.

Fomentarase a lectura de todo tipo de textos en galego (contos, novela, cómics, prensa, poesía...) e, sempre que se poida e co fin de incorporar o uso das novas tecnoloxías dende a escola, en formatos dixitais. Deste xeito empregaremos internet

como medio para coñecer as noticias diarias ao mesmo tempo que fomentamos a lectura e o uso das novas tecnoloxías.

E para fomentar o Proxecto Lingüístico promoverase o uso do galego normativo en todos os ámbitos da vida diaria dos nenos e nenas e das súas familias.

2.- PARTICIPACIÓN EN DIVERSOS PROGRAMAS/PROXECTOS:

Durante o presente curso académico solicitaremos de novo a participación do centro no **Plan Proxecta, nas actividades do programa " Nutriescolas"**. Este é un programa dependente da Consellería do Mar e do Medio Rural destinado á potenciación dunha alimentación saudable durante todo o curso, no que este ano promoveremos a importancia dunha adecuada alimentación; ademais, cultivaremos diversas especies vexetais no horto do centro, para posteriormente realizar diferentes actividades, como por exemplo "*Sofán-Chef*" no que se realizará un concurso de receitas saudables en galego con algún alimento do mesmo. Eliximos as seguintes modalidades de participación: "Froita na escola" e Leite na escola". Outros dos proxectos solicitados dende o cole son: "**MeteoEscolas**" para o cal teremos un pluviómetro no patio do cal se farán medicións, ademais o alumnado poderá facer programas en galego na radio dando o tempo semanal; "**Proxecto Terra**", faranse patios máis dinámicos promovendo deste xeito a inclusión de todo o alumnado; "**Cóntame un conto**" moi enlazado coa biblioteca e o Proxecto Anual "Emociónate cos contos", promoverase a transmisión oral de contos en galego, coa posibilidade de participación das familias no mesmo; e xa para rematar o proxecto "**Educación en dereitos infantís**", o alumnado fará unha lectura dos dereitos infantís e traballará sobre eles a través de curtas, unidades didácticas, participación en diferentes campañas solidarias...todo en colaboración con UNICEF.

Ademais os mestres e mestras levaremos a cabo durante este curso diferentes liñas de traballo relacionadas **co Plan de Formación Permanente do Profesorado**: hai unha sección bilingüe desde 6º EI ata 6º EP dunha hora semanal de "Arts". Está pendente neste sentido a auxiliar de conversa. Por outro lado seguiremos coa liña de **Lingua de signos quincenal, o horto escolar, prensa dixital, radio e fotografía.**

Engadir que o equipo directivo está levando a cabo unha formación para a **Internacionalización do centro**.

3.- CELEBRACIÓN DAS FESTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS ESCOLARES:

Ao longo de todo o curso o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, documentará as distintas celebracións e fomentará a participación nas distintas actividades (nas aulas, entre aulas, individualmente, en grupo, coas familias...) e coa finalidade de implicar a todos os membros da comunidade na vida do colexio e potenciar deste xeito o uso do galego en todos os contextos, expoñeremos o traballado de forma conxunta no blogue do equipo, dentro da web do centro.

Neste curso en concreto, a temática destas actividades xirará, na medida do posible, ao redor do proxecto da biblioteca do centro **"Emociónate cos contos"**, no que se traballarán *AS EMOCIÓNS*, fundamentalmente a través dos contos:

FESTIVIDADES:

À **SAMAÍN E MAGOSTO**": realizaremos diferentes actividades de ambientación e decoración do centro, exposición e concurso de cabazas, mostra de distintos relatos e cómics en galego relacionados co outono e o Samaín, faremos unha exposición de froitos do outono, cantaremos cancións, ditos populares, refráns, adiviñas, decoración de portas, etc. Relacionadas coa temática, faremos a tradicional degustación de castañas asadas, realizaremos cucuruchos diferentes e un taller de degustación de castañas asadas. Organizaremos no centro un Obradoiro de Cociña relacionado coa temática do Samaín, que coordina o *Proxecto Nutriescolas*.

À **NADAL**: decoraremos o centro con mensaxes de Nadal en diferentes formatos segundo a idade e capacidade dos alumnos/as (contos, poemas, rimas, palabras...), escoitaremos e expoñeremos panxoliñas en galego. Propoñemos diferentes concursos de debuxos, contos, panxoliñas inventadas, festival para os pais e nais, etc.

À **ENTROIDO**: neste curso, ademais de darlle continuidade ás actividades realizadas o curso pasado, coma os mandadiños do Meco (na semana do Entroido establécense consignas diarias para acudir ao colexio, como por exemplo o luns "vir ca roupa do revés"...). Queda pendente concretar a temática que se elixirá este curso para disfrazarse e para establecer os mandadiños.

CONMEMORACIÓNS tendo en conta a Orde do calendario escolar:

- **20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.** Traballarase os diferentes Dereitos da Infancia, moi relacionado este curso co Plan Proxecta solicitado "*Educación en Dereitos Infantís*".
- **25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.** Investigaremos sobre a vida e obra de diferentes mulleres relevantes do mundo. Faranse ademais diferentes carteis simbólicos rexeitando calquera discriminación.
- **3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.** En colaboración coa asociación ALOUMIÑOS traballaremos esta temática. Tamén accederemos á textos de BRAILLE e seguiremos coa formación en Lingua de Signos.
- **Semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.** Recordarase as normas de convivencia do colexio e da aula.
- **10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.** Debaterase nas aulas se todos os dereitos humanos se compren.
- **24 de xaneiro de 2025: Día internacional da Educación.** Veremos como son os colexios en diferentes partes do mundo.
- **30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.** Realizaranse diferentes propostas de ambientación e expoñeremos mensaxes de paz que repartiremos polos corredores co colexio.
- **23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.** Veremos e aprenderemos algún que outro poema de Rosalía. Ademais, realizarase un gran mural a nivel de

centro.

- **8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.** Recompilarase información para traballar as diferentes mulleres ás que se lle dedican este ano o Día das Letras Galegas. Simularase entrevistas ás mesmas na radio do centro.
- **15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.** Buscaremos na rede anuncios publicitarios en galego e discutiremos se son enganosos.
- **Do 10 ao 14 de marzo de 2025: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.** Traballarase coa prensa dixital e coas fotografías nos xornais.
- **1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.** Traballaremos con diferentes artistas da nosa terra.
- **7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.** Veremos que carteis en galego empapelan os nosos centros de saúde.
- **A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.** Intentarase favorecer a lectura de obras en galego, a realización de contos encadeados, libros en miniatura, lecturas colectivas, contacontos dos niveis superiores de educación primaria aos máis pequenos, exposicións, actividades de animación á lectura a cargo de entidades colaboradoras, etc.
- **2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.** Crearanse carteis contra o acoso.
- **9 de maio de 2025: Día de Europa.** Traballaremos diferentes capitais de Europa.
- **A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.** Coma todos os cursos esta celebración é de especial relevancia para o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, durante estas datas aproveitaremos para realizar as actividades relacionadas co homenaxe deste ano. Nesta ocasión a RAG renderá homenaxe ás *mulleres que transmitiron o cancionero popular galego*, en lugar de a unha figura individual como todos os anos anteriores; entre elas atopamos: **Adolfina** e **Rosa Casás Rama** (Cerceda); **Eva Castiñeira** (Muxía); **Prudencia Garrido Ameijende**, **Asunción Garrido Ameijende** e **Manuela Lema Villas** (pandereteiras Malpica de

Bergantiños). Favoreceremos a decoración do centro con murais, faremos unha recompilación da poesía popular oral interpretada por estas cantareiras e pandereteiras, traballaremos con estes textos nas horas de lectura, interpretaremos algunha que outra cantiga... Tamén favoreceremos obradoiros co alumnado, nos que se potenciará valorar a nosa lingua como forma de identidade propia (valorar o uso que se lle dá, os momentos nos que se viu perigar, etc).

- **5 de xuño de 2025: Día Mundial do Medio Ambiente.** Esta conmemoración está relacionado co noso Horto Escolar. Crearemos códigos QR para compartir información sobre os que temos plantado no noso invernadoiro. Por outro lado, un dos programas da Radio Escolar estará dedicado a este tema.

4.- ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA E A ESCRITURA EN GALEGO:

Manteremos algunhas das actividades iniciadas en anteriores cursos e que tiveron unha boa acollida por parte do alumnado, algunhas delas serían:

“HOXE CONTAMOS UN CONTO”: propóñense lecturas de contos en galego nos tempos de Animación a Lectura, nos que voluntariamente os mestres e alumnado acudiremos á biblioteca ou sala múltiple para lerlles contos aos nenos. Elixiranse fundamentalmente contos en galegos que traten as emocións, continuando deste xeito coa temática deste ano.

“CONTACONTOS”: os nenos e nenas farán lecturas e gravaranse na radio para contarlles contos relacionados coas temáticas que estean a traballar neses niveis.

“A MOCHILA VIAXEIRA”: actividade proposta en colaboración co equipo de biblioteca, a cal consta de que o alumnado poida levar á súa casa “unha mochila viaxeira” cargada de libros, revistas, cómics axeitadas ás distintas idades para que cando chegue as súas casas toda a familia poida gozar de lecturas en galego en distintos formatos.

“LECTURA E ESCOITA DE CONTOS EN INGLÉS”, proposto polo dpto. de linguas.

5.- MANTEREMOS VIVO O TABOLEIRO DA LINGUA.

Este espazo é habitualmente empregado como ferramenta para a exposición de textos, traballos, mostras gráficas e plásticas das distintas temáticas tratadas ao longo do curso estreitamente relacionadas co fomento do idioma (letras de cancións, exposición de relatos, recolleita de palabras, adiviñas, contos, refráns, ditos ou remedios caseiros da nosa contorna máis próxima, etc.).

Estas actividades propóñense dun modo dinámico e serve de canle directa para fomentar a participación activa de todos os membros da comunidade educativa, cobrando un papel importantísimo as persoas maiores da comunidade.

6.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA NATUREZA:

"OS COMPOSTEIROS": continuando coa labor comezada en cursos anteriores, este ano seguimos co fomento do uso dos composteiros por parte de toda a comunidade escolar.

"O HORTO ESCOLAR": neste curso, continuaremos co funcionamento do horto escolar, coa supervisión do responsable do concello e a coordinadora do Plan Proxecta "Nutriescolas" do centro. Ao longo de todo o curso plantaranse diferentes especies vexetais por parte de todo o alumnado, deste xeito traballaranse novos conceptos e vocabulario en galego.

7.- EDICIÓN DUN NOVO NÚMERO DA NOSA PRENSA DIXITAL "SOFÁN NEWS":

Coma xa é tradicional, todos os cursos realizamos desde o centro unha pequena revista escolar na que participan todos os niveis educativos. Os diferentes niveis educativos fan aportacións de traballos realizados polos nenos/as (ben sexa cunha poesía, debuxo, xogo...), lembramos como foron as distintas celebracións do ano, etc. De xeito que establecemos unha nova canle comunicativa para que os nosos nenos/as reflectan as súas opinións e amosen a súa labor e se sintan coma verdadeiros partícipes do día a día da escola. **Continuaremos co formato dixital formando parte dunha das**



edicións da prensa dixital "Sofán News". Todas as actividades presentes na mesma realizaranse sempre en lingua galega.

8.- ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS:

Coma parte importante no proceso de ensino-aprendizaxe propoñemos diferentes actividades nas que a participación do entorno familiar é fundamental:

"CONTACONTOS FAMILIAR": como actividade para potenciar a lingua nos seus usos oral e real e como medida de promoción do galego, ademais de potenciar a relación entre os distintos membros da comunidade educativa: propoñíase ao longo dos cursos escolares anteriores sesións de contacontos por parte das familias do alumnado e de persoas maiores do lugar, que acudían ao centro a narrarnos contos, lendas... Moi relacionado este curso co proxecto da Biblioteca do centro.

"EXPLICAMOS AS NOSAS PROFESIÓNS": as familias, de xeito voluntario, asistirán a unha sesión de clase, para explicarannos aspectos interesantes do seu traballo e en que consiste a súa profesión. Nalgúns grupos os pais poderán propoñernos obradoiros relacionados coa materia de ciencias naturais.

"ENCUNTROS INTERXENERACIONAIS": aproveitando o traballo que o centro vén realizando en anos anteriores, queremos continuar con esta actividade abrindo un ano máis a escola aos nosos maiores, e que sexan eles/elas os que lle dean voz ao traballo recollido polo alumnado en forma de contos, lendas cantigas ou relatos da infancia.

"RECOLLEITA DE TEXTOS TRADICIONAIS": durante todo o curso escolar (e aproveitando diferentes celebracións ou festividades) suxírese a recolleita de textos tradicionais e culturais galegos, coma refráns, ditos, lendas da zona... fomentando a participación dos familiares dos nenos/as.



“RECEITAS E ALIMENTOS DA CONTORNA”: achegarémonos a contorna a través dos alimentos típicos da zona como o pan, a pataca, etc. Recompilaremos receitas, traballaremos o proceso de recolección das materias primas...

9.- SAÍDAS, EXCURSIÓNS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

Este tipo de actividades poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto o aforo de museos e salas e de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre polo que aproveitaremos este curso para coñecer máis os lugares próximos ao colexio, tanto da aldea de Sofán como da vila de Carballo.



ANEXO VII DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

Curso 2024/25

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán

(Carballo)

1. INTRODUCCIÓN

O CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA-SOFÁN conta con Departamento de Orientación Compartido (OC) co CEIP Plur. Nétoma-Razo actuando o primeiro como centro base. Este curso, debido a que a Xefa do Departamento de Orientación é ao mesmo tempo a xefa de estudos, atópase a tempo completo en Sofán.

Este centro atópase adscrito ao DO do IES Monteneme (Carballo). A composición do D.O. para este novo curso é a seguinte:

- **Mestra especialista en PT:** D^a Sofía López Rey.
- **Mestra especialista en PT:** D^a Leticia Prieto Martínez.
- **Mestra especialista en AL:** compartida:D^a Claudia Pita Vilas.
- **Mestra especialista en AL Preferente:** D^a Cristina García Suárez.
- **Coordinadora de Educación Infantil:** D^a Vanesa Suárez Moreira.
- **Coordinadora 1º ciclo EP:** D^a Catalina Cancela García.
- **Coordinadora 2º ciclo EP:** D^a Tania Mirás Puente.
- **Coordinadora 3º ciclo EP:** Sonsoles Estraviz Fernández.
- **Xefe de estudos:** D^a Laura García Fernández.
- **Orientadora:** D^a Laura García Fernández.

A mestra especialista en audición e linguaxe é compartida co CEIP Canosa-Rus (Coristanco), tendo como centro-base o CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán. O centro tamén conta coa figura dunha Auxiliar Técnica Educativa que atende directamente os coidados dunha alumna con N.E.E. de 6º curso de infantil (segundo informe do EOE) a maiores, tamén atende a un alumno pendente de valorar polo EOE (solicitado no curso anterior e que neste tamén se solicitará).

En canto ao alumnado, na actualidade presentan necesidades específicas de apoio educativo que precisan ser atendidas polas mestras especialistas en PT

e/ou en AL un total de 26 alumnos e alumnas, dos que 13 precisan recibir apoio de PT, outras 4 de AL e, os 9 restantes reciben apoio de ambas mestras especialistas. Destacan, deste número, 6 alumnos/as con NEE e con serias dificultades para o traballo diario, facendo preciso ampliar o máximo posible as sesións de especialistas en AL e PT.

No presente ano académico tentaranse seguir as liñas trazadas nos cursos anteriores, tendo en conta o recollido na memoria precedente e no estipulado na lexislación vixente.

2. OBXECTIVOS

Partindo do obxectivo xeral de contribuír ao desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado dende o comezo da súa escolaridade, defínense os seguintes obxectivos máis específicos:

- Deseñar accións encamiñadas á prevención de dificultades nos distintos ámbitos do desenvolvemento: sociemocional, comunicativo, motriz, cognitivo, curricular,...
- Avaliar ao alumnado que presente necesidades, ben cando o profesorado así o solicite, ben cando a xefatura do DO así o considere, ofrecendo as orientacións, asesoramento ou propostas de intervención específicas que permitan eliminar ou mellorar na medida do posible as necesidades existentes. No caso de ser a familia a solicitante de dita avaliación, a xefatura do DO reunida co mestre/a titor/a valorarán a pertinencia da mesma.
- Deseñar e desenvolver intervencións específicas, a través do profesorado de AL e PT, co obxecto de superar ou mellorar as dificultades detectadas no relativo aos distintos ámbitos do desenvolvemento.
- Coordinar e colaborar, tanto a orientadora e as mestras de apoio de PT e AL , como con persoal externo autorizado para facilitar unha mellor atención ao alumnado que recibe dito apoio, partindo de liñas de acción comúns.

- Colaborar na identificación de necesidades educativas e desenvolver accións dirixidas á satisfacción das mesmas e ao coidado da comunidade educativa.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento precisos para a inclusión do alumnado, dando especial relevancia aos períodos escolares e persoais de maior dificultade (cambio de etapa educativa, conflitos escolares,...)
- Participar na revisión da documentación do centro respecto á atención á diversidade.
- Apoiar as accións de orientación e tutoría.
- Colaborar co profesorado no deseño e execución de medidas de atención á diversidade cando sexa preciso.
- Divulgar materiais de apoio que poidan servir para a atención á diversidade.
- Facilitar a colaboración e coordinación entre os membros do DO, e entre os membros do DO e o resto do profesorado.
- Promover a convivencia, as condutas de respecto e tolerancia e a resolución pacífica de conflitos en colaboración coa coordinadora de benestar e convivencia do centro. Este ano a través dos mediadores escolares, un alumno de cada curso de Primaria formará este grupo que, sempre baixo o paraugas do DO, resolverá conflitos ademais de animar a xogar a alumado que estea solo.
- Favorecer patios dinámicos e inclusivos con actividades variadas para que todo o alumnado participe e non estean nenos e nenas illados.
- Promover a participación e implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas.
- Impulsar a colaboración e a coordinación entre o propio centro e o IES ao que está adscrito.
- Favorecer a colaboración cos recursos externos como a ONCE, ou outras entidades para traballar a sensibilización .

3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE PRESENTA NEAE

No centro educativo contamos cunha serie de medidas a disposición do alumnado destinadas a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades individuais. Tal e como recolle a lexislación vixente, a Orde do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade, darase comezo a esa resposta polas medidas máis ordinarias e integradoras, para dar paso ás extraordinarias de seren precisas:

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, aprendizaxe por proxectos, titorías entre iguais,...
- Adaptación de tempos, materiais, instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e Reforzo Educativo.
- Plans de reforzo ou recuperación adaptados ao ritmo e realidade do alumnado.
- Programas específicos personalizados.
- Apoio do profesorado das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Adaptacións Curriculares.
- Flexibilización do período de escolarización.
- Aqueloutras contempladas na lexislación actual.

4. FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Nas reunións do DO estableceranse acordos e criterios sobre:

- Solicitudes de avaliación psicopedagóxica.
- Elaboración de Informes Psicopedagóxicos.
- Organización de medidas de atención á diversidade: Reforzo Educativo, apoio de PT e/ou AL, Adaptacións Curriculares, flexibilizacións,...
- Solicitudes a recursos externos (Saúde Mental, Asociacións,...)
- Elaboración de documentación específica que poida ser precisa para unha axeitada atención ao alumnado con neae.

- Aqueloutros relacionados coa atención á diversidade.
- Coordinacións entre os distintos membros que forman o departamento.

5. ACTIVIDADES A DESENVOLVER DURANTE O CURSO LECTIVO 2024/25

Con relación ao alumnado:

- Proposta de organización da atención ao alumnado con NEAE.
- Programas de prevención de necesidades, cando se considere preciso.
- Atención individualizada/grupal cando as circunstancias o requiran.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.
- Desenvolvemento de intervencións específicas en Audición e Linguaxe seguindo os programas individuais establecidos.
- Desenvolvemento de intervencións específicas en Pedagogía Terapéutica seguindo os programas individuais establecidos.
- Proposta de traballo de emocións na aula, así como resolución de conflitos a través da formación de mediadores escolares.

Con relación ao profesorado:

- Asesorar respecto ás medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.
- Deseñar xunto coas titoras/es as medidas de atención á diversidade precisas para o alumnado.
- Asesoramento xeral na acción tutorial.
- Coordinar e colaborar coas mestras de PT e AL.

- Proporcionar asesoramento ao profesorado para adecuar a práctica docente e colaborar no deseño de plans de reforzo e recuperación para aquel alumnado que presente algunha necesidade.
- Asesoramento para levar a cabo a elección de mediadores escolares, explicación das tarefas a realizar.

Con relación ás familias:

- Acompañar ás familias sempre que o precisen, escolitalas e asesoralas.
- Asesorar ás familias cando as circunstancias así o aconsellen no tocante ao desenvolvemento social, emocional, comunicativo, curricular... dos seus fillos e fillas.
- Informar ás familias dos resultados acadados nas avaliacións psicopedagóxicas e das medidas de atención á diversidade existentes a disposición dos seus fillos e fillas.
- Implicar ás familias nos procesos de ensino-aprendizaxe dos seus fillos ademais de traballar con eles para unha educación emocional de calidade para os nenos/as.

Con relación ao centro:

- Elaborar un documento de adaptación específico de medidas de seguridade para o alumnado con necesidades educativas especiais, de ser preciso.
- Organizar e desenvolver a actividade presencial, semipresencial e non presencial da función orientadora: desenvolveranse as distintas actividades a través de medios dixitais (correo, teléfono, aula virtual, videochamadas,...), reservando para a actividade presencial a aplicación de probas e materiais psicopedagóxicos tendo en conta a imposibilidade de realizar estes traballos de xeito non presencial.

- Organizar e desenvolver o ensino presencial, semipresencial e non presencial do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo con apoio de PT e/ou AL: Nos reforzos de área (aínda que colabore no seu desenvolvemento a mestra de PT ou AL) as directrices das actividades, correccións, etc. virán marcadas polo responsable de área e as mestras de AL e PT participarán activamente explicando novamente, resolvendo dúbidas,... No caso dos obxectivos específicos formulados nos programas de intervención de AL e PT estes serán traballados polas mestras especialistas, sendo elas as encargadas de formular actividades (a través de medios dixitais, aula virtual, correo electrónico,...), explicar, corrixir, etc.
- Proporcionar recursos na aula virtual en relación ás emocións, resolución de conflitos ou reflexións que melloren a convivencia do centro.

Outras actividades:

- Participar nas sesións de avaliación do alumnado.
- Celebrar as reunións de Departamento de Orientación e participar naquelas outras nas que se requira da presenza do DO (CCP, claustro, convivencia,...).
- Cooperar cos membros do EOE no que se considere preciso.
- Establecer canles de comunicación con diferentes servizos, institucións e profesionais externos ao centro educativo dos servizos públicos (Saúde Mental, UDIAF, pediatra...) no que a atención á diversidade se refire.
- Establecer canles de comunicación con profesionais externos ao centro de índole privada, de considerarse oportuno e coa debida autorización da familia.
- Coordinarse con I.E.S. adscrito ao centro para levar a cabo diferentes accións que faciliten a transición de etapa do alumnado de 6º de primaria, así como o intercambio de información relativa ao alumnado que presenta NEAE.

6. HORARIOS (Orientador, P.T. e A.L.)

Tal e como se referiu con anterioridade, o CEIP Plurilingüe Gándara- Sofán conta con Departamento de Orientación Compartido co CEIP Plur. de Nétoma-Razo, actuando o primeiro como centro base. Aínda que este ano se está a tempo completo no centro, a xefatura do DO, ten todas as primeiras horas xefatura de estudo, ademais do luns á cuarta hora. Logo, tamén ten as dúas liberacións correspondentes. O luns é día de permanencia pola tarde, tendo todos os luns nesta escola, a diferenza do curso parado. Algo moi enriquecedor para o centro, posto que en centros compartidos é moi fácil perder o fío conductor se non se acude semanalmente ás reunións docentes.

A estruturación horaria parte sempre de darlles a mellor atención a alumnado NEE, sen esquecermos das necesidades derivadas de dificultades de aprendizaxe na lectura, na escritura e no cálculo (Dislexia, disortografía, discalculia), así como todas aquelas carencias a nivel social que limiten o traballo na aula e no proceso de ensino-aprendizaxe (TEA, TDAH).

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Coa avaliación preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos deste Plan van sendo acadados e cales deben ser modificados de cara ao vindeiro curso escolar. Deste xeito, a finalidade é a optimización do Plan tras unha reflexión e análise, para o que se deben fixar uns criterios de avaliación:

- Grao de satisfacción e implicación do profesorado.
- Adecuación das técnicas, instrumentos e materiais utilizados.
- Nivel de satisfacción e cumprimento das actividades propostas.
- Adecuación da figura de mediador escolar ao contexto educativo.
- Grao de coordinación acadado con diferentes axentes implicados: familias, profesorado, servizos externos...

A concreción do Plan Xeral de Atención a Diversidade está anexo a esta PXAD

CONCRECIÓN

DO

PXAD

(PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE)

Curso 2024/25

Estratexias organizativas e metodolóxicas para a atención á diversidade e o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

INTRODUCCIÓN

Según a **ORDE do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, **polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia** en que se imparten as

ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación reflexa no seu **Artigo 72. Contido e estrutura do Plan xeral de atención á diversidade**

1. O Plan xeral de atención á diversidade representa o deseño e a organización dun centro docente, dentro da súa autonomía e segundo as súas características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, a totalidade do seu alumnado. En consecuencia, no Plan xeral de atención á diversidade deben facerse explícitas as circunstancias do centro docente, o xeito de entender e de atender as singularidades de cada alumna e de cada alumno, o conxunto de medidas e/ou programas con que conta para facer realidade a equidade en contextos metodolóxicos inclusivos, a optimización na distribución e/ou organización dos recursos, o compromiso de asesoramento e de colaboración coas familias e as formas de realizar o seguimento e a avaliación de todos os seus plans, proxectos e/ou programas.

2. A estrutura do Plan xeral de atención á diversidade axustarase, cando menos, ao que se dispón no artigo 12 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Seguindo o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

1 Xustificación baseada no contexto.

O CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán é un centro de infantil e primaria que conta na actualidade con 3 unidades de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria.

En canto ao departamento de orientación, é un centro ao que non lle corresponde departamento propio polo número de unidades. Desde hai un curso o DO ten como centro base o noso centro compartido co Ceip de Nétoma Razo. No actual curso a xefa do departamento de orientación está en xornada completa no Ceip de Sofán xa que tamén ostenta o cargo de xefa de estudos.

O centro de adscrición a educación secundaria é o IES Monte Neme de Carballo.

Xunto coa orientadora, o noso centro conta con dúas mestras de Pedagogía terapéutica a tempo completo, unha mestra de Audición e linguaxe a tempo completo e

outra mestra de Audición e linguaxe compartida co ceip de Canosa Rus.

O número de alumnos vai en ascenso ano tras ano polo que algúns niveis acollen un número superior a vinte.

A maioría do alumnado é de NEAE sitúanse nas dificultades específicas de aprendizaxe, condicións persoais e de historia escolar, aínda que neste curso contamos con cinco alumnos de NEE.

2 Identificación e valoración das necesidades. Según a ORDE do 8 de setembro de 2021

Prevención como principio

Actuacións preventivas e de detección temperá

1. Os centros docentes deberán poñer en práctica accións e medidas que teñan unha finalidade preventiva. Entre esas medidas debe considerarse a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, coa correspondente valoración, acreditación e resposta educativa.

2. A identificación e a valoración das necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno levaranse a cabo á idade máis temperá posible. A resposta educativa que proceda iniciárase desde o momento en que as citadas necesidades sexan detectadas.

3. A detección das necesidades educativas do alumnado e a correspondente intervención

realizaranse desde un enfoque multidisciplinar e de coordinación institucional.

Nesa detección e intervención colaborarán, segundo corresponda: o profesorado titor; os equipos docentes; os servizos de orientación; o equipo directivo; as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado; os servizos sanitarios; os servizos sociais e todas as persoas ou institucións que teñan esas actuacións entre as súas funcións.

4. Os departamentos de orientación dos centros docentes establecerán procedementos e elaborarán protocolos e medidas para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado. A xefatura do departamento de orientación, co apoio especializado, de ser o caso, do equipo de orientación específico, informará e asesorará

a comunidade educativa sobre os procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e acreditación e a resposta educativa apropiada.

5. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade promoverá o desenvolvemento de accións interdisciplinarias e interinstitucionais, mediante o establecemento dos acordos ou convenios que procedan, coa finalidade de favorecer actuacións preventivas e facilitar a detección das necesidades educativas e a atención temperá do alumnado desde a mesma educación infantil.

Avaliación inicial

1. A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

2. Sen prexuízo do establecido na normativa que regula a avaliación das diferentes ensinanzas, considérase fundamental a avaliación inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e a cada etapa do ensino obrigatorio.

Esa avaliación, realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada pola nai, polo pai ou polas persoas titoras legais do alumnado e incluírá, de ser o caso, a información procedente do curso ou da etapa anterior.

No caso de que a normativa que regula a avaliación das ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e das etapas de ensino obrigatorio prevea a realización da avaliación inicial neses mesmos momentos, entenderanse equivalentes esa e a que se establece neste mesmo punto.

3. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que sexa necesario, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

4. O departamento de orientación do centro docente asesorará no proceso da

avaliación

inicial, así como sobre os materiais ou instrumentos que sexan necesarios para a recollida da información.

5. O profesorado titor, en colaboración coa xefatura do departamento de orientación, informará as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado sobre os procedementos para levar a cabo a avaliación inicial e, de ser o caso, a identificación temperá das necesidades educativas. Igualmente, achegaralles información sobre os resultados desa avaliación e, cando proceda, sobre a aplicación das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias.

Avaliación psicopedagóxica

. Concepto e finalidade

1. *Enténdese por avaliación psicopedagóxica, ou psicoeducativa, o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe.*

2. A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e das necesidades educativas que poidan presentar determinadas alumnas ou determinados alumnos, para poder fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación con aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade, a orientación educativa e profesional, e calquera outro favorecedor do desenvolvemento harmónico dese alumnado.

3. A avaliación psicopedagóxica terá un carácter global e contextualizado, polo que non só contribuirá a fundamentar a resposta específica ás necesidades educativas de determinadas alumnas ou determinados alumnos, senón tamén a orientar o centro docente na mellora das condicións que permitan responder á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades de todo o alumnado.

Competencia e responsabilidade

A avaliación psicopedagóxica do alumnado é competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación do centro docente, coa colaboración e o asesoramento, de ser necesario, do equipo de orientación específico correspondente. Nos casos en que proceda, a dita avaliación será realizada directamente polo equipo de orientación específico.

Situacións en que se require a avaliación psicopedagóxica

1. A avaliación psicopedagóxica do alumnado levarase a cabo cando concorran algunhas das seguintes situacións:
 - a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
 - b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
 - c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
 - d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
 - e) Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.
2. Tamén se realizará a avaliación psicopedagóxica cando, por circunstancias excepcionais, o demande a Administración educativa.

Solicitude

1. Con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor, cando se cumpra algunha das situacións descritas no punto un do artigo anterior e de acordo co correspondente protocolo de demanda, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do departamento de orientación.
2. Nos casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica, será a dirección do dito centro quen a demande á xefa ou ao xefe do departamento de orientación e, no caso de alumnado matriculado noutro centro, solicitarase a información necesaria á xefatura de departamento de orientación

do centro de procedencia.

3. En determinadas circunstancias, a solicitude ou demanda de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente.

4. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informadas da realización da avaliación psicopedagóxica, así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación. Destas informacións quedará constancia escrita.

3 **Determinación dos obxectivos.**

Obxectivos xerais :

- Promover e coordinar desde o departamento actuacións dirixidas a mellorar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se leva a cabo no centro.
- Priorizar actuacións no ámbito do tratamento da atención á diversidade e as necesidades educativas especiais.
- Axudar ó desenvolvemento integral do alumnado na vertente persoal e na formación como futuros cidadáns.
- Facilitar os servizos do departamento a toda a comunidade educativa.
- Contribuír á mellora da convivencia no centro e propoñer actividades para traballar os aspectos emocionais relacionados co COVID 19.

Obxectivos específicos:

- Analizar as necesidades educativas dos alumnos, en xeral, para axustar a resposta educativa individualizada máis axeitada en cada caso (a atención a toda a diversidade, que regula o Decreto 229/2011).
- Abrir un proceso de exploración, valoración e avaliación no momento de detectar dificultades como paso previo á toma de decisións organizativas e curriculares.
- Fomentar actuacións e medidas dirixidas á prevención de dificultades no ámbito da aprendizaxe, e da aparición de problemas na vertente persoal e emocional.

- Coordinar e axustar as propostas de apoio educativo, no caso dos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo, con intervencións orientadas polo potencial de aprendizaxe e polas necesidades dos mesmos.
- Efectuar o seguimento e a avaliación das actuacións e medidas de intervención propostas.
- Elevar propostas desde o departamento ós órganos ou comisións que procedan no referido ós criterios organizativos e pedagóxicos, incidindo na atención á diversidade en xeral, e ós alumnos con necesidades educativas especiais.
- Colaborar no proceso de avaliacións individualizadas e finais externas promovidas pola Administración educativa.
- Prestar o asesoramento necesario ós titores no desenvolvemento do Plan de acción tutorial (PAT).
- Propoñer actuacións relacionadas coa mellora da convivencia a través do PAT.
- Asesorar e proporcionar os recursos necesarios a todos os membros da comunidade educativa en materia de convivencia e educación emocional.
- Intervir directamente en labores de orientación cando a demanda estea debidamente xustificada e se axuste ó procedemento establecido.
- Ofrecer o servizo de orientación persoal e educativa ás familias, sen prexuízo das funcións propias dos titores.
- Colaborar e asesorar, no ámbito das propias competencias, na actualización de calquera dos documentos que integran o proxecto educativo do centro.
- Aproveitar os recursos que ofrecen os servizos externos sempre que sexa necesario, adoptando os mecanismos precisos para garantir unha adecuada coordinación.
- Elaborar a concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro para o curso 2020/21, que se xuntará á PXA.
- Asesorar acerca de todo o procedemento para a pertinencia, elaboración e solicitude de adaptacións curriculares significativas, así como das actualizacións que se precisen.
- Facilitar a xestión dos recursos materiais necesarios para o acceso ó currículo do alumnado con discapacidade.

- Facilitar a información demandada polos Servizos Centrais da Consellería, mediante a aplicación informática DRD Orienta e DRDadi.

4 Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

·ACTUACIÓNS

Xerais (ámbito: todo o centro)

- Deseño de programacións desde un enfoque integrador, que inclúa a presenza das competencias básicas, a través do desenvolvemento de capacidades e habilidades necesarias para o conxuntodas áreas.
- Especificación e concreción dos criterios de avaliación, nas programacións de aula e/ou programas individuais en función dos aspectos concretos que se queren valorar.
- Intervención da xefa do departamento de orientación, previa demanda, mediante o procedemento establecido e unha vez esgotadas as medidas anteriores.
- Programación de actividades correspondentes á acción titorial, integradas no currículo.
- Reunións grupais coas familias para informar sobre aspectos do currículo do seu interese, criterios de avaliación, medidas de carácter xeral, se é o caso, e finalidade do traballo escolar.
- Reunións individuais coas familias para información, coordinación e seguimento de calquera medida, ordinaria ou extraordinaria, que afecte ós seus fillos.
- Elaboración, durante o último trimestre de cada curso, por parte do xefa do DO, coa participación de especialistas de PT/AL e titores/as, do documento coa previsión de necesidades en canto a alumnado con NEAE.
- Proposta de organización da atención do alumnado con NEAE, elaborada pola xefa do DO, no primeiro mes do curso.
- Proposta da organización do conxunto do alumnado no marco da atención á diversidade, responsabilidade da xefatura de estudos, que poderá contar co asesoramento da persoa responsable da orientación.

Grupais (ámbito: titoría)



- Avaliación inicial durante o primeiro mes do curso escolar.

Debe incluír:

- Avaliación da competencia curricular de todo o grupo e de cada alumno (repaso de contidos básicos de cursos anteriores).
- Análise dos informes individualizados do curso e/ou etapa anterior, e de informes psicopedagóxicos ou doutro tipo, de ser o caso.
- A información obtida será o punto de referencia para deseñar a programación de aula para o curso, dirixida a dar resposta tanto ás necesidades xerais detectadas como individuais (adaptacións do currículo, programas de reforzo, recuperación, previsión de posibles apoios...).
- Establecemento de sesións de avaliación inicial durante a primeira quincena do mes de outubro, para dar conta das conclusións máis relevantes e das medidas propostas (*en función da dispoñibilidade de sesións establecidas polo centro para tal fin*)

- Avaliación trimestrais:

- Avaliación individual do alumnado.
- Comprobación da adecuación das programacións de aula, adaptacións e outras medidas de carácter individual.
- Modificación ou proposta, se é o caso, de aspectos tanto curriculares como organizativos.

· **MEDIDAS**

Sen prexuízo da aplicación de calquera outra medida recollida na normativa vixente susceptible de ser adoptada, relaciónanse a continuación as de maior presenza no centro:

1.-Ordinarias

· Organizativas

- Previsión e prioridade na confección xeral de horarios, dos condicionamentos derivados dos casos decerto alumnado con NEAE: fixación de materias e horas, días e sesións de asistencia ó centro, entreoutros.

- Asignación preferente de espazos a un grupo cando as condicións e necesidades de un ou varios alumnos pertencentes ó mesmo, así o requiran.

· *Curriculares*

- **Adecuación das programación didácticas de cada grupo**, segundo as conclusións e propostas obtidas da avaliación inicial e avaliación continua.

- **Reforzo educativo** a aqueles alumnos/as que o necesiten e, en todo caso, cando o resultado da avaliación anterior sexa negativo, recollendo nun plan ou programa individual os contidos obxecto de reforzo e os instrumentos de avaliación que se van a empregar e os métodos e recursos complementarios que se utilicen, de ser o caso.

-**Reforzo educativo nas áreas instrumentais básicas** no caso de alumnos con informe do DO e **previo á ACS**, e atraso curricular considerable nas áreas instrumentais, con posibilidade de recibir apoio, para o que será necesario elaborar un programa individualizado baseado nas necesidades detectadas e nas orientacións establecidas no informe.

- **Programas de recuperación** das materias non superadas do curso anterior no caso de promoción de curso por idade.

- **Apoio** temporal para a **iniciación na lingua galega** no caso de alumnado procedente do estranxeiro, pertencente aos cursos 3º, 4º, 5º, e 6º de primaria.

- **Permanencia dun ano máis no curso**, tan pronto como as necesidades e os resultados da avaliación o aconsellen como medida previa a calquera posibilidade de medida extraordinaria.

- Previsión da **adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación** no caso de alumnos de reforzo educativo (RE) ou de necesidade de adaptación de acceso ó currículo.

- **Programas de enriquecemento curricular**, no caso de alumnado avaliado como de altas capacidades.

2.-Extraordinarias

- **Adaptacións curriculares**, unha vez esgotadas as medidas ordinarias e previa avaliación diagnóstica efectuada polo departamento de orientación. A proposta

curricular é elaborada polo mestre ou mestra responsable, coa participación do profesorado de apoio cando sexa o caso e o asesoramento do DO.

Solicítase a través da dirección do centro e autoriza a inspección educativa correspondente.

- **Flexibilizacións da duración do período de escolarización** ó final da etapa no caso de primaria e encalquera nivel de infantil sempre que se respecte a finalidade da mesma e o procedemento previsto na normativa. É imprescindible informe favorable do DO e o acordo dos pais coa medida. Tramítase desde a dirección, a través da xefatura territorial e autoriza o director xeral de educación, formación profesional e innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

- **Apoios de especialistas de PT/AL.** Inclúe as intervencións e a atención directa co alumnado, preferentemente, de necesidade específica de apoio educativo, con informe dos servizos de orientación, por proposta da persoa responsable da orientación no centro, a aprobación do xefe ou xefa de estudos e a autorización da dirección.

· **PROGRAMAS**

Desenvolveríanse no marco da acción tutorial, dirixidos a todo o alumnado en xeral, grupos determinados e casos individuais, segundo as necesidades, de maneira integrada no currículo, para o desenvolvemento de certas competencias:

- Estratexias de aprendizaxe (*ensinar a pensar, aprender a aprender*).

- Habilidades sociais e mellora da convivencia escolar (*ensinar a convivir, a previr e a solucionar conflitos*).

5 **Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

Atención á diversidade no conxunto do alumnado

1.- A aplicación de calquera **medida ordinaria** dentro do ámbito tutorial é competencia do titor/a ou mestre/a de área e non requere autorización.

2.- A demanda de apoio por parte dos titores e titoras de profesorado con dispoñibilidade horaria, resérvase exclusivamente para o desenvolvemento das

competencias básicas (comunicación lingüística e matemática) e contidos esenciais das áreas instrumentais.

3.- A asignación de profesorado para este tipo de apoios dependerá da dispoñibilidade horaria existente e da decisión última da xefatura de estudos.

4.-O procedemento e requisitos necesarios será o seguinte, no caso da **educación primaria**:

- Solicitud dirixida á xefatura de estudos (XE) na que se concretarán as necesidades demandadas, medidas previas realizadas e proposta curricular. A XE, que poderá contar co asesoramento da orientadora se o estima conveniente, valorará:

1º.-Que a solicitude cumpre os requisitos necesarios.

2º.-Se hai dispoñibilidade de profesorado de apoio non especialista. No caso de haber máis solicitudes que horario dispoñible, as prioridades virían dadas polo curso inferior.

3º.- No caso de existir dispoñibilidade horaria dalgún especialista de PT/AL, poderían atender estes casos, oída a xefa do DO e coa autorización da dirección. Eses apoios decaerían automaticamente no caso de novas necesidades avaliadas polo departamento de orientación.

4º.- No suposto do punto 2, a distribución dos recursos só se faría trala avaliación inicial e antes de rematar o mes de outubro no caso do primeiro trimestre, excepto cando se trate de alumnos incorporados co curso xa iniciado.

5º.- A duración mínima destes apoios sería dun trimestre, revisable e revogable nos seguintes, unha vez avaliado o aproveitamento dos mesmos e a consideración de novas demandas.

6º.- No caso de alumnos en situación de absentismo escolar inxustificado, a XE podería retirar o apoio en beneficio doutros alumnos.

5.- Na etapa de **educación infantil**, a xefatura de estudos resolverá tendo en conta a existencia ou nonde mestra de apoio na EI, a organización xeral do centro e as demandas de primaria, que terían prioridade.

-Atención ó alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE)

Requisitos e procedementos para a organización da atención deste alumnado:

1.- Para calquera asignación de recursos e/ou medidas extraordinarias, será **condición necesaria dispoñer de informe emitido polo servizo de orientación** do propio colexio ou do centro de procedencia, de ser o caso, ou dos servizos externos (EOE).

2.- A demanda de intervención da orientadora, nos casos de avaliación psicopedagóxica e doutras necesidades, deberá formalizarse por escrito, por medio da cumprimentación de documentos de derivación.

Entre estes documentos se incluírán o **documento de solicitude** escrita dirixido á dirección, que dará traslado da mesma á xefa do DO e a cumprimentación por parte da persoa solicitante de **cuestionarios de derivación**. Na solicitude de intervención, a persoa que a realiza deberá especificar, cando menos, o motivo dela, cales foron os primeiros elementos de alarma e cando se produciron, así como as medidas que xa se adoptaron. Esa solicitude debe contar, de ser o caso, coa autorización escrita da nai, do pai ou das persoas titulas legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

3.- No último trimestre de cada curso a xefa do DO elaborará un documento coa previsión de necesidades para o seguinte, a fin de determinar os recursos dispoñibles no propio centro e de informar á dirección no caso de eventuais necesidades sen posibilidade de ser atendidas segundo as necesidades avaliadas.

4.- Ó comezo de cada curso, a xefa do DO, tomando como base o documento anterior, elaborará a proposta de organización da atención do alumnado con NEAE, que conte con algún dos informes preceptivos.

5.- Na elaboración da proposta contará coa participación do profesorado especialista de PT/AL, profesorado titor dese alumnado e outros especialistas, de ser o caso. Este principio tamén é aplicable no caso de modificacións na organización e distribución de apoios.

6.- Esta proposta terá un carácter flexible, estará permanentemente aberta a modificacións, atención de novas prioridades e será responsabilidade da xefa do DO actualizala cando resulte necesario, oídos os especialistas e titulos, e coa aprobación da XE.

7.- No suposto de imposibilidade de atención dalgún caso ou casos, segundo as orientacións previstas, procurarase unha distribución proporcionada dos recursos entre todo ese alumnado, sempre que se garanta a atención mínima necesaria. De non poder garantir o anterior, a xefa do DO comunicaría á dirección do centro os casos que quedarían provisionalmente sen a atención especializada para informar ós órganos de goberno e ás instancias que correspondan.

8.-Os casos de alumnado con NEAE ordéanse segundo as necesidades presentadas, priorizando cando sexa necesario segundo os seguintes criterios:

1º.-Alumnado con necesidades educativas especiais(derivadas de discapacidade).

2º.- Alumnado con ACS (aprobada pola inspección) /alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (1º ciclo EP) /alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar (1º ciclo EP).

3º.-Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (2º ciclo EP) /alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar (2º ciclo EP).

4º.-Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (3º ciclo EP)/ alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar (3º ciclo EP).

5º.-Alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo (EP).

Os supostos de NEE e ACS, inclúen tanto a alumnos/as de primaria como de educación infantil.

6 Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

Son competencia e responsabilidade, no ámbito do desenvolvemento todo PXAD, dos distintos profesionais que prestan os seus servizos no centro, as seguintes accións:

•Titores/as:

-Levar a cabo a avaliación inicial tanto grupal como individual do seu grupo de alumnos/as.

-Aplicar a avaliación continua, conforme ós elementos prescritivos previstos nas concrecións e programas curriculares.

- Presidir e coordinar as sesións de avaliación dos seus alumnos/as.

- Responsabilizarse da elaboración, seguimento e modificacións das programacións de aula, entodo o relativo á atención á diversidade.
- Responsabilizars do deseño e coordinación dos programas de RE e recuperación dos seus alumnos/as.
- Convocar e coordinar ós profesionais que corresponda e/ou o equipo docente para reunións de seguimento do alumnado suxeito a algún tipo de medida ordinaria ou extraordinaria.
- Controlar diariamente as ausencias e/ou faltas de puntualidade do alumnado, requirindo con inmediatez as xustificacións pertinentes.
- Solicitar polo procedemento previsto calquera intervención da xefa do DO, relativa ó seu alumnado.
- Desenvolver actuacións e programas, no ámbito da acción tutorial, relativos á prevención e resolución de conflitos, habilidades sociais e estratexias para aprender a aprender (de comprensión/ resolución de problemas).
- Informar ás familias, grupal ou individualmente segundo proceda, de todos aqueles aspectos curriculares e/ou organizativos que impliquen medidas de atención á diversidade.

· **Mestres/asde área:**

- Responsabilizarse da elaboración, seguimento e modificacións das programacións da súa área, en todo o relativo a atención á diversidade.
- Asistir a todas aquelas reunións de coordinación e seguimento as que sexa convocado na programación de cada curso.
- Comunicar á persoa titora as necesidades e a adopción de calquera medida dentro do ámbito das súas competencias.

· **Profesorado de apoio (con dispoñibilidade horaria)**

- Atender de forma directa ó alumnado, individualmente ou en pequeno grupo, que se lle asigne.
- Colaborar cos titores na elaboración, seguimento e avaliación dos plans e programas establecidos para os alumnos/as que apoian.

· Profesorado especialista de PT/AL

- Atender de forma directa o/os alumnos e/ou grupo que se lle asignen, nomeadamente alumnado con NEAE.
- Atendero utro tipod ealumnado, dentro do ámbito da diversidade, no caso de dispoñibilidade horaria, sempre que estean atendidos os casos de alumnado NEAE con informe.
- Participar no deseño da organización e distribución do alumnado con NEAE.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento de programacións individualizadas.
- Participar na avaliación do alumnado con NEAE.
- Asistir a todas aquelas reunións de coordinación e seguimento ás que sexa convocado, segundo a programación de cada curso.
- Asistir ás reunións coordinadas pola orientadora, dentro do DO, para seguimento de casos.
- Acompañar á persoa titora en todas aquelas reunións con familias para as que sexa requerido.

· Xefa do departamento de orientación

- Responsabilizarse ó comezo de curso da proposta de concreción anual do PXAD.
- Elaborar a previsión de organización do alumnado con NEAE para cada curso, concretar a proposta a comezodo mesmo e realizar todas cantas actualizacións e modificacións sexan necesarias.
- Admitir todas as solicitudes que se lle acheguen polo procedemento establecido e no ámbito das súas competencias.
- Emitir informe para todas e cada unha das solicitudes de intervención presentadas, reservando o informe psicopedagóxico para os casos que esté xustificado.
- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre calquera aspecto relacionado coa normativa, deseño e posta en práctica deste plan.
- Realizar e coordinar o seguimento das actuacións e medidas adoptadas co alumnado con NEAE.

-Convocar ós profesionais para as reunións de coordinación e seguimento que considere prioritarias.

-Informar e elevar á XE as propostas e actualizacións de organización do alumnado con neae.

-Manter unha estreita comunicación e colaboración coas familias dos alumnos con NEAE, no ámbito das súas competencias.

-Realizar a avaliación inicial do alumnado procedente do estranxeiro cando sexa requerido pola dirección do centro.

· **Xefe/a de estudos**

-Velar polo desenvolvemento e cumprimento das concrecións anuais do PXAD.

-Propoñer o profesorado de apoio con dispoñibilidade horaria, asignando cursos e/ou alumnos.

-Facilitar na organización do centro tempos para cantas reunións sepre vexan neste plan.

-Decidir, co asesoramento da xefa do DO se fora necesario, as prioridades en canto á atención decasos, medidas e organización e distribución dos recursos do alumnado non incluído como NEAE e que por tanto non foi avaliado polo DO.

-Realizar cantas modificacións e actualizacións sexan necesarias, respecto do punto anterior, en orde as prioridades e o grao de eficacia avaliado.

-Velar polo cumprimento dos requisitos recollidos neste plan, no relativo á asignación de apoios.

- Realizar e coordinar o seguimento das actuacións e medidas adoptadas co alumnado de atención á diversidade suxeito a medidas ordinarias con apoio.

-Trasladar á xefado DO todas as demandas de intervención solicitadas a través da dirección.

-Actuar nos casos de risco de absentismo cando as actuacións dos titores resultaran insuficientes.

· **Director**

-Designar o profesorado de apoio con dispoñibilidade horaria.



-Designar o profesorado especialista con dispoñibilidade horaria para apoio ó alumnado con NEAE.

-Autorizar as seguintes medidas extraordinarias:

-Apoios das especialistas de PT/AL, propostos pola xefa do DO coa aprobación da xefatura de estudos.

-Flexibilizacións do horario semanal, no suposto de alumnos con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, sempre que a proposta educativa acordada entre o centro e a familia, cos informes favorables dos servizos de orientación o aconsellen.

- Velar polo cumprimento das funcións do persoal auxiliar técnico educativo.

·Persoal auxiliar técnico educativo

-Apoiarán ó profesorado con alumnado con NEE, que dispoñan de informe no que se faga constar esta necesidade, en todo o relativo a actuacións que faciliten ou permitan o acceso ó currículo do alumno/a.

7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

1.-Reunión inicial para o tratamento de aspectos relacionados coa atención á diversidade.

Será convocada pola xefatura de estudos, no mes de setembro de cada curso. Poderá contar coasesoramento da orientadora. Estará dirixida a todo o profesorado e nela darase conta das actuacións previstas para o curso, tipos de medidas, destinatarios, procedementos e, en xeral, calquera aspecto de interese no que atinxe ó desenvolvemento deste PXAD.

2.-Reunións de coordinación e seguimento

Unha vez establecidas as medidas organizativas e curriculares para determinados alumnos e concretadas no correspondente programa de reforzo ou adaptación curricular, tratan de garantir a debida coordinación e desenvolvemento das mesmas.

Finalidade

Intercambiar impresións e información sobre o plan ou programa establecido, a eficacia das medidas propostas e posibles modificacións para mellorar a resposta ás necesidades destes alumnos.

Asistencia

Todos aquelas persoas que participen conxuntamente no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe referido a un ou a varios alumnos e nunha ou varias materias.

É dicir:

- Titores e/ou profesores de área.
- Mestres de apoio (especialistas de PT/AL e non especialistas , de ser o caso)

Para tratar algún aspecto determinado, poderán asistir outros profesionais, como a orientadora, sempre que sexa requerida a súa presenza na reunión.

Frecuencia

Recoméndase unha periodicidade quincenal ou, como mínimo, mensual. A comezo de cada curso, o xefe/a de estudos, oída a CCP, debe prever a organización dos horarios o xeito de garantir estas reunións.

3.-Reunións orientadora con especialistas de PT e AL

Finalidade

Seguimento e avaliación das medidas organizativas e curriculares relativas ó alumnado con neae, atendido por estas especialistas.

Frecuencia

Periodicidade semanal, quincenal ou mensual (mínimo) dependendo da organización interna do departamento de orientación.

4.-Reunións orientadora con xefe/a de estudos

Finalidade

Coordinación, seguimento e avaliación na aplicación das actuacións, medidas e/ou programas establecidos no ámbito da atención á diversidade.

Frecuencia

Periodicidade quincenal ou mensual (mínimo), correspondendo á xefatura de estudos prever eses tempos na organización académica do centro.

5.-Coordinación entre cursos e etapas

En xeral, a presenza de representantes dos cursos e etapas no seo do DO, permite o tratamento en común de calquera aspecto pertencente a este ámbito, sen prexuízo das competencias propias daCCP.

8 Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

Familias

Grupalmente:

- Reunións periódicas (como mínimo a comezo de curso para informar sobre aspectos curriculares e organizativos no ámbito desteplan:
 - o Información xeral sobre os resultados do período de avaliación inicial, programas, obxectivos e criterios de avaliación.
 - o Finalidade e orientacións relativas ás tarefas extraescolares.
 - o Normas de convivencia.
 - o Xustificación das faltas.
- Conveniencia de convocatoria dalgunha reunión máis (2º trimestre) no suposto de novasmedidas adoptadas de carácter xeral (curriculares e/ou organizativas),coa finalidade de informar, xustificar e requerir a colaboración das familias nos aspectos que sexan demandados.
- Posibilidade de reunións informativas e de colaboración, impulsadas polas titorías co asesoramento do departamento de orientación, de ser requerido, no ámbito da súa competencia.

Individualmente:

- Información previa á aplicación das medidas previstas neste plan, e xustificación das mes-mas por parte dos titores, preferentemente mediante entrevista presencial. Seguimento periódico en tanto permanezan vixentes.

- Entrevista coa orientadora, durante o proceso de avaliación psicopedagóxica e á conclusión da mesma para informar das conclusións máis relevantes no caso de informe psicopedagóxico.
- Comparecencia inmediata dos responsables legais perante a persoa titora e xefe/a de estudos no caso de requerimento diante de situacións constitutivas de absentismo escolar.
- Entrevistas coa persoa responsable da orientación para asesoramento no marco das súas competencias, previa solicitude a través do titor ou titora do alumno, con cita previa, nos ca-sos en que a demanda esté xustificada.
- Posibilidade de solicitar directamente entrevista co orientador/a no caso de consulta e asesoramento sobre aspectos do desenvolvemento persoal e académico dos fillos, dentro do ámbito da orientación educativa.

Servizos externos

En xeral, pola dificultade engadida para o establecemento de coordinacións con profesionais e institucións externas ó centro, a persoa responsable da orientación será a encargada de promover actuacións que sexan necesarias e de seleccionar, canalizar e organizar as demandas e propostas que se lle formulen. Na concreción anual do PXAD deberá recollese unha previsión mínima de actuacións neste ámbito de colaboración.

En todo caso, cómpre contemplar o seguinte:

Ø Co servizo de orientación do IES

- Reunión no último trimestre do curso, para dar traslado da información máis relevante do alumnado que promociona á etapa de secundaria.

Ø Co EOE

- As eventuais demandas para a súa intervención realizaranse por medio do protocolo correspondente, dende o departamento de orientación.

Ø Cos servizos municipais

- A derivación de alumnos realizarase por medio dos protocolos vixentes.

Ø Cos profesionais dos servizos sanitarios.

- Sen prexuízo da comunicación por diferentes medios e canles, a dirección do centro facilitará a asistencia da orientadora e, se fora preciso, doutros profesionais a aquelas reunións que estean xustificadas pola natureza e prioridade do caso que se tratase, a fin de intercambiar información e coordinar actuacións.

9 **Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.**

Para todas estas medidas extraordinarias levaranse a cabo o proceso descrito con anterioridade utilizando os formularios á disposición na Dirección do centro.

1.- Para calquera asignación de recursos e/ou medidas extraordinarias, será **condición necesaria dispoñer de informe emitido polo servizo de orientación** do propio colexio ou do centro de procedencia, de ser o caso, ou dos servizos externos (EOE).

2.- A demanda de intervención da orientadora, nos casos de avaliación psicopedagóxica e doutras necesidades, deberá formalizarse por escrito, por medio da cumprimentación de documentos de derivación.

Entre estes documentos se incluírán o **documento de solicitude** escrita dirixido á dirección, que dará traslado da mesma á xefa do DO e a cumprimentación por parte da persoa solicitante de **cuestionarios de derivación**. Na solicitude de intervención, a persoa que a realiza deberá especificar, cando menos, o motivo dela, cales foron os primeiros elementos de alarma e cando se produciron, así como as medidas que xa se adoptaron. Esa solicitude debe contar, de ser o caso, coa autorización escrita da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

3.- No último trimestre de cada curso a xefa do DO elaborará un documento coa previsión de necesidades para o seguinte, a fin de determinar os recursos dispoñibles no propio centro e de informar á dirección no caso de eventuais necesidades sen posibilidade de ser atendidas segundo as necesidades avaliadas.

4.- Ó comezo de cada curso, a xefa do DO, tomando como base o documento anterior, elaborará a proposta de organización da atención do alumnado con NEAE, que conte con algún dos informes preceptivos.



5.-Na elaboración da proposta contará coa participación do profesorado especialista de PT/AL, profesorado titor dese alumnado e outros especialistas, de ser o caso. Este principio tamén é aplicable no caso de modificacións na organización e distribución de apoios.

6.- Esta proposta terá un carácter flexible, estará permanentemente aberta a modificacións, atención de novas prioridades e será responsabilidade da xefa do DO actualizala cando resulte necesario, oídos os especialistas e titores, e coa aprobación da XE.

7.- No suposto de imposibilidade de atención dalgún caso ou casos, segundo as orientacións previstas, procurarase unha distribución proporcionada dos recursos entre todo ese alumnado, sempre que segaranta a atención mínima necesaria. De non poder garantir o anterior, a xefa do DO comunicaría á dirección do centro os casos que quedarían provisionalmente sen a atención especializada para informar ós órganos de goberno e ás instancias que correspondan.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

Anexo VIII.- Plan de Convivencia

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA-SOFÁN

2024/2025

ÍNDICE:

1-INTRODUCCIÓN

2-ANÁLISE DA CONVIVENCIA DO CONTEXTO ESCOLAR DO CENTRO

3-OBXECTIVOS

3.1- OBXECTIVOS XERAIS

3.2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E PROGRAMAS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR.

4.1- MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

4.2- MEDIDAS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

4.3- MEDIDAS PARA A FORMACIÓN FAMILIAR

4.4- PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR

5-NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

5.1- DEREITOS DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

5.2- DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

5.3.- NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR

5.4.- NORMAS DO TRANSPORTE ESCOLAR

5.5- NORMAS SOBRE O DEBIDO USO DA SINISTALACIÓNS, ESPAZOS E MATARIAL

5.6- NORMAS RELATIVAS ÁS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

5.7-NORMAS RELATIVAS AO USO DAS TIC

6.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

6.1-CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

6.2-CONDUCTAS LEVEMENTE PREXUDICIAIS Á CONVIVENCIA

7- MEDIDAS CORRECTORAS

7.1-GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

7.2-ÁMBITO DE CORRECCIÓN

7.3-MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

7.4-MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA



8- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

8.1-DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

8.2-PERSOAS IMPLICADAS

8.3-SINAIS DE ALARMA

8.4-ACTUACIÓN

8.4.1-PREVENCIÓN

8.4.2-INTERVENCIÓN

9- PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR

9.1-MEDIDAS PREVENTIVAS

9.2-CONTROL DA ASISTENCIA A CLASE E REXISTRO DAS AUSENCIAS

9.3-EXPEDIENTE DE ABSENTISMO

10- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓ DE CONVIVENCIA

10.1- COMPOSICIÓN

10.2- FUNCIONS, REUNIÓNS E PLAN DE ACTUACIÓN

11- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON AXENTES EXTERNOS

11.1-CANLES DE COORDINACIÓN ENTRE OS DISTINTOS ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN

12-DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

13- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

14-PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL



QINTROCCUCCIÓN:

O plan de convivencia que a continuación se presenta está elaborado atendendo ao recollido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Todo o que nel se recolle atende á idiosincrasia do Ceip Plurilingüe Gándara-Sofán, un centro de liña 1 situado nun entorno rural dentro do concello de Carballo. Nel alumnos/as procedentes de diferentes parroquias (Verdillo, Sofán, Aldemunde e, cada vez en maior cantidade, de Carballo).

Neste Plan de convivencia artículase a convivencia escolar do centro e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que fan falta alcanzar, as normas que a regulan e as actuación que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

Así mesmo, este plan integra o principio de igualdade entre homes e mulleres e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas e as actuación, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e recolle actuación preventivas, reeducadoras e correctoras.

Este plan de convivencia tamén se elabora atendendo aos principios educativos do centro, recollidos no seu PEC, e que son os seguintes:

- Buscar o éxito académico.
- Lograr o desenvolvemento integral do alumnado.
- Educar para a convivencia.
- Optimizar e potenciar os recursos materiais e persoais do centro.

2.- ANÁLISE DA CONVIVENCIA DO CONTEXTO ESCOLAR DO CENTRO

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e solidariedade mutua, expresada na interrelación

harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, á súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

De forma xeral, o clima de convivencia dentro do centro é positiva e non se observan problemas graves na convivencia diaria entre os membros da comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado). O alumnado amosa bo clima de convivencia en xeral, salvo conflitos puntuais e esporádicos.

Si que se considera relevante mellorar as competencias comunicativas e de resolución pacífica de conflitos entre o alumnado, así como ofrecer información e formación ás familias respecto ao impacto das redes sociais e o acceso a Internet do alumnado de maior idade do centro.

Resaltar deste centro a súa diversidade en canto a necesidades específicas de apoio educativo, as cales se entenden como un aspecto enriquecedor para o propio centro, o seu alumnado, o profesorado e o resto da comunidade educativa, e como unha oportunidade para o crecemento persoal e grupal.

A comunicación entre as familias e o centro é fluída e lévase a cabo por diferentes canles: presencial, telefónica ou Abalar. Tendo en conta a organización lectiva e pedagóxica do propio centro, as familias teñen a oportunidade de expresar todas as súas dúbidas e comentarios sempre que así o requiran, dentro dos principios de tolerancia e respecto mutuo.

3.- PRINCIPIOS BÁSICOS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

Como convivencia entendemos a capacidade de vivir coas persoas e o medio que nos rodea, baseándose no exercicio da liberdade, da responsabilidade e do respecto á

diferenza e á capacidade dos integrantes do noso centro para elixir a conduta axeitada e, en caso contrario, responder das consecuencias das nosas accións.

Deste modo, enténdese por convivencia positiva o seguinte:

- Aquela que permita a resolución de conflitos dun xeito creativo, responsable, que permita mobilizar e/ou adquirir as actitudes, valores e normas que favorezan o incremento da madurez persoal.
- Aquela que se asenta en valores como o respecto, a tolerancia, a solidariedade e a xustiza social.
- Aquela que permita adquirir estratexias de comunicación positiva, para incorporalas á bagaxe formativa de cada persoa, co fin de contribuír á formación integral.
- Aquela que dote ó centro dun estilo relacional cívico, democrático e participativo.

O noso centro, no seu proceso de ensino-aprendizaxe desenvolverá valores, reforzando entre eles o esforzo, a creatividade, a lealdade, a xenerosidade, a autenticidade e a responsabilidade persoal. Para lograr estes valores, a familia xoga un papel fundamental, pois os alumnos e alumnas, desde a infancia, aprenden condutas que favorecen unha convivencia harmónica e unha axeitada comunicación, dándolles a seguridade suficiente para desenvolverse dunha forma correcta no ámbito social, adquirindo así diversos valores e responsabilidades.

O profesorado debe actuar con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta á persoa e ás diferenzas individuais do alumnado. Debe coidar que as súas accións non firan, senón pola contra, que a medida correctora que se aplique ao alumnado vexa que é xusta, necesaria, sentida, comprendida e aceptada para que así se converta en motivación para un cambio positivo.

3.- OBXECTIVOS

3.1.- OBXECTIVOS XERAIS

Os recollidos no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

- Facilitar ao órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia do centro.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Fomentar no centro os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poden producirse no centro, e aprender a usalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, violencia de xénero e de actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Contribuír dende o ámbito da convivencia a adquisición das competencias básicas, en especial das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, comunicación e cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade.

3.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Manter o clima de seguridade, respecto e confianza que existe no centro, aprendendo a diferenciar ambientes seguros dos que non o son, impulsando relacións fluídas e respectuosas entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Promover a participación das familias na labor formativa, asesorándoas e informándoas daquilo que demanden en relación á estimulación dos seus fillos/as, da

promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, do relacionado coa colaboración familia-escola.

- Fomentar a reflexión e o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas, dende a participación democrática.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación ao novo centro.
- Previr situacións de violencia ou agresividade entre os membros da comunidade educativa e fomentar actuacións que contribúan á formación integral e emocional de cara á solución dialogada dos conflitos.
- Incidir na educación en valores para a paz, e a educación cívica e moral (Autoestima, Solidariedade, Tolerancia, Cooperación...), así como educación emocional, coa finalidade de formar na toma de decisións e na participación razoada e responsable.
- Coñecer e aplicar as estratexias de resolución pacífica de conflitos, así como coñecer e valorar as características do grupo de alumnos/as para producir a resposta adecuada.
- Aplicar axeitadamente as normas de convivencia establecidas, tendo sempre en conta os dereitos e deberes establecidos para todos, coas correccións oportunas derivadas do incumprimento dos mesmos.

4.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E PROGRAMAS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR

4.1- MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Como medidas preventivas de conflito, de empatía e sensibilización, entendemos as seguintes:

- **Adquisición, por parte de toda a comunidade educativa, de valores persoais e sociais** que posibilitan o exercicio activo da cidadanía respectuosa e democrática, e unha boa convivencia, valores tales como: a dignidade, a xustiza, a liberdade, a responsabilidade, a igualdade, a solidariedade, o respecto, a tolerancia, a paz, o diálogo, a participación, a autoestima, a empatía, a autonomía, a diversidade, o control emocional, o espírito crítico e creativo...



- **Asunción, por parte do profesorado, dun estilo educativo asertivo, onde o alumno/a consiga:**

- Respecto a si mesmo/a.
- O respecto polos demais.
- Ser directo, o que implica que as mensaxes sexan transmitidas de xeito claro, sincero e preciso.
- Ser honesto, transmitir con sinceridade os propios sentimentos, opinións e desexos.
- Ser apropiado, dicir o que debemos e queremos dicir, pero, ademais, tendo en conta o tempo e o contexto no que se produce a interacción; non responder a destempo ou fóra de lugar.
- Control emocional, supón encarrilar as emocións para que non provoquen reaccións non desexadas e negativas para a comunicación.
- Saber expresar a mensaxe desexada de xeito correcto, coa estrutura e o proceso adecuados.
- Saber escoitar, realizar un esforzo para comprender o que os demais nos queren transmitir.
- Ser positivo, recoñecer e informar aos demais que nos damos conta de que eles, igual ca nós, intentan beneficiar e axudar.

-Ante un conflito, **actuar atendendo aos seguintes criterios de resolución pacífica, calma e tranquilidade** (calmarnos, manternos sereno/a, evitar o enfrontamento, sobre todo diante do grupo clase, non perder os papeis nin mostrar un enfado incontrolado, e debemos impoñer unha autoridade asertiva, mediante estratexias coma):

- Apoiarse nas normas, nos dereitos dos/as demais, na tarefa...
- Emprazar ao/á alumno/a para falar con el/a fóra da aula.



- Deixarlle un respiro, un tempo para que se calme.
- Permitirlle que saia un tempo fóra da aula e que se incorpore cando estea máis calmado.
- Ofrecerlle alternativas claras para que elixa como quere resolver o problema.

4.2- MEDIDAS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

NORMAS DE AULA

Estas deben constituír un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución das nosas metas.

Entre estas medidas citamos as seguintes:

- Establecer normas claras de funcionamento na aula en coordinación coas do centro cunha formulación positiva.
- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima do alumnado, especialmente cando se detecten situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza aceptando as suxestións do alumnado.
- Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro.
- Crear a figura do alumno/a axudante para os estudantes novos que entren no centro ou noutros casos nos que sexa beneficioso.

As normas de aula deben ser consensuadas entre o/a titor/a, o profesorado e o alumnado.

Ao profesorado titor correspóndelle o labor de coordinación das normas de aula. Deberase ter en conta os seguintes criterios para a elaboración destas normas:

- Deben ser claras e concretas, para que resulte fácil determinar se se cumplan ou non.

- Enunciadas, preferiblemente, en positivo: mellor expresar un comportamento correcto que unha prohibición.
- Que resulten realistas e fáciles de cumprir.
- Que sexan xustas e comprensibles; que se entenda o seu sentido, a súa razón de ser.
- Non excesivas en número.
- Non poden ir contra as normas establecidas no centro nin contra outras de rango superior.
- Deben elaborarse nas primeiras clases de cada curso académico.
- Cada norma deberá conter unha medida correctora no caso de incumprirse.
- Resulta imprescindible que todo o profesorado as cumpra.
- Tamén se deben incluír normas para o profesorado.

As **normas para o alumnado** deben referirse polo menos aos seguintes aspectos:

- Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula.
- Compromiso para traer á clase todos os materiais escolares que se precisen (libros, cadernos, bolígrafos... e outros).
- Compromiso para realizar puntualmente as tarefas que encomenda o profesorado.
- Compromiso para a escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- Compromiso para respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin molestalas.
- Compromiso para respectar todo o material da aula, individual e colectivo.
- Compromiso para deixar a aula ordenada e limpa antes de abandonala, contemplando sempre o aforro de enerxía.

As **normas para o profesorado** deben referirse aos seguintes aspectos

- Compromiso de puntualidade.
- Compromiso de respectar a todas as persoas da aula.
- Compromiso para explicar os contidos de maneira clara e razoada.
- Compromiso de diálogo coas persoas da aula.

- Compromiso de ser xusto nas apreciacións e cualificacións.
- Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas cumprir de maneira xusta e imparcial.

Deberanse contemplar as posibilidades do alumnado para reclamar ante o incumprimento das normas por parte do profesorado.

MEDIDAS CURRICULARES

Os valores para a convivencia e o respecto á diversidade traballaranse nas dúas etapas educativas do centro, dende a Educación Infantil ata a Educación Primaria. Realizarase de forma globalizala na primeira e transversalmente na segunda. Ademais, tamén se incluírá a súa presenza na materia de Proxecto Competencial e de Valores Cívicos e Sociais.

MEDIDAS DE COORDINACIÓN

Será imprescindible a coordinación das actuacións docentes, que se recollerán na programación e o desenvolvemento do currículo. O seguimento destas levarase a cabo correspondentes sesións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, sesións de avaliación e xuntanzas mensuais da Comisión de Convivencia e o Departamento de Orientación.

Ao longo do curso escolar, levaranse a cabo actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, así como outras dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

4.3. MEDIDAS PARA A FORMACIÓN FAMILIAR

Somos conscientes de que todo o proceso formativo se sustenta nunha estreita colaboración entre escola e familia sen que resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo pola súa colaboración para resolver os conflitos cos seus fillos/as.

Consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias e na súa necesidade de formarse tamén en temas coma:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais e cara o contorno do Centro de ensino.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a pórse no lugar do outro e a controlar as emocións.
- Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- Comprender a etapa de adolescencia e a colaboración dos pais e nais cos seus fillos e fillas nesta idade
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino, formación e socialización.

4.4- PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Ao longo de cada curso e en función das necesidades do mesmo, desenvolveranse diferentes programas para a mellora da convivencia escolar:

-PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR

Este programa busca formar a alumnado "especialista" en resolución pacífica de conflitos. Este equipo de mediación escolar, encargárase de analizar a convivencia na aula e nos espazos de lecer, así como en filas e demais cambios de dependencias. Estará formado por alumnado voluntario, entre o que se inclúan nenos/as reflexivos/as, que saiban ser imparciais ante un conflito entre compañeiros/as.

Durante cada recreo, este equipo será o punto de referencia da súa aula cando xorda algún conflito. Os nenos/as mediadores reuniranse e intentarán resolver a situación

(buscando, de ser necesario, un membro de Departamento de Orientación ou do Equipo Directivo). Ademais, tamén estará pendente do alumnado que quede só no patio, e serán os guías do alumnado novo do centro.

-PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL

Este programa pretende contribuír ao desenvolvemento do benestar socioemocional de toda a comunidade educativa do Ceip Plurilingüe Gándara-Sofán, co fin de posibilitar que se desenvolvan actuacións e estratexias eficaces dirixidas ao desenvolvemento do benestar socioemocional, contribuíndo a dar unha resposta preventiva e integral a todo o alumnado, profesorado e familias, nun marco que promova a escola inclusiva e a convivencia positiva.

Dito programa, busca en termos xerais, os seguintes obxectivos:

- Visibilizar ante toda a comunidade educativa a importancia da saúde emocional.
- Fomentar estratexias educativas para promover a educación emocional entre o profesorado do centro.
- Buscar as condicións óptimas necesarias para un axeitado desenvolvemento socio-emocional do alumnado do centro.

Dotar ao profesorado, e á comunidade educativa en xeral, das estratexias necesarias para o seu autocoidado e benestar emocional.

- Desenvolver accións para maximizar un óptimo clima de convivencia e relacións sociais no centro.
- Promover a existencia de espazos e tempos dispoñibles no centro para o traballo específico da intelixencia emocional, habilidades sociais, empatía, asertividade e resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer a coordinación entre profesionais do ámbito social, educativo e sanitario, para mellorar a calidade e a eficacia das intervencións, creando sinerxias que potencien a prevención e a intervención.

-PROGRAMA DE ECOPATRULLAS

Este programa ten o obxectivo de concienciar a todo o alumnado do centro, da necesidade de coidar o entorno máis próximo e, por extensión, todo o planeta.

A totalidade dos alumnos/as de Primaria, estará incluída en grupos ecopatrullas, que realizarán o seu labor durante a hora do recreo e noutros momentos puntuais:

- NO recreo: vixiar que se manteña o patio limpo, que non se tire lixo ao chan, recoller papeis e outra lixo que atopen,...
- Regar as plantas.
- Revisar e anotar os datos diarios recollidos polo pluviómetro.
- Colaborar na colocación de pratos e cubertería no comedor.

-PROGRAMA CLUBS DE LECTURA

Este programa busca crear un pequeno club no que participen o alumnado de sexto, o profesorado e aquelas familias que así o desexen. O club levarase a cabo un venres pola tarde de cada mes na aula de radio do centro.

Os principais obxectivos do programa son:

- 1.Organizar e favorecer a participación no club de lectura dos alumnos/as de sexto de primaria, así como das familias e profesorado que así o desexen no club lector.
- 2.Relacionar as propostas lectoras do club coa temática anual do proxecto da biblioteca escolar.
- 3.Invitar e motivar as distintas aulas para que graven na radio o resultado dos traballos relacionados coas emocións.
- 4.Promover lecturas en inglés e gravar pequenos fragmentos para a radio do centro.
- 5.Facer lecturas de pequenos fragmentos das lecturas obrigatorias de 6º de primaria, tanto en galego como en castelán.

-PROGRAMA PATIOS DINÁMICOS

O programa Patios Dinámicos, que está recollido dentro do Proxecto Terra, busca crear no centro o patio ideal que desexan os seus alumnos/as. Para tal fin, recolleranse as propostas de todos os nenos/as para deseñar o patio que máis lles gusta. Queremos

facen do patio un lugar acolledor e favorable para os momentos de lecer, que permita tanto o xogo como a busca da calma.

Outro dos obxectivos principais deste programa é facer que ningún neno/a quede só na hora do recreo.

Para lograr estes obxectivos, no presente curso xa se implementaron varias melloras:

- Colocación de máis mesas e bancos para o descanso e a merenda.
- Pintura de xogos no solo.
- Organización de diferentes actividades voluntarias no hora do recreo.

-OUTROS PROGRAMAS PREVENTIVOS

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a fomentar o respecto da igualdade de sexos. A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos. Debemos ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

En concreto no Centro debe existir o uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e se visualice o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información. Tamén se buscará sensibilizar e concienciar ao alumnado coa realización de actividades de formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación e outras actuacións como:

- Repartir de maneira equilibrada as tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos os sexos.
- Ter unha igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.).

-Seleccionar os textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).

-Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.

5.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Relativas ás entradas e saídas:

-As portas das instalacións do centro abranse e pecharanse quince minutos antes/despois da hora oficial de comezo/finalización da actividade escolar, mesmo en caso de fenómenos meteorolóxicos adversos (chuvia, neve,...), salvo excepcións xustificadas. O alumnado que permaneza no exterior das instalacións educativas con anterioridade ou posterioridade ao horario oficial de apertura ou peche destas é responsabilidade única e exclusivamente dos seus pais, familiares ou titores legais.

-As portas das instalacións do centro pecharanse cando todo o alumnado abandone estas. A partir dese momento o alumnado non poderá acceder ás instalacións, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

-Transcorridos os dez minutos de cortesía para o acceso ao centro educativo non se garante a apertura do acceso ao recinto escolar. Se algunha alumna ou alumno tivese que acudir fóra dos horarios oficiais establecidos deberá facelo cunha persoa adulta responsable do mesmo que deberá acompañalo ata a entrada do edificio, onde será recibido polo profesorado de garda ou o conserxe que o acompañará ata a súa clase e o adulto deberá abandonar o centro a continuación. Se non houberse contestación por parte do centro á petición de acceso do alumnado, a persoa adulta deberá facerse cargo da nena ou neno ata que o centro tivese a oportunidade de abrir as instalacións.

Relativas á información á comunidade:

-As informacións de carácter xeral publicaranse nos taboleiros de anuncios do centro.

-Aquelas informacións que o equipo directivo, titores ou profesorado consideren de carácter particular poderán ser publicadas nos taboleiros de anuncios citados anteriormente, a través de notas ou circulares repartidas ao alumnado, mediante a plataforma Abalar ou o recurso que se considere máis axeitado.

5.1. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

-O alumnado deberá respectar as súas compañeiras e compañeiros e ter o comportamento axeitado en situacións colectivas. As diverxencias que poidan xurdir entre estes deberán resolverse mediante o diálogo, nunca mediante o uso da violencia.

-O alumnado deberá respectar a privacidade das pertenzas persoais dos membros da comunidade educativa, mobiliario de uso persoal do profesorado e outros membros da comunidade, almacéns do centro ou instalacións de uso restrinxido, salvo permiso expreso da persoa responsable en cada caso.

Entradas e saídas do centro

-O alumnado transportado en autobús, esperará dentro do pavillón ata que soe a música, momento no que se colocará na fila correspondente ao seu curso. No caso do alumnado acompañado das familias, poderá entrar ao pavillón un par de minutos antes da hora da entrada.

-A saída do centro realizarase en fila e co comportamento axeitado, sendo acompañados polo profesorado, que nese intre estea impartindo docencia con cada grupo, ata o comedor, porta da entrada ou portalón de transporte, momento no que o profesorado de garda se fará cargo da súa vixilancia.

Permanencia no centro

-O alumnado que teña que desprazarse dunha aula a outra do centro deberá realizalo en orde, sen molestar, en fila e co comportamento axeitado.

-Durante o período de tempo entre clases, o alumnado deberá permanecer sentado no seu sitio, sen berrar nin molestar, sen saír aos corredores e co comportamento adecuado.

-O alumnado non poderá abandonar as instalacións do centro durante o horario lectivo, salvo que os pais, ou titores legais ou persoa debidamente autorizada que viñese a buscalos en persoa.

-Se un alumno se encontrase indisposto, avisarase a súa familia para que veña ao centro a recollelo. Se a familia non puidese acudir, o equipo directivo, ou o titor ou profesorado responsable do alumno, tomará as medidas que considere axeitadas para que o neno sexa atendido. En caso de urxencia maior, chamarase ao 112 e acompañarase ao menor ata que cheguen os responsables do menor.

-Non se permite traer ao centro nin o uso de móbiles nin calquera outro aparello similar(ipad, tablet...).

-Así mesmo tampouco se permite o uso de chupetes nin obxectos similares.

Asistencia e puntualidade

-A asistencia do alumnado ao centro en período lectivo é obrigatoria. Se algunha nena ou neno non pode acudir ao centro por algunha circunstancia especial, os seus pais ou titores legais deberán comunicalo ao titor e entregar o xustificante escrito que proceda.

-As faltas de asistencia continuada e inxustificada serán comunicadas ao servizo de inspección educativa, que procederá segundo a normativa vixente ao respecto.

-O alumnado ten a obriga de ser puntual na hora de acceso ao centro. Se algunha nena ou neno non pode entrar ao centro (por algunha circunstancia especial) á hora establecida, os seus pais ou titores legais deberán comunicalo ao titor e entregar o xustificante escrito que acredite a devandita situación (se o centro o solicita).

-Unha falta de puntualidade inxustificada e superior a 10 minutos significará que o alumno/a deberá esperar á seguinte sesión acompañado/a dun responsable do centro (profesorado de garda ou dirección).

-As faltas de puntualidade continuadas e inxustificadas na hora de entrada ao centro serán comunicadas ao equipo directivo, o cal procederá segundo a normativa legal vixente.

-O alumnado deberá cumprir e respectar os horarios oficiais establecidos polo centro sen interferir no normal desenvolvemento da actividade docente.

Recreo

-O alumnado deberá respectar os xogos e actividades dos seus compañeiros/as durante o período de recreo. Non se poderán practicar xogos ou actividades violentas, discriminatorias ou que prexudiquen a convivencia do centro.

-Durante o período de recreo o alumnado que necesite acceder aos aseos ou ás aulas deberá pedir permiso ao profesorado que se encontre nese momento no recreo.

5.2. DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS

Entradas e saídas do centro

-As familias ou titores legais deixarán e recollerán o alumnado fóra do recinto escolar, agás en caso de fenómenos meteorolóxicos adversos (chuvia, neve,...), que poderán ir buscar os nenos ou nenas á entrada do edificio. Se algún familiar ou titor legal necesitasen entrar ao centro, deberán esperar a que todo o alumnado abandonase as instalacións para acceder a estas, sen dificultar a organización escolar.

-Se algunha nai, pai, familiar ou titor legal non puidera vir a recoller á súa filla ou fillo, deberá autorizar por escrito, a persoa encargada de recollelos e comunicalo ao titor, a través de calquera outro medio. Non se entregará ningún nena ou neno a ningunha persoa que non fose autorizada previamente pola súa familia ou titores legais.

-As nais, pais, familiares ou persoas debidamente autorizadas son responsables únicos da recollida do alumnado na porta de entrada/saída das instalacións escolares ás horas oficialmente establecidas polo centro. Se non houberse ningunha persoa responsable da nena ou neno no momento da saída do centro deberase proceder a dar o aviso correspondente á autoridade legal competente.

-As familias serán as encargadas de traer e recoller ao seu fillo ou filla durante o período de adaptación en 4º de Educación Infantil, respectando os horarios establecidos polo centro.

Permanencia

-Durante o período lectivo os pais, nais ou titores legais deberán absterse de entrar ás instalacións escolares para non alterar o normal desenvolvemento da actividade docente, salvo situacións debidamente xustificadas e solicitando permiso previo.

-En caso de cita co/a titor/a ou profesor/a, os familiares ou titores legais poderán acceder ao centro unicamente para tal fin, debendo abandonar as instalacións unha vez concluída a cita. O profesorado ou titor/a acudirá a recibir o familiar ou titor legal, que deberá esperalo na entrada do edificio, para non interferir na actividade e organización do centro.

Asistencia e puntualidade

-A asistencia do alumnado ao centro en período lectivo é obrigatoria. Os pais ou titores legais teñen o dereito e a obriga de levar as súas fillas e fillos ao centro escolar. Se algunha nena ou neno non pode acudir ao centro por algunha circunstancia especial, os seus pais ou titores legais deberán comunicalo ao titor/a e entregar o xustificante escrito que proceda.

-As faltas de asistencia continuadas e inxustificadas serán comunicadas ao servizo de inspección educativa, que procederá segundo a normativa vixente ao respecto.

-Os pais ou titores legais teñen a obriga de levar as súas fillas e fillos ao centro escolar con puntualidade. Se algunha nena ou neno non pode entrar ao centro (por algunha circunstancia especial) á hora establecida, os seus pais ou titores legais deberán comunicalo ao titor e entregar o xustificante escrito que acredite a devandita situación.

-As faltas de puntualidade continuadas e inxustificadas na hora de entrada ao centro serán comunicadas ao equipo directivo, o cal procederá segundo o establecido no presente regulamento e na normativa legal vixente.

-As familias ou titores legais deberán cumprir e respectar os horarios oficiais establecidos polo centro sen interferir no normal desenvolvemento da actividade docente.

Titorías e reunións

-Os pais ou titores legais do alumnado que desexen unha titoría ou reunión persoal co/a titor/a ou profesorado da súa filla ou fillo deberán solicitar día e hora en persoa, por escrito, mediante Abalar ou por teléfono, coa antelación suficiente. O horario de titorías será comunicado ao comezo de cada curso escolar, por motivos de organización académica.

-Os pais ou titores legais do alumnado que desexen unha reunión co equipo directivo deberán solicitar día e hora de atención en persoa, por escrito ou por teléfono, coa antelación suficiente. O horario de atención do equipo directivo será comunicado ao comezo de cada curso escolar, por motivos de organización académica.

-Os pais ou titores legais do alumnado poderán solicitar información sobre o proceso educativo da súa nena ou neno, respectando o conduto axeitado en cada momento (segundo esta orde: profesorado, titora ou titor, directora ou director e, por último, inspección educativa). Se non se estivesen de acordo coa actuación dalgún membro desta comunidade educativa, deberán absterse de menosprezar a autoridade do profesorado ou titora/titor ante o alumnado.

-Os pais ou titores legais do alumnado respectarán e farán respectar ás súas respectivas fillas e fillos a liberdade de cátedra do profesorado, dentro dos límites marcados pola lexislación.

Coidado dos fillos/as

-As nais, pais ou titores legais do alumnado deberán enviar ás nenas e nenos ao colexio todos os días nas condicións idóneas de vestimenta, alimentación, saúde e hixiene así como cos materiais e recursos necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade escolar.

-As nais, pais ou titores legais do alumnado deberán colaborar no cumprimento das obrigas do alumnado respecto a puntualidade, asistencia, xustificación de faltas, respecto cara a todos os membros da comunidade educativa, presentación de traballos, estudo..

-As nais, pais ou titores legais do alumnado (como máximos e últimos responsables da educación do alumnado) deberán colaborar, dentro das súas posibilidades, en todas as actividades escolares das nenas ou nenos; dándolles a axuda necesaria e seguindo as indicacións do profesorado.

-As nais, pais ou titores legais deberán facilitar ao alumnado as condicións ambientais (lugar de estudo e traballo con suficiente luz e silencio) para que as nenas e nenos poidan estudar e realizar as tarefas encomendadas polo profesorado.

-As nais, pais ou titores legais deberán prestar especial atención á distribución do tempo de traballo e ocio das súas fillas e fillos, reservando o tempo necesario para cada un deles á vez que se fai especial fincapé na obriga de traballar antes de poder gozar do tempo libre.

Control de esfínteres

-Os pais, titores legais ou persoa autorizada pola familia deberán acudir ao centro en caso de incontinencia do alumnado. O titor/a ou profesorado pertinente avisará por teléfono a familia para que acudan ao centro coa maior celeridade posible para que o neno ou nena non interrompa o seu proceso educativo.

-Cando o alumno ou alumna empece a escolaridade no centro será obrigatorio que teña o control de esfínteres adquirido.

Saúde/medicamentos

-As nais, pais ou titores legais deberán informar, mediante comunicación en persoa ou enchendo os cuestionarios que se lles faciliten, sobre os datos ou tratamentos médicos do alumnado que poidan afectar á acción educativa do profesorado. Se esta información

non é facilitada polas familias ou titores legais, o profesorado quedará eximido de calquera responsabilidade por descoñecemento da situación persoal do alumnado.

-Non se administrará ningún medicamento ou tratamento médico ao alumnado por parte do profesorado, salvo excepcións de extrema gravidade que contén con autorización escrita dos pais ou titores legais do alumnado e sempre que o profesorado ou titor/a este disposto a colaborar. A autorización por parte dos pais ou titores legais eximirá o profesorado que colabore na devandita actuación de toda responsabilidade, e así manifestarase obrigatoriamente por escrito e asinado, xunto coas instrucións médicas pertinentes redactadas e asinadas polo médico correspondente.

-Se algún neno ou nena debe tomar algún medicamento, a familia, titores legais ou persoas autorizadas previamente (por escrito e con coñecemento do profesorado e titora ou titor) deberán acudir ao centro para administrarllo en persoa.

-Se algún neno ou nena padecese algunha enfermidade de tipo contaxioso ou infección parasitaria (piollos...) deberá absterse de acudir ao centro para evitar a propagación desta entre o resto da comunidade educativa. No caso de que a familia ou titores legais non respectasen este artigo, o equipo directivo tomará as medidas legalmente establecidas para preservar a saúde do resto da comunidade educativa.

5.3. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Entradas e saídas do centro

-O profesorado encargado deberá custodiar e vixiar o alumnado transportando en autobús dende dez minutos antes á hora de comezo das clases.

-Os titores ou o profesorado que teña clase á primeira sesión, deberá baixar ao pavillón a recoller o seu grupo e subir con el, segundo a orde acordada.

-O profesorado de Educación Infantil acompañará o seu alumnado ata o portalón de acceso ás instalacións educativas e entregará as nenas ou nenos á persoa responsable destes. Se a persoa responsable non estivese presente, o profesorado de garda esperará durante dez minutos, como tempo de cortesía. Se transcorrido ese período

non houberse ningunha persoa responsable da nena ou neno procederase a dar o aviso correspondente á autoridade legal competente.

-O profesorado de Educación Primaria vivirá a saída do seu grupo correspondente respectando a orde na fila e a conduta axeitada do alumnado.

Permanencia

-O profesorado deberá permanecer no centro escolar o tempo estipulado na lexislación vixente.

-Calquera ausencia do centro durante o período lectivo deberá ser comunicada ao equipo directivo coa antelación suficiente para poder organizar a súa suplencia. Así mesmo, o profesorado está obrigado a xustificar documentalmente calquera ausencia segundo a normativa vixente.

Asistencia e puntualidade

-A asistencia do profesorado ao centro é obrigatoria. Calquera falta de asistencia deberá ser comunicada ao equipo directivo coa antelación suficiente para poder organizar a súa suplencia. Así mesmo, o profesorado está obrigado a xustificar documentalmente calquera falta de asistencia segundo a normativa vixente.

-As faltas de asistencia continuadas e inxustificadas serán comunicadas ao servizo de inspección educativa.

-O profesorado deberá ser puntual na súa incorporación ao centro educativo. Se algún membro do profesorado non pode entrar ao centro (por algunha circunstancia especial) á hora establecida, deberá comunicalo ao equipo directivo e entregar o xustificante escrito que acredite a devandita situación.

-As faltas de puntualidade continuadas e inxustificadas na hora de entrada ao centro serán comunicadas ao servizo de inspección educativa.

Recreo

-Os titores ou profesores de cada grupo responsabilizaranse de que todo o alumnado vaia ao recreo. Se algunha alumna ou alumno tivese que quedar en clase, o profesorado deberá permanecer co alumnado na clase e responsabilizarse deste.

5.3.- NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR

O comedor rexerese polas seguintes normas:

-Á hora da saída, os/as alumnos/as serán acompañados dos mestres que estean impartindo clase na última sesión ata a porta do centro, onde os esperará unha monitora que estará pendente do lavado das mans antes de entrar no comedor.

-A entrada ao comedor farase con tranquilidade, sen correr, nin empurrar aos compañeiros, nin gritar. As mochilas colocaranse no lugar asignado a cada nivel.

-Os alumnos sentaranse nos lugares que teñen asignados, lugares que serán fixos, podendo ser cambiados a criterios das monitoras.

-Os alumnos permanecerán correctamente sentados en todo momento, levantando a man para chamar ás monitoras se precisaran algo.

-É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que deberán dirixirse aos demais falando nun ton de voz axeitado e sen berrar. Para favorecer dita actitude, o tempo da comida poderá estar acompañado de música relaxante.

-Os alumnos están obrigados a respectar as indicacións do persoal, nos mesmos termos que ao profesorado do centro, obedecéndolles e seguindo as súas normas.

-Poñerase especial coidado no correcto uso dos utensilios de enxoval.

-Os alumnos deberán comer a cantidade que se lle sirva no prato, que será adaptada ás características de cada alumno, salvo que os pais manifesten un xusto impedimento.

-En caso de non poder comer algún alimento, deberá ser xustificado por escrito e baixo prescrición médica. As intolerancias alimentarias atenderanse dende o servizo de cociña na medida en que sexa posible.

-Non se debe tirar pan, auga ou desperdicios de comida ao chan.

-Os alumnos colaborarán co servizo de comedor, atendendo a razóns educativas, cando sexan nomeados responsables da mesa.



- Traerase un neceser co material indicado polas monitoras, para o aseo persoal, que se realizará despois de comer.
- Á hora da saída, os alumnos esperarán ata que se lle indique o momento da saída, a cal se fará do mesmo xeito que a entrada (con tranquilidade, sen correr, nin empurrar aos compañeiros, nin gritar).
- E todas aquelas normas que se establecen neste Plan de Convivencia.

Se os nenos/as do comedor non acatan estas normas básicas a monitora deberao rexistrar, podendo establecer a consecuencia que considere axeitado e proporcional a conduta como: quitarlle os xoguetes que se entregan para o tempo de xogo, ter co suxeito un tempo de reflexión, pedirlle que colabore no coidados dos pequenos... A reiteración das condutas xerará un parte e irá a comisión de convivencia onde se establecerán as medidas correctoras, aínda que resulta de vital importancia a corrección inmediata de condutas impropias por parte do monitor/a.

5.4.- NORMAS DO TRANSPORTE ESCOLAR

- Os alumnos/as deberán subir e baixar sen correr e sen empurrar, facéndoo cando os autobuses estean parados, dando preferencia aos máis pequenos, que deben ter tamén preferencia dentro.
- Ao chegar ao colexio entrarán no recinto sen demora.
- Deben obedecer ás indicacións das coidadoras e dos condutores sen discutir e tratándoos con educación; de non estar de acordo coas súas decisións, deben expoñer as súas queixas ante a Dirección do Centro.
- Calquera tipo de conflito que xurda durante o traxecto será rexistrado e comunicado á Dirección para poder adoptar as medidas que se estimen pertinentes.
- Os asentos e material dos autobuses deben respectarse como cousa propia e conservar a limpeza dentro dos coches.
- Ao subir ao autobús os nenos/as deberán de poñer o cinto de seguridade, sempre que dispoñan del, e colocar o material no lugar indicado polas coidadoras.

- Ao baixar do autobús nas paradas, débese esperar a que o coche marche antes de atravesar, para ter boa visibilidade.
- Estar ben sentado e co cinto posto durante os traslados en autobús.
- Falar baixo para non molestar ao condutor e aos compañeiros.
- Non mostrar condutas agresivas nin cos compañeiros nin coas monitoras. Dentro destas condutas agresivas enténdese: insultar, pegar, cuspir...

Se os nenos/as do transporte non acatan estas normas básicas a monitora do autobús anotará a incidencia. A reiteración das condutas xerará un parte e irá a comisión de convivencia onde se establecerán as medidas correctoras, aínda que resulta de vital importancia a corrección inmediata de condutas impropias por parte do monitor/a do bus.

5.5.- NORMAS SOBRE O DEBIDO USO DAS INSTALACIÓNS, ESPAZOS E MATERIAL

Instalacións e material:

- O persoal ou entidades alleas ao centro que desexen utilizar as instalacións do mesmo, deberán solicitalo por escrito ao á Dirección do centro coa suficiente antelación para poder tomar unha decisión, a condición de que o Concello da localidade asuma os gastos xerados por devandita utilización. O persoal ou as entidades alleas ao centro que obteñan o permiso de uso, ateranse á normativa especificada no presente documento.
- Todos os membros da comunidade educativa deberán colaborar na limpeza, orde e hixiene de todas as instalacións e espazos do centro. Se algunha alumna ou alumno realizase un uso negligente de devanditas instalacións, o profesorado poderá esixir a devandito alumnado as accións educativas que considere oportunas para repoñer ou restituír os recursos ou as instalacións ao seu estado habitual de limpeza e orde.
- Os danos, desorde, negligencias nas instalacións, espazos ou materiais do centro producidos por algún membro da comunidade educativa, ou persoas alleas á mesma que as utilicen, deberán ser reparados ou repostos; ben segundo o criterio da persoa responsable de devandita instalación, espazo ou material nese momento; ben segundo



o criterio do equipo directivo. Se se descoñecese ao responsable, a reparación ou restitución recaerá sobre todo o grupo que estivese utilizando a instalación, espazo ou material. Se algún membro de devandito grupo declinase dita responsabilidade compartida, o equipo directivo resérvase o dereito de actuación para reclamar dita responsabilidade mediante as accións educadoras que considere oportunas.

Recreo:

-O alumnado pode traer material propio para xogar durante o período de recreo (sempre baixo a súa responsabilidade). Ademais, cada aula contará con material de uso común (cordas, pelotas,...).

-O alumnado farase responsable do coidado e integridade do seu propio material. O centro non asumirá ningunha responsabilidade material ou económica derivada do deterioro, rotura, perda, que se produza en devandito material durante o seu uso ou permanencia no centro educativo.

-O alumnado que utilice material propio doutros compañeiros será responsable do mesmo durante a súa utilización. Se se producise un deterioro ou perda de devandito material o alumnado que o estivese utilizando estará obrigado a reparalo ou repoñelo.

-O profesorado poderá retirar o material propio do alumnado que sexa utilizado de xeito perigoso ou inadecuada. Este material será devolto ao alumnado segundo o criterio do profesorado.

Aseos:

-Todos os membros da comunidade educativa, e persoas alleas á mesma, deberán prestar especial atención no coidado, limpeza e hixiene dos aseos.

-Calquera persoa debe usar a cantidade adecuada de papel, xabón, auga, sen malgastar devanditos recursos.

-Cando se utilicen os sanitarios, deberase usar a cisterna e a cepillo para deixalos o máis limpos posibles para o seguinte usuario.

Aulas:

-O alumnado deberá respectar e cumprir a normativa propia de cada aula que se estableceu polo titor/a, profesorado do grupo ou ata polo propio grupo-clase

-Se algunha alumna ou alumno non respectase dita normativa, o profesorado ou titor/a poderá esixir a devandito alumnado as accións educativas que considere oportunas para a restitución da convivencia no aula.

-Non se pode comer ou beber nas aulas, excepto coa autorización do profesorado. O profesorado poderá obrigar ao alumnado a restituír a aula a un estado de limpeza adecuado para a continuación da actividade escolar, en caso de excepcións a este artigo.

5.6.- NORMAS RELATIVAS ÁS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades programadas desde o centro educativo e que están incluídas na programación xeral anual do centro ou nas programacións didácticas de cada unha das materias.

-As actividades complementarias ou extraescolares son unha actividade educativa máis do centro e, xa que logo, réxense pola mesma normativa que o resto das actividades docentes expresada no presente regulamento de réxime interno e na normativa legal vixente.

-O responsable do grupo-clase durante estas actividades será o titor/a de o mesmo coa colaboración do profesorado de apoio que en cada ocasión estipule o equipo directivo, salvo excepcións. Todos os titores/as e profesorado de apoio deberán establecer os mesmos criterios de actuación cos grupos-clase durante o desenvolvemento da actividade.

-O alumnado NON pode levar a estas actividades teléfonos móbiles, reprodutores de arquivos multimedia, cámaras de fotos ou vídeo ou calquera outro dispositivo que poida afectar ao desenvolvemento da actividade, segundo o criterio do profesorado. Estes dispositivos poderán ser requisados polo titor ou profesorado e devoltos aos pais ou

tutores legais con posterioridade á finalización da actividade. No caso de que fose necesario que o alumnado necesitase levar un destes dispositivos por motivos persoais, o pai, nai ou titor legal, deberá comunicalo ao titor ou Equipo Directivo e xustificalo debidamente, polo profesional adecuado.

-Os pais ou representantes legais do alumnado deberán responsabilizarse de que as súas fillas e fillos leven a comida e bebida necesaria para unha alimentación equilibrada durante o desenvolvemento da actividade. O profesorado poderá requisar aquelas comidas ou bebidas que non considere adecuadas segundo o seu criterio, as cales serán devoltas ao alumnado ao finalizar a actividade.

-O profesorado establecerá a cantidade de diñeiro que o alumnado pode levar cando se desenvolvan estas actividades educativas por motivos pedagóxicos. Devandito diñeiro só se utilizará en casos excepcionais e previa autorización do profesorado responsable da actividade.

-O alumnado que desexe participar nestas actividades deberá presentar a autorización escrita correspondente que o profesorado facilitaralle con anterioridade. Ningún alumno ou alumna poderá participar nestas actividades sen presentar dita autorización no prazo previsto.

-O diñeiro aportado polo alumnado para a realización destas actividades non será reintegrado. Cando existan causas debidamente xustificadas procederase á devolución dunha parte ou do total do diñeiro aportado, segundo o criterio do equipo directivo tanto no relativo ás causas como á parte do diñeiro que se poida reintegrar ao interesado. A decisión do equipo directivo sobre este punto non admite ningún tipo de reclamación por parte das familias ou tutores legais.

-O profesorado quedará eximido de calquera responsabilidade relacionada cos actos realizados polo alumnado que incumpra os artigos do presente plan durante o desenvolvemento destas actividades (rotura de material, conduta inaxeitada). Os pais ou tutores legais serán os responsables dos actos das súas fillas ou fillos.

-Calquera actividade pode ser suspendida polo centro se o número do alumnado inscrito para a mesma non se considera suficientemente representativo, segundo o

criterio do equipo directivo. Neste suposto procederase á devolución do diñeiro aportado polo alumnado inscrito na actividade, excepto aquela parte que sexa necesaria para cubrir os gastos previos ao desenvolvemento da mesma. O centro queda exento de calquera responsabilidade orixinada pola suspensión destas actividades por motivos non imputables ao mesmo.

-Calquera actividade pode ser trasladada de data, por motivos debidamente xustificadas a criterio do equipo directivo. O alumnado poderá retirar o seu inscrición na mesma, procedéndose á devolución do diñeiro aportado polo alumnado inscrito, excepto aquela parte que sexa necesaria para cubrir os gastos que xa se orixinaron. O centro queda exento de calquera responsabilidade orixinada polo traslado de datas das actividades por motivos non imputables ao mesmo.

-A actividade extraescolar ofertada polo centro é Biblioteca, de martes a venres.

Normas específicas da actividade "Biblioteca":

-A entrada a ditos espazos farase nos primeiros dez minutos de cada sesión, podendo facer uso do espazo nunha sesión ou nas dúas.

-A biblioteca será un espazo de traballo e estudo, onde o alumnado presente ten que gardar silencio.

-Non se poderá comer e beber dentro da biblioteca.

-Os alumnos deben estar sentados, evitando poñerse en pé e circular pola biblioteca de xeito innecesario.

-Os alumnos poderán consultar os libros da biblioteca, non podendo solicitar préstamo de libros durante estas sesións.

-Poderanse utilizar os ordenadores durante períodos de 10 minutos (no caso de que houberse máis alumnos esperando) , dando preferencia ao alumnado que o vaia usar para tarefas escolares, ante os que queiran usar os xogos instalados en ditos ordenadores.

-Os alumnos están obrigados a respectar as indicacións do mestre de garda, obedecéndolle e seguindo as normas establecidas.

-A función do mestre de garda será velar polo cumprimento destas normas.



-Non será función do mestre de garda axudar ao alumnado coas tarefas escolares.

-Antes de abandonar a biblioteca:

1. Apagaranse os equipos informáticos, incluídos os ratos,

2. Deixaranse as cadeiras ben colocadas,

3. Os libros no mesmo estante e no mesmo lugar de onde se colleron, colocados do dereito.

Se os/as nenos/as que fagan uso de estes espazos non acatan estas normas básicas o mestre anotará a incidencia no libro rexistro, podendo establecer a consecuencia que considere axeitado e proporcional a conduta. A reiteración das condutas xerará un parte e irá a comisión de convivencia onde se establecerán as medidas correctoras, aínda que resulta de vital importancia a corrección inmediata de condutas impropias por parte do monitor.

5.7.- NORMAS RELATIVAS AO USO DAS TIC

-O alumnado e a súa familia faranse responsables do coidado e integridade de calquera aparello relacionado coas TIC. Se se producise un deterioro de devandito material polo seu USO INDEBIDO, o alumnado, e a súa familia como responsable final do menor, estará obrigado a reparalo ou repoñelo. O centro non asumirá ningunha responsabilidade material ou económica derivada do deterioro, rotura, perda, NON ACCIDENTAL que se produza en devandito material durante o seu uso no centro educativo ou fóra del.

-Non se pode borrar, modificar ou engadir programas nos ordenadores. Non se pode cambiar a configuración do sistema operativo, as redes ou o hardware dos mesmos. Se é necesario realizar algunha modificación nos ordenadores, deberase pedir permiso ao titor.

-O alumnado utilizará os aparellos exclusivamente para a realización dos traballos escolares que o profesorado do centro estime oportunos. Está prohibido utilízalos para uso persoal.

-Cando o alumnado leve empréstamo algún aparato informático as familias son as únicas responsables do acceso das súas fillas e fillos á rede Internet fóra do centro escolar. O centro non asumirá ningunha responsabilidade sobre o uso de Internet cando o ordenador se atope fora do horario lectivo.

-O alumnado deberá coidar o material seguindo as recomendacións sobre a súa utilización que o profesorado lles mencionou.

-O alumnado e/ou profesorado gardará copia dos seus documentos, ficheiros, de traballo nun medio de almacenamento extraíble propio. Se o responsable do programa dese permiso para iso, o alumnado poderá crear na ubicación do ordenador indicada polo seu titor/a ou profesorado un cartafol co seu nome onde gardar os documentos, ficheiros. Ese cartafol non substituirá ao medio de almacenamento extraíble propio que sempre deberá utilizarse como copia de seguridade do alumnado.

-No caso de que o alumnado poida ter un cartafol no ordenador, unicamente está autorizado a gardar nela os documentos ou arquivos necesarios para o desenvolvemento das actividades escolares. Prohíbense expresamente os arquivos de música, imaxes, vídeos, xogos,... salvo que o profesorado ou titor/a dea permiso para gravalos e utilízalos con finalidade educativa.

-Os fallos técnicos dos aparellos NON serán eximentes para a presentación dos traballos concluídos ao profesorado. Nestes casos, o alumnado deberá presentar a copia de seguridade do medio extraíble propio.

-As familias ou titores legais e o alumnado deberán reencher completamente e entregar aquela documentación que o centro lles facilite coa información ou compromisos que a mesma estableza.

-O profesorado que utilice os aparellos será o responsable das incidencias que ocorran durante o seu uso, debendo comunicar calquera incidencia.

-O acceso a páxinas de Internet é libre. Deberase ter o máximo coidado coas imaxes ou enlaces que se visitan posto que o alumnado menor de idade podería acceder a elas con posterioridade.

-O historial de navegación será eliminado tras cada sesión de forma automática.

-O alumnado soamente accederá á conta do alumnado.

6.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Atendendo ao que recolle o Capítulo I, Título III, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, dentro das condutas contrarias á convivencia, este centro distingue: condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas levemente prexudiciais á convivencia.

6.1.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Consideramos condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar, de acordo ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

l) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.

m) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

n) O incumprimento das sancións impostas.

6.2.- CONDUCTAS LEVEMENTE PREXUDICIAIS Á CONVIVENCIA

Consideramos condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do apartado anterior (apartado A) que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento

das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do apartado anterior.

c) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

7.- MEDIDAS CORRECTORAS

Estas medidas, unha vez establecidas, serán de obrigado cumprimento, terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

7.1.- GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

Para a gradación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos, segundo contempla o artigo 13 da lei 4/2011 de convivencia.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

7.2.- ÁMBITO DE CORRECCIÓN

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

7.3.- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro docente poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

7.4.- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- H)Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

8.- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO E DO CIBERACOSO ESCOLAR

8.1.- DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

ACOSO ESCOLAR: Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno/a por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

CIBERACOSO ESCOLAR: Modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxaría instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos.

CARACTERÍSTICAS:

- Continuidade no tempo.
- Desigualdade (o desequilibrio pode ser físico, psicolóxico, numérico e/ou social).
- Intencionalidade.
- Personalización.
- Repetición.
- Indefensión.
- Humillación.
- Rexeitamento.
- Invisibilidade.
- Inhibición das persoas observadoras.

8.2.- PERSOAS IMPLICADAS

As vítimas

Son as persoas que sofren as consecuencias da situación de maltrato por parte dunha ou de varias persoas agresoras. As vítimas non responden a un padrón único de personalidade, senón que as súas características son múltiples. É dicir, calquera alumno/a pode ser vítima de acoso ou ciberacoso escolar nalgún momento da súa vida.

As persoas acusadoras

Son as responsables de actos que abranguen o acoso ou o ciberacoso escolar. Pódense clasificar en: activas (intimidan directamente), pasivas (animan á principal persoa acusadora), sociais (instigan a que outros acosen, sobre todo no ciberacoso) e vítimas (persoas acosadas que, á vez, son acusadoras doutras máis vulnerables).



As persoas espectadoras

Son todas as persoas da comunidade educativa que actúan como testemuñas da situación de acoso. Poden ser compañeiros/as da vítima ou formar parte do profesorado, persoal non docente ou das familias.

8.3. SINAIS DE ALARMA

Nas vítimas

- Cambios no estado de ánimo: tristura, mutismo, introversión, ansiedade, irritabilidade, agresividade etc.
- Síntomas somáticos: malestar ás mañás, mareos, dores de cabeza, alteracións dixestivas etc.
- Evidencias físicas de acoso: lesións, estragos nas súas propiedades, extravío inxustificado de obxectos persoais, material ou tarefas etc.
- Deterioro das habilidades sociais.
- Problemas de atención e/ou concentración, e descenso do rendemento académico.
- Falta de interese ou negativa a asistir ao centro educativo.
- Comportamentos característicos como referir malestar de xeito periódico, saír tarde ao recreo, así como preferir a compañía de persoas adultas.
- Falta de motivación á hora de realizar actividades cotiás.
- Alteracións do apetito ou do sono.
- Cambio de hábitos na rede.
- Sensación de malestar e/ou cambios de humor repentinos.
- Reticencia a falar do que ocorre na rede.
- Medo ou ansiedade ante a idea de que os seus perfís dixitais sexan revisados.
- Rexeitamento a tratar temas relacionados co acoso ou o ciberacoso.

Nas persoas acosadoras

- Negativa cara á relación ou cara ao traballo con algún compañeiro/a.
- Actitudes de hostilidade e faltas de respecto cara a algún compañeiro/a.

- Xustificación de actitudes violentas alleas.
- Uso excesivo das TRIC e exaltación de emocións negativas cando está en liña.
- Carencia de normas na rede e de supervisión por parte de adultos.
- xustificación da violencia a través de Internet.
- Conductas delitivas na rede.
- Antecedentes de agresións ou doutros tipos de acoso.

8.4. ACTUACIÓN

8.4.1.- PREVENCIÓN

Unha das principais medidas de prevención será a revisión anual do Plan de Convivencia e o seu desenvolvemento ao longo de cada curso académico. Está constatado que a mellor prevención de calquera tipo de violencia nos centros educativos consiste en que as relacións da comunidade educativa se fundamenten nos dereitos e nos deberes de todas as persoas, no respecto á dignidade , en criterios educativos e integradores que promovan condutas prosociais e no uso do diálogo para a abordaxe dos conflitos.

Entre as medidas preventivas do acoso e o ciberacoso escolar, diferenciamos tres tipos:

Medidas xerais:

- Creación da comisión de convivencia no seo do Consello Escolar (artigo 6 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro).
- Actualización do Plan de Convivencia (que se realiza ao inicio de cada curso escolar).
- Adecuación de Plan de Acción Titorial (tamén ao comezo de cada curso escolar).
- Optimización dos órganos colexiados: Consello Escolar, Claustro e CCP, que se coordinan nas súas respectivas sesións de seguemento e coordinación.
- Desenvolvemento de actuacións preventivas no marco de: Plan de acollemento, Plan de atención á diversidade e actividades complementarias e extraescolares.

Medidas formativas e informativas

Ao longo de cada curso escolar, todo o profesorado ten a oportunidade de participar en plan s anuais de formación permanente relacionados coa convivencia e resolución de conflitos.



En cada curso escolar, o alumnado nítrese de encontros, obradoiros e outras actividades que xiran en torno á convivencia positiva e benestar social e persoal.

Dentro do Plan de Benestar emocional, desenvólvense diferentes actividades que benefician a formación emocional, resolución pacífica de conflitos, empatía e benestar persoal e social.

Medidas organizativas

- Coordinación entre o profesorado das dúas etapas educativas do centro, para facilitar a transición dunha a outra.
- Mellora do patio da escola, creando cada ano zonas máis atractivas de lecer, con espazos deseñados tendo en conta as aportacións do alumnado, e ofrecendo actividades nas que todos/as poidan participar, buscando que ningún neno/a quede só na hora do recreo.
- Formación de mediadores escolares cada ano.
- Sinalización do Punto Laranxa.
- Constitución do equipo ACAE cando así o requira a situación.

Medidas educativas a nivel de aula

- Importancia da titoría individual e grupal.
- Utilización das sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e ciberacoso escolar.
- Fomento, a través da acción titorial, de contactos periódicos coas familias.
- Elaboración, conxuntamente co alumnado, das normas básicas de convivencia da aula.
- Traballo en grupo das habilidades sociais e destrezas para a xestión de emocións.

8.4.2.- INTERVENCIÓN

A dirección do centro educativo e o denominado equipo ACAE (xefa do Departamento de Orientación, Coordinador/a de benestar e convivencia, un docente nomeado pola dirección do centro, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o

caso) serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención

-A dirección do centro recibirá a comunicación dos feitos.

-O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos.

-Procedese seguindo as seguintes fases:

FASE 1: COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

- Rexistro de comunicación dos feitos.
- Constitución do equipo ACAE.
- Primeira valoración dos feitos comunicados.

FASE 2: INVESTIGACIÓN E DITAME

- Investigación e ditame.
- Entrevista coas persoas implicadas.
- Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista.
- Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima.

FASE 3: APERTURA DO PROTOCOLO

- Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.
- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais.

FASE 4: PECHAMENTO DO PROTOCOLO

- Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.

FASE 5: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

9.- PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR

Tal e como establece o artigo 22 do decreto 229/2011, do 7 de decembro, absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do 10% do horario lectivo mensual.

Así mesmo, por protocolo de intervención en caso de absentismo, ou protocolo de absentismo, enténdese o instrumento educativo que describe, especifica e contén o conxunto de actuacións coordinadas que se activan cando se produce un caso de absentismo escolar, coa finalidade de garantir a asistencia do alumnado aos centros educativos.

Considérase falta de asistencia a clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno/a nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

9.1.- MEDIDAS PREVENTIVAS

1. Promover actuacións que faciliten o achegamento ao centro das familias e do alumnado en risco de exclusión.
2. Ofertar medidas e recursos que favorezan o desenvolvemento educativo do alumnado e compensen as carencias ou dificultades que poida presentar, especialmente no que ten que ver coas medidas de reforzo e apoio, coa adaptación dos materiais e cun currículo personalizado.
3. Asesorar o conxunto da comunidade educativa sobre a importancia da educación na vida dunha persoa e informar da obrigatoriedade desa educación nas etapas obrigatorias.
4. Realizar campañas informativas e de sensibilización sobre as causas e as consecuencias do absentismo escolar, especialmente naquelas zonas ou con aqueles colectivos de maior risco.
5. Desenvolver nas aulas metodoloxías promotoras da inclusión, dentro dos principios de colaboración entre os distintos profesionais.

6. Facer uso das tecnoloxías da información e da comunicación para un contacto fluído entre o centro e as familias e para a comunicación inmediata das posibles incidencias.
7. Facilitar a presenza das familias no propio centro, promovendo, de ser o caso, escolas de nais e pais do alumnado.
8. Impulsar a colaboración con outros organismos e institucións que participan na atención, educación e desenvolvemento das e dos menores.
9. Promover a colaboración de entidades privadas sen ánimo de lucro que teñen entre os seus fins actuacións de apoio social, familiar e educativo, e que poden ter grande influencia nas actitudes de familias e alumnado.
10. Participar en programas específicos de mellora da calidade e do éxito escolar de todo o alumnado.
11. Participar nas actuacións formativas específicas que a administración educativa desenvolva, tanto no referido á interculturalidade como no que ten que ver coas metodoloxías colaborativas e coas medidas de apoio ao alumnado.

9.2.- CONTROL DA ASISTENCIA A CLASE E REXISTRO DAS AUSENCIAS

O control da asistencia a clase do alumnado deberá realizarse diariamente por parte do profesorado da área, materia, ámbito ou módulo correspondente, quen rexistrará as posibles ausencias segundo o procedemento establecido polo centro. A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais.

O profesorado titor rexistrará, na aplicación informática de xestión académica (XADE), a xustificación das faltas de asistencia a clase do seu alumnado.

9.3.- EXPEDIENTE DE ABSENTISMO

Por expediente de absentismo enténdese o conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo.



O expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro educativo, formando parte do expediente da alumna ou do alumno.

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos.

Tramitación do expediente

- a) Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporaraa ao rexistro de contactos.
- b) Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación.
- c) Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.
- d) O profesorado titor informará a xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha e levantará acta desa. De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.
- e) A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo.
- f) De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificarao ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno, xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das

actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

10.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

10.1.- COMPOSICIÓN

Atendendo ao recollido o artigo 6 do capítulo I, Título II, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro a comisión de convivencia será constituída no seo do seu Consello Escolar. A devandita comisión estará composta por persoas representantes do alumnado, profesorado, familias e persoas non docente. O nomeamento das persoas integrantes desta comisión corresponde ao director/a a proposta dos colectivos representados, e os seus membros poden coincidir, ou non, cos do consello escolar.

10.2.- FUNCIONS, REUNIONS E PLAN DE ACTUACIÓN

A comisión de convivencia exercerá as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia.
- d) Propoñer ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- e) Propoñer, no seu caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que podan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que foses impostas.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia suscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no cento.

i) Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello escolar ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Con carácter xeral, a comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter común, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola presidencia , a iniciativa propia, ou a proposta de, ao menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia baseará o seu plan de actuación no recollido, tanto no presente Plan de Convivencia, como no Plan de Benestar Emocional. De forma xeral, contemplará dous tipos de actuacións:

-Actuacións preventivas: formación de alumnado e restos de membros da comunidade educativa en principios de empatía, igualdade, respecto ás diferenzas individuais e culturais, resolución pacífica de conflitos,...

-Actuacións reparadoras: que se levarán a cabo, unha vez definido un conflito, coa finalidade de solucionarolo de forma asertiva e pacífica.

11.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON AXENTES EXTERNOS

Os órganos de goberno e participación da comunidade educativa no centro escolar son os seguintes:

Órganos colexiados:

O Consello Escolar do Centro

-A Comisión de Convivencia

-O Claustro de Profesores

Órganos unipersoais:

- O director/a.

-O titor.

A participación dos pais/nais do alumnado, mestres/mestras, o representante do concello e do persoal de administración e servizos, no goberno do centro efectuarase a través do Consello Escolar.

Os **servizos externos** ao centro educativo e aos que se pode recorrer son:

- Centro de Formación e Recursos e o Centro Autonómico de Formación e Innovación.
- Equipo de Orientación Específica
- Servizos Sociais do Concello.
- Servizo de conservación e mantemento do Concello.
- Servizos médicos.

11.1.- CANLES DE COORDINACIÓN ENTRE OS DISTINTOS ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN

Neste Plan de convivencia é preciso que se involucren TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA, para que sexa efectiva a calidade da convivencia.

A DIRECCIÓN DO CENTRO debe:

- Incorporar a mellora da convivencia no proxecto educativo do centro.
- Poñer ao servizo do plan os recursos do centro.
- Crear condicións para favorecer a participación de toda a comunidade educativa.
- Coordinar as actuacións xunto co equipo que compón a comisión de convivencia.
- Incorporar o plan aos documentos institucionais.
- Introducir os cambios necesarios para o desenvolvemento do plan nas estruturas organizativas e a xestión do centro.
- Favorecer un desenvolvemento coherente do plan a través da coordinación pedagóxica.

O PROFESORADO debe:

- Informarse.

- Formarse.
- Colaborar nas actividades do proceso de elaboración do plan de convivencia.
- Realizar na súa práctica docente os cambios necesarios para actuar en coherencia cos principios educativos do plan e orientar aos seus alumnos e alumnas en consecuencia.
- Implicarse nas diferentes actuacións xerais de desenvolvemento do plan.
- Reflexionar sobre o proceso seguido para mellorar o plan de convivencia.

O ALUMNADO debe:

- Informarse.
- Formarse.
- Asumir as súas responsabilidades.
- Respetar as normas do centro.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do plan de convivencia.
- Aprender a ser coherente cos valores do centro.

AS FAMILIAS deben:

- Informarse.
- Formarse.
- Colaborar nas actividades do plan de convivencia ás que se lles invite a participar.
- Educar aos seus fillos en coherencia cos principios educativos do plan de convivencia.
- Realizar o seguimento das actitudes dos seus fillos/as.
- Colaborar co profesorado.
- Cooperar nas actividades do centro.

OUTROS PROFESIONAIS E INSTITUCIÓNS deben:

- Informarse.
- Poñer os seus recursos a disposición da escola.
- Colaborar cos profesores, os alumnos e as súas familias.
- Actuar en coherencia cos principios educativos do centro durante as colaboracións.
- Coordinarse co centro en todas as actuacións.

**Cabe salientar que segundo se contempla no artigo 11 da Lei 4/2011 de convivencia, o profesorado ten recoñecida legalmente a condición de AUTORIDADE PÚBLICA, polo que:*

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.
2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.
3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

12.- DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Este, ademais de ser aprobado polo claustro e polo consello escolar, estará na páxina web do centro, accesible a toda a comunidade educativa.



Ao longo de cada curso escolar, levaranse a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa, sendo o inicio de cada curso o momento clave para o seu recordatorio anual.

Ademais, de forma continua ao longo de todo o curso escolar, farase fincapé no seguimento dos principios de respecto, igualdade, solidariedade, non discriminación, etc, recollidos no presente documento, desenvolveranse actividades para a prevención de conflitos e a mellora da convivencia escolar, así como buscarase sempre manter unha óptima comunicación con todos os membros da comunidade educativa.

13.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O seguimento da convivencia escolar do centro e, en consecuencia, da funcionalidade e efectividade do presente plan, levarase a cabo de forma continuada a través de diferentes medios:

- Reunións periódicas (polo menos, unha cada trimestre) do Equipo de Convivencia Escolar.
- Xuntanzas da Comisión da Coordinación Pedagóxica do centro.
- Xuntanzas do Departamento de Orientación.
- Información aportada polo equipo de alumnos/as mediadores do centro.
- Información diaria recollida polos titores/as e outro profesorado acerca de conflitos ou outras situacións de convivencia significativas.

ANEXO IX

PLAN
DE
BENESTAR
E
CONVIVENCIA
ESCOLAR
2024/2025



ÍNDICE

- 1 INTRODUCCIÓN
- 2 CONCEPTUALIZACIÓN
- 3 ANÁLISE DO CENTRO
- 4 FINALIDADES XERAIS DO PLAN
- 5 OBXECTIVOS CONCRETOS
- 6 BLOQUES TEMÁTICOS
- 7 METODOLOXÍA
- 8 PROCEDEMENTO DE SEGUEMENTO
- 9 AVALIACIÓN

1 INTRODUCCIÓN

A Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

Atendendo á lexislación vixente, neste centro contamos con dito Plan de Convivencia, dentro do que se engloba o Plan de Benestar e convivencia escolar.

A Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, establece que a persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñendo accións cooperativas, e asesorará o resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

A Estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Tendo en conta que as funcións da persoa coordinadora de benestar e protección establecidas na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, xa viñan sendo realizadas nos centros docentes da Comunidade Autónoma galega a través do desenvolvemento do Plan de convivencia, co apoio da dinamización de convivencia, é preciso acomodar esta nova figura ao marco normativo do sistema educativo galego. Así, baixo a denominación de persoa coordinadora de benestar e convivencia regúlase a figura que asume as funcións de coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

E, para recoller as accións que se coordinarán baixo a súa guía, procédese á elaboración do presente Plan de Benestar e Convivencia Escolar.

2 CONCEPTUALIZACIÓN

INTELIXENCIA EMOCIONAL: Refírese á capacidade dos individuos para recoñecer as súas propias emocións e as dos demais, diferenciar os sentimentos e etiquetalos apropiadamente, utilizar información emocional para guiar o pensamento e a conduta, e administrar ou axustar as emocións para adaptarse ao ambiente ou lograr obxectivos.

https://es.wikipedia.org/wiki/Inteligencia_emocional

EDUCACIÓN EMOCIONAL: É un proceso pedagóxico dirixido a potenciar a esfera afectiva como complemento das habilidades cognitivas para facilitar o desenvolvemento integral da personalidade.

BENESTAR EMOCIONAL: Habilidade de manexar as emocións, o que non significa reprimilas, senón sentirse cómodo ao manifestalas e facelo de forma apropiada. Habilidade que permite ás persoas resolver os conflitos e as tensións, e saber transitar polos camiños dolorosos ou penosos, ademais de ter a flexibilidade suficiente como para desfrutar máis da vida.

O coidado do benestar emocional é o acompañamento que desde a escola debe realizarse para favorecer:

1.A resiliencia; reforzando os procesos que integran a capacidade para afrontar as adversidades, saír fortalecido e construír sobre elas, adaptándose positivamente.

2. O desenvolvemento das competencias emocionais a través dunha educación emocional que, segundo Bisquerra e Pérez* (2007) abordaría o coidado do benestar emocional afianzando:



- Conciencia emocional: capacidade para tomar conciencia das propias emocións e das demais persoas, incluíndo a habilidade para captar o clima emocional dun contexto determinado.
- Regulación emocional: capacidade para manexar as emocións de forma apropiada. Supón tomar conciencia da relación entre emoción, cognición e comportamento.
- Autonomía persoal: conxunto de características e elementos relacionados coa autoxestión persoal como a autoestima, actitude positiva diante da vida, responsabilidade, capacidade para analizar criticamente as normas sociais, capacidade para buscar axuda e recursos, así como a autoeficacia emocional, intelixencia interpersonal...
- Competencia social: capacidade para manter boas relacións con outras persoas. Isto implica dominar habilidades sociais, comunicación efectiva, respecto, actitudes prosociais, asertividade...
- Habilidades de vida e benestar: capacidade para adoptar comportamentos apropiados e responsables para afrontar satisfactoriamente os desafíos diarios da vida, xa sexan privados, profesionais ou sociais así, como as situacións excepcionais coas que imos tropeizando. Permítenos organizar a nosa vida de xeito saudable e equilibrado, facilitándonos experiencias de satisfacción ou benestar.

3. **O desenvolvemento da autoestima**, desde o marco da educación ética entendida como os sentimentos de: ser amado incondicionalmente, da propia eficacia, que implica ser valorado polo noso comportamento e da propia dignidade.

O benestar emocional do alumnado pódese ver influenciado polas diferentes contornas vulnerables socioeconómicamente, as relacións familiares ou as dinámicas disfuncionais que poden presentar "adultos referentes" no desenvolvemento deste alumnado. Debemos xerar iniciativas que axudan a nenos/as e familias en situación de sufrimento psicolóxico ou risco de padecelo. Débese atender a toda a comunidade educativa dende a proximidade da súa contorna (familia, escola, entidades sociais...).

3 ANÁLISE DO CONTEXTO

Neste centro educativo, xa se vén traballando o ámbito da intelixencia emocional, resolución pacífica de conflitos, igualdade de xénero e non discriminación, de forma transversal a través de actividades e obradoiros dos diferentes plans e programas incluídos na PXA:

- Contratos programa.
- PFPP (Intelixencia Emocional).
- Obradoiros sobre emocións (nos cursos superiores).
- Obradoiros e charlas sobre igualdade de xénero e non discriminación.

Con respecto á acción titorial, pode dicirse que existe unha boa comunicación coa meirande parte das familias no que respecta, non só ao seguimento curricular do alumnado, senón tamén ao seu estado socio-emocional. Esta comunicación permite realizar un seguimento continuo e detectar de forma precoz posibles situacións nocivas para o autoconceito, autoestima e desenvolvemento social do alumnado nas diferentes etapas que se imparten no centro.

Ademais, dende a comisión de convivencia, ao longo de cada curso, intervense nunha media de tres conflitos de gravidade media-alta entre o alumnado (xeralmente de cursos máis altos).

Si se observa que estas intervencións chegan unha vez producido o conflito, coa finalidade de resolvelo dende unha postura pacífica e asertiva. Dende esta análise, obsérvase a necesidade de enfocar a intervención en momentos previos, priorizando a prevención dos conflitos, mediante un traballo máis sistemático do coñecemento e control emocional, asertividade, habilidades sociais, autoestima, mediación,...

4 FINALIDADES XERAIS DO PLAN

Este plan pretende contribuír ao desenvolvemento do benestar socioemocional de toda a comunidade educativa do Ceip Plurilingüe Gándara-Sofán, co fin de posibilitar que se desenvolvan actuacións e estratexias eficaces dirixidas ao desenvolvemento do benestar socioemocional, contribuíndo a dar unha resposta preventiva e integral a todo o alumnado, profesorado e familias, nun marco que promova a escola inclusiva e a convivencia positiva.

O fin por excelencia é, por tanto, lograr o óptimo desenvolvemento do alumnado cara a **excelencia emocional**, o que signifique que cada alumno e cada alumna aprenda a **elixir a emoción oportuna, no momento oportuno e coa intensidade oportuna**.

Isto implica, á súa vez, que o noso alumnado (e por extensión toda a comunidade educativa, posto que somos os seus referentes), teñamos competencias adecuadas para:

- Sentir, entender e controlar os estados de ánimo propios e axenos.
- Desenvolver a autoconciencia emocional (para o que previamente é necesaria a alfabetización emocional, isto é, aumentar o vocabulario emocional).
- Coñecer a realidade emocional do outro (o que se coñece como socialización emocional).

5 OBXECTIVOS CONCRETOS

Para tales fins, establécense os seguintes obxectivos e os seus indicadores:

| OBXECTIVOS NA ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO CENTRO | INDICADORES |
|---|--|
| Dar visibilidade , ante toda a comunidade educativa, a importancia da saúde emocional . | As familias colaboran nas iniciativas ofrecidas dende o ámbito da saúde emocional. |
| Fomentar estratexias educativas | A maioría do profesorado participa |

| | |
|---|---|
| <p>para promover a educación emocional entre o profesorado do centro.</p> | <p>nos cursos relacionados coa intelixencia emocional organizados dende o centro.</p> |
| <p>Buscar as condicións óptimas necesarias para un axeitado desenvolvemento socio-emocional do alumnado do centro.</p> | <p>No profesorado do centro obsérvase predisposición para favorecer o desenvolvemento socio-emocional do alumnado, así como apoio e seguimento das iniciativas propostas en torno ao ámbito emocional.</p> |
| <p>Dotar ao profesorado, e á comunidade educativa en xeral, das estratexias necesarias para o seu autocoidado e benestar emocional.</p> | <p>No centro hai un ambiente conciliador entre o profesorado. O profesorado, de forma xeral, goza de benestar emocional. Dende o centro búscase optimizar as condicións de traballo de todo o profesorado.</p> |
| <p>Desenvolver accións para maximizar un óptimo clima de convivencia e relacións sociais no centro.</p> | <p>Realízouse, polo menos, unha acción trimestral para todo o alumnado do centro, para traballar de forma directa a convivencia e o benestar emocional.</p> |
| <p>Promover a existencia de espazos e tempos dispoñibles no centro para o traballo específico da intelixencia emocional, habilidades sociais, empatía, asertividade e resolución pacífica de conflitos.</p> | <p>O alumnado coñece cando, a quen e a onde pode acudir nos seguintes supostos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -conflito con algún compañeiro/a ou mestre/a. -necesidade de compartir cun adulto algún medo, ansiedade ou inseguridade. |

| | |
|---|---|
| | -desenvolver obradoiros ou actividades propostas dende este ámbito. |
| Favorecer a coordinación entre profesionais do ámbito social, educativo e sanitario, para mellorar a calidade e a eficacia das intervencións, creando sinerxias que potencien a prevención e a intervención . | Existe unha óptima coordinación entre todos os membros da comunidade educativa, así como clima de escoita activa, empatía e asertividade. |

| OBXECTIVOS NAS AULAS | INDICADORES |
|--|---|
| Tomar conciencia das emocións persoais . Identificar as emocións, avaliar a súa intensidade e o seu significado. | O alumnado usa un vocabulario emocional cada vez máis rico e acertado. |
| Entender as causas e as consecuencias das emocións . Tomar conciencia dos estímulos que as activan e das consecuencias nas que derivan. | O alumnado toma conciencia de que as emocións que teñen veñen dunha causa e provocan unha consecuencia. |
| Experimentar a riqueza afectiva que cada un posúe. | O alumnado diferencia todas as emocións que ten ao longo dun día. |
| Expresar emocións adecuadamente, etiquetalas, recoñecer a súa relación coas palabras. | O alumnado emprega cada vez un vocabulario emocional máis acertado. |
| Desenvolver a linguaxe emocional , aprendendo a falar sobre as emocións propias. | O alumnado é capaz de expresar o seu estado emocional cada vez de forma máis natural e acertada. |
| Discriminar cando a expresión dunha | Diminúen os conflitos derivados da |

| | |
|---|---|
| emoción é apropiada ou non. | expresión de emocións pouco apropiadas. |
| Desenvolver habilidades básicas de comunicación e escoita | Cada vez os conflitos resólvense de forma máis rápida, respectuosa e natural. |
| Resolver conflitos persoais e sociais de forma cada vez máis autónoma e responsable. | Ídem. |

6.- BLOQUES TEMÁTICOS

Estes obxectivos concretos, desenvolveranse a través dos seguintes bloques temáticos, que deberán ser traballados na seguinte orde:

1º) **ALBAFETIZACIÓN EMOCIONAL:** todos os membros da comunidade educativa deben aumentar o seu vocabulario emocional, o que lles dará a capacidade de nomear e, deste xeito, recoñecer as emocións, facilitando a riqueza na comunicación emocional.

2º) **CONCIENCIA EMOCIONAL:** A través deste bloque, a comunidade educativa aprenderá a recoñecer as emocións propias, construíndo deste xeito o propio autoconceito (que deberá estar axustado á realidade: "*saber como son, e aceptarme tal e como son*").

3º) **SOCIALIZACIÓN EMOCIONAL:** Unha vez que aumentamos o vocabulario emocional e aprendemos a recoñecer as emocións propias, estaremos preparados para identificar as emocións nos demais, o que nos permitirá acadar a cúspide da comunicación emocional: a empatía. A través da empatía será moito máis doado chegar aos outros en momentos difíciles, resolver conflitos de forma máis fluída etc.

6 METODOLOXÍA

Para lograr os mellores resultados buscados, a metodoloxía do presente plan será:

-Globalizada: o traballo das emocións, aparte dos momentos propiamente establecidos para facelo, será algo que se teña presente durante toda a xornada escolar. Posto que somos seres "emocionais", e as emocións veñen dunha causa do contexto e provocan consecuencias no mesmo, teranse en conta en todo momento á hora de lograr, tanto un bo clima de aula e centro, como para resolver conflitos.

-Intracurricular: As emocións estarán presentes en todas as áreas do currículo: cando se traballen matemáticas, linguas, ciencias, educación física, educación artística, etc.

-Lúdica: A mellora motivación é a que provén da emoción. E se xuntamos motivación e emoción o resultado será a excelencia. A través de xogos, contos, actividades en equipo, aprendermos a coñecer as nosas emocións e as dos demais.

-Individualizada: posto que as emocións son persoais, partiremos sempre do vivencial. Intentaremos sempre buscar unha experiencia persoal que nos axude a comprender a emoción en nós ou nos demais. O profesorado terá en conta as diferencias persoais e individuais de cada un dos seus alumnos/as.

7 PROCEDEMENTO DE SEGUEMENTO

| ACCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | INDICADOR DE LOGRO |
|---------------------------------------|------------------------|--|
| Patios dinámicos e inclusivos. | Todo o curso. | Ningún neno/a xoga só no patio. Redúcense os conflitos no patio. |
| Plan Lector con emoción. | Semanalmente. | Participación de todos os cursos, dende EI ata EP. Redúcense as intervencións do equipo de convivencia nos conflitos de gravidade me- |

| | | |
|--|-----------------------------------|--|
| | | dia-alta. |
| Equipo de mediadores escolares. | Todo o curso. | Os conflitos no patio: -redúcense en número. -resólvense cada vez de forma máis autónoma. |
| Eco patrullas escolares. | Todo o curso. | O alumnado toma conciencia da necesidade de coidar o noso entorno e os nosos compañeiros/as. |
| Club de lectura. | Todo o curso. | O alumnado maior desfruta léndolle aos compañeiros/as máis pequenos. Aumenta o vínculo afectivo entre maiores e pequenos. |
| Charlas formativas da asociación VIEIRO en 5º e 6º de Educación Primaria. | 8 sesións durante o 1º trimestre. | O alumnado adquire competencia, a cal pon en práctica, en torno aos contidos traballados no seu respectivo programa VIEIRO. |

8 AVALIACIÓN

A avaliación deste Plan de Benestar e da Convivencia Escolar levarase a cabo a través da valoración dos indicadores e obxectivos anteriormente citados, ao finalizar o curso escolar. O Equipo de Convivencia será o responsable de realizar dita avaliación.

Realizarase unha memoria de actividades relativas ao desenvolvemento das actuacións contempladas no plan, que se incluírá na memoria do plan de convivencia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN


A Gándara, s/n - 15108 CARBALLO (A Coruña)

Tfn.: 881 880 427 Fax: 881 880 428r

Correo-e: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan_

Anexo X.- Plan dinamización das TIC



PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC 2024/2025 CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN

• XUSTIFICACIÓN

A actual Sociedade da Información e o noso carácter propio como Centro Educativo no que o desenvolvemento integral de todas as dimensións do noso alumnado é o principal obxectivo, fan necesaria a existencia dun documento no que se recolla a completa e adecuada integración das TIC no centro educativo.

O deseño do noso plan de integración das TIC ten como referencia o marco legal establecido, resumindo o seguinte:

A implantación da *Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*. Así, no preámbulo da lei se establece:

“En quinto lugar, la Ley insiste en la necesidad de tener en cuenta el cambio digital que se está produciendo en nuestras sociedades y que forzosamente afecta a la actividad educativa. El desarrollo de la competencia digital no supone solamente el dominio de los diferentes dispositivos y aplicaciones. El mundo digital es un nuevo hábitat en el que la infancia y la juventud viven cada vez más: en él aprenden, se relacionan, consumen, disfrutan de su tiempo libre. Con el objetivo de que el sistema educativo adopte el lugar que le corresponde en el cambio digital, se incluye la atención al desarrollo de la competencia digital de los y las estudiantes de todas las etapas educativas, tanto a través de contenidos específicos como en una perspectiva transversal, y haciendo hincapié en la brecha digital de género”

Estes aspectos aparecen tamén recollidos nas diferentes resolucións a nivel autonómico, coma na resolución do 3 de setembro do 2021 ou o D. 155/5022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente aludindo ao seguinte:

- Artigo 7. Obxectivos de etapa: *“Obxectivo 1: Desenvolver as competencias tecnológicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran”*
- Artigo 8. Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.
“Apartado d: Competencia dixital”

-Artigo 34. Educación dixital: En cada un dos seus 5 puntos faise referencia a que tódolos centros educativos Terán que engadir ao seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través de un plan dixital de centro para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións. Ademais promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como medio didáctico.

-En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-27), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

Por todo isto, os cambios legais acometidos en materia educativa xustifican un novo modo de traballar e entender as TIC nos ámbitos educativos. Ademais, no centro, entendemos as TIC coma un recurso valioso para a nosa práctica docente, sen implicar un abandono das outras metodoloxías que tamén consideramos exitosas. Estas ferramentas abrennos diversas formas de aprender, comunicarnos, compartir... que consideramos útiles para o noso día a día docente.

O presente documento amosa as principais directrices a seguir no CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán con respecto ao funcionamento do equipo de dinamización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- **OBXECTIVOS**

- **Obxectivos a nivel centro**

- Seguir mantendo actualizada a páxina web do centro e utilizala como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Impulsar o uso de blogs e a galería de imaxes como medio pedagóxico e de lecer.
- Continuar a fomentar o uso da Aula Virtual como espazo colaborativo entre todos os docentes e a comunidade educativa.
- Seguir potenciando o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, comunicación cas familias, entre profesorado...
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Desenvolver a CD do alumnado, promovendo a utilización adecuada das TIC e o desenvolvemento dun pensamento crítico e reflexivo sobre a información que atopan.
- Realizar por parte de cada aula un inventario do material informático e o seu correcto funcionamento. Aquel que estea obsoleto ou que non funciona rexístralo e adquirir novos equipamentos se é preciso.
- Utilizar os recursos informáticos dos que dispoñemos buscándolles un uso alternativo. Por exemplo os ordenadores da aula ALFIN.
- Unificar os software dispoñibles en todos os equipos solicitando a UAC a alta do centro na plataforma Microsoft Office 365 xa que ao non dispoñer de ordenadores para todo o alumnado estes, utilizan as tablets nas que non é posible utilizar software libre.
- Realizar unha análise das contas web do centro en diferentes plataformas online (youtube, Gmail, etc), cancelando aquelas que están en desuso.

- Valorar a creación dun espazo físico para gardar todos os materiais portátiles TIC cunha forma de préstamo que permita saber onde e quen utilizou cada cousa.
- Elaborar unhas normas para a correcta utilización das tablets: carga, recollida, coidado, utilización...
 - o **Obxectivos a nivel profesorado**
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC
- Continuar empregando as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades, aula virtual...
- Realizar actividades formativas a nivel de centro con respecto á optimización do uso dos recursos dispoñibles.
- Traballar de forma conxunta e unificada no mantemento dos espazos web do centro (blogs dos ciclos, páxina web, etc) seguindo a guía de estilo creada á hora de realizar publicacións.
- Seguir actualizando os bancos de recursos compartidos por áreas e materias para os diferentes niveis educativos que se ofertan no centro.
- Seguir usando a galería de imaxes da rede corporativa de centros, para garantir o uso responsable das imaxes do noso alumnado.
- Afondar no uso da robótica educativa e a programación.
- Formar a todo o profesorado no uso da radio, edición de prensa e fotografía para darlle continuidade aos proxectos implantados no centro.
- Iniciarse na utilización do AbalarBox como ferramenta para compartir fotos cas familias.
 - o **Obxectivos a nivel comunidade educativa**
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

- Fomentar a participación das familias e comunidade educativa no uso dinámico da web do centro como espazo colaborativo e de información.
 - o **Obxectivos a nivel alumnado**
- Continuar formando ao alumnado de cursos superiores en programación e robótica, e introducila no resto de cursos.
- Dotar ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC dando a coñecer diferentes páxinas onde atopar recursos e información fiable.
- Iniciar ao alumnado na utilización de programas informáticos de gravación e edición de son (Audacity)
- Utilizar ferramentas que nos axuden a organizar os nosos arquivos no ordenador, creando carpetas e subcarpetas, cambiando o nome dos arquivos...
- Cumprir as normas de utilización das tablets: cargado, recollida, apagado..
 - o **Obxectivos específicos no presente curso**

Expoñemos neste apartado as metas principais que pretendemos levar a cabo coa realización e desenvolvemento do plan TIC durante este curso. Consideramos que son obxectivos posibles, tentado buscar un correcto equilibrio entre ambición e realidade.

- Crear un apartado na aula virtual para o rexistro de incidencias por parte do profesorado
- Fomentar o uso da aula virtual en todas as etapas tanto no profesorado, coma nas familias e no alumnado.
- Elaborar enquisas para coñecer os medios reais dos que dispoñen as familias
- Elaborar normas claras e concisas para os préstamos e uso dos recursos TIC
- Motivar e promocionar as vantaxes da formación do profesorado en TIC, ofrecendo axuda, cursos, titoriais, charlas e seminarios coa finalidade dunha procura constante de mellora que repercuta positivamente na formación dos nosos alumnos.

- Analizar as necesidades, tanto de recursos (materiais, persoais e/ou de conectividade) como de formación, que a nosa comunidade educativa puidese demandar.

- **ORGANIZACIÓN DE TEMPOS E ESPAZOS**

De cara a un aproveitamento óptimo dos recursos e espazos dispoñibles, a flexibilidade será a premisa básica de cara á realización de agrupamentos, establecemento de horarios de uso de instalacións etc. Este curso límitase o uso dos recursos dixitais comúns dispoñibles, sendo usados sempre respectando as normas de utilización, carga, orde...:

- Durante o recreo o alumnado poderá empregar os equipos informáticos que se atopan na biblioteca, sempre facendo un uso educativo dos mesmos.
- Os portátiles de uso común, cámaras, robots e outros materiais TIC estarán dispoñibles para o uso de todo o profesorado, pero deberase cubrir o **cadro de préstamo** co fin de ter localizados todos os aparatos electrónicos
- Estableceremos un horario de uso das Tablets e os ordenadores portátiles dos cales contamos. Este horario estará publicado no carro dos mesmos.

| TABLETS | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|------------|------|--------|----------|-------|--------|
| 1º | | | | | |
| 2º | | | | | |
| 3º | | | | | |
| 4º | | | | | |
| 5º | | | | | |
| PORTÁTILES | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 1º | | | | | |
| 2º | | | | | |
| 3º | | | | | |
| 4º | | | | | |
| 5º | | | | | |

- **FOMENTO DE VALORES CARA O USO DAS TIC**

O noso alumnado é nativos dixital, non competente dixital. Naceron e crecen nun entorno que asume con naturalidade a inmersión nas tecnoloxías da información e comunicación. Todo este entorno no que están inmersos o noso alumnado, permite e invita a pais e fillos a estar intimamente comunicados co mundo pero xa non dun xeito pasivo como ocurría nos primeiros anos de internet. Hoxe a web permite compartir imaxes, vídeos, música, explicar ao mundo quen somos, que facemos, editar a Wikipedia en pe de igualdade con calquera internauta. Este é o mundo dos nosos alumnos ou, se aínda son moi pequenos, o mundo que lles agarda.

Os contidos que podemos atopar co emprego dos medios tecnolóxicos é inmenso. Algúns destes contidos poden non responder verdadeiramente á intención educativa que se pretende, podendo correr o risco de transmitir valores non desexados. Por iso debemos educar ao alumnado cun sentido crítico para que accedan as TIC con sentido democrático e en condicións de igualdade.

Dende a escola, poñerase empeño en facer un uso responsable e educativo dos medios tecnolóxicos, así como unha preocupación para que todo o mundo teña acceso a ditos medios sen motivo de discriminación algunha.

- **RELACIÓN CA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Por outra banda, o centro está a desenvolver un Plan de dinamización da biblioteca, o PLAMBE que implica, entre outros aspectos, a informatización dos fondos da mesma así como dos restantes recursos multimedia dos que dispón o colexio. Deste xeito, haberá un emprego das TIC moi importante por parte da biblioteca escolar e por iso se reflexa neste plan.

A maiores de isto tamén se traballarán as TIC intimamente vencelladas co desenvolvemento da hora de ler, a través do cronograma de diferentes actividades relacionadas ca programación, uso de ordenadores e tabletas...

Cabe destacar o proxecto radio e prensa dixital, dentro do Erasmus+ que intenta traballar, desde un punto de vista transversal, os medios e recursos tic.

- **RELACIÓN COS PROXECTOS DO CENTRO**

No presente curso o centro está inmerso no desenvolvemento de varios proxectos como son: Plan de mellora de Bibliotecas Escolares, Plan Proxecta, Robótica e programación etc.

Igualmente este ano volveremos contar cun Plan de formación Permanente do Profesorado relacionado coas TIC, onde se levará a cabo os plans de acción contidos no Plan Dixital de centro. (mellorar a conectividade, creación de repositorio tic, formación ao profesorado e mellora das instalacións wifi)

Do mesmo xeito, este curso 2024-2025, seguiremos participando nos proxectos de radio escolar, prensa dixital e fotografía, así como na súa aplicación ás tarefas escolares. Tamén seguiremos fomentando o uso da robótica e a programación na aula.

Tamén a maiores se vai realizar unha actividade con robótica no proxector lector durante o mes de outubro, para traballar o proxecto de biblioteca "Emociónate cos contos".

Outra actividade, en Ed. Infantil, será un taller Tic de robótica, genially, os luns.

- **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

Realizaranse reunións mensuais para valorar se o desenvolvemento e implementación do plan estase a levar a cabo correctamente, a vez que se abordarán as posibles incidencias que poidan acaecer e as solución que esta comisión pode adoptar.

Tanto o proxecto como o propio Plan dixital, será avaliado mediante o seguimento das accións, de xeito trimestral e, fundamentalmente, determinarán cales son as posibilidades que estas ofrecen para dinamizar o proceso educativo e tamén a implementación e mellora dos recursos, da conectividade e outros aspectos que repercuta positivamente tanto nos alumnos como na comunidade educativa en xeral.

Trataremos de valorar:

- O cumprimento do Plan dixital e os seus obxectivos.
- Implementación dos recursos tic

- Aumento na oferta de formación na materia para o profesorado.
- Mellora na implementación dos equipos e a conectividade do centro.
- O grao de coñecemento e opinión do alumnado sobre as actividades TIC levadas a cabo mediante enquisas, opinións directas, comentarios....
- Traballo elaborado en canto a calidade, dispoñibilidade e adecuación dos recursos.
- A reflexión conxunta sobre a metodoloxía empregada e o traballo realizado ao longo do desenvolvemento do proxecto.
- O grao de integración das TIC na actividade educativa do centro e nos distintos proxectos educativos de centro.
- As propostas de mellora e de continuidade do traballo.

- **FORMACIÓN DO PROFESORADO**

A implicación activa dos docentes nos cambios metodolóxicos que propón a nova lei educativa é fundamental, por iso, desde o equipo TIC, fomentaremos que o profesorado vaia incorporando novos recursos dixitais ás clases. Dinamizaremos o centro para que todo o profesorado coñeza os usos que podemos dar ás TIC, que estean ao tanto das súas potencialidades e as novidades que van aparecendo día a día. Fomentaremos o uso de recursos coma os vídeos en rede, xogos en liña, creación de bancos de recursos ou uso de apps educativas, tal como se ven facendo en anos anteriores.

De cara a cumprir con esta premisa, desde o centro promóvense actividades formativas entre docentes no uso das novas tecnoloxías e os recursos dixitais que se posúen no centro na actualidade.

No curso 2024/2025, seguiremos utilizando a aula virtual en todas as aulas, promovendo a realización por parte do profesorado, de cursos de formación en liña relacionados coas ferramentas dixitais. O PFPP deste curso, estará enfocado aos polos creativos, en concreto, á formación do profesorado en microbits e programación, o na



readaptación da nova web do centro, logo de que o curso pasado fora cambiada sustancialmente. Continuaremos tamén co traballo en prensa dixital e e radio, e seguiremos fomentando o uso da radio, a programación e a robótica.

- **MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PLAN**

A difusión do plan está asegurada en tanto a que o profesorado fai uso e necesita as TIC para todo tipo de tarefas tales como: xestión, horarios, programacións, rexistro de alumnos en XADE, o emprego do MEIGA, usando material de apoio á aula coas TIC, actualización dos blogs do centro, emprego de material didáctico interactivo, consulta a web como fonte de saber e novas propostas, etc. Ademais o plan enviarase por correo electrónico a todo o claustro para que teñan constancia do mesmo.

O alumnado tamén estará a contribuír co consecución do plan en tanto que poderá facer un uso individual dos medios tecnolóxicos para facer traballos, buscar información, aprender contidos con elas, visitando os blogues e páxina web do colexio. Participarán en diferentes actividades relacionadas co uso das TIC, sobre todo no que respecta ó manexo da aula virtual.

Por último, tratarase de animar tamén ás familias para que na medida do posible todos teñan a oportunidade de dispoñer de recursos tecnolóxicos, cos que por exemplo acceder a Internet e visitar os blogs e a aula virtual do centro, para consultar as actividades, festas, eventos, horarios, etc.; consultar cousas na rede; buscar actividades de lecer; etc.


Anexo XI.- Proxecto Lector de centro

PROGRAMACIÓN

BIBLIOTECA ESCOLAR

CEIP GÁNDARA SOFÁN

PLAMBE 2024-2025



CEIP Plurilingüe Gándara Sofán

Teléfono: 881 880 427

Gándara s/n 15108 Sofán, Carballo, A Coruña

Enderezo electrónico: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.es

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

- 1 Xustificación
- 2 Análise da situación da lectura e da escritura no centro
- 3 Obxectivos, fundamentos e organización
- 4 Actividades
- 5 Persoas implicadas
- 6 Temporalización
- 7 Criterios e procedementos de avaliación
- 8 Enquisa sobre a Lingua Materna na etapa de Educación Infantil

1. XUSTIFICACIÓN

A Lei 5/2015 do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia recolle no seu artigo 5 ás bibliotecas escolares como integrantes do Sistema galego de bibliotecas, e no artigo 6 recoñece, entre as obrigas das persoas físicas ou xurídicas titulares das bibliotecas integradas neste Sistema galego de bibliotecas, a de promover, no ámbito das súas competencias, un desenvolvemento sustentable, coherente, innovador e constante dos seus propios servizos bibliotecarios

Pola súa parte, **a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) no seu artigo 113 fai unha mención específica ás bibliotecas escolares**, sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico deles, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

Así mesmo, o **DECRETO 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no TÍTULO III relativo a Plans educativos, no seu artigo 33. Bibliotecas escolares e aproximación á lectura, o seguinte:**

- 1 Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

- 2 Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Somos moi conscientes de que lemos para obter información, para aprender, para comunicarnos, para divertirnos, para vivir outras realidades... Por todo isto, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados a través de todas as áreas dos diferentes niveis educativos.

En definitiva, pretendemos que para os nosos alumnos e alumnas o mundo da lectura sexa todo un descubrimento que lles motiva e ilusiona, que sexan eles mesmos os que sintan a necesidade de gozar e seguir aprendendo.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

A nivel de alumnado:

A nivel xeral observamos que o noso alumnado posúe un nivel axeitado, tanto no desenvolvemento da comprensión lectora, coma no desenvolvemento do hábito lector, no descubrimento e toma de conciencia do valor e pracer da lectura. Sen embargo, existe un grupo de alumnos que non teñen un interese persoal axeitado e, en consecuencia, repercute no súa formación e enriquecemento persoal.

Tamén hai que considerar que o noso alumnado vive, na súa totalidade, no medio rural, a maioría das familias cun nivel sociocultural medio-baixo e nas proximidades non contan con ningún servizo de biblioteca. A máis próxima está en Carballo e non se desprazan habitualmente para acudir a ela.

A nivel de profesorado:

O profesorado dedicamos á lectura unha grande parte das nosas enerxías. Que os alumnos aprendan a ler ben e comprender, desde sempre, foi un dos nosos obxectivos básicos e prioritarios. En moitas ocasións preguntámonos qué facer para que os nosos alumnos lean máis e superen as dificultades, que arredor á lectura, complican o desenvolvemento das súas actividades.

Pretendemos seguir potenciando a lectura, ademais de intentar conseguir que lean coa finalidade de aprender, o fagan tamén polo simple pracer de ler. Para potenciar dita finalidade este curso pretendemos poñer un marcha o club de lectura “**CONCHO E NOZ**” onde se implicará o alumnado de 6º, as familias e o profesorado.

Consideramos que contamos cun elevado número de recursos bibliográficos, espaciais e temporais para poder gozar do mundo dos libros a través da literatura apropiada a cada idade, aspecto que intentamos mellorar.

A nivel de familias:

As nosas familias involúcranse na medida do posible no fomento da animación lectora dos seus fillos e fillas, aspecto que consideramos moi importante, dado que o ámbito familiar é un dos máis influentes no fomento dos hábitos lectores nas idades dos nosos alumnos e alumnas.

Dado que contamos coa complicidade da maioría das familias na potenciación deste proceso, e que consideramos que son unha baza fundamental na súa dinamización, traballaremos conxuntamente en varias actividades e en distintos momentos ao longo do proxecto, moi especialmente na posta en marcha o **club lector**.

3. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN:

Con este plan pretendemos basicamente conseguir:

- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura, como fonte de entretemento, enriquecemento persoal e cultural.

- Asegurar o crecemento lector nos alumnos e alumnas dunha maneira continuada, potenciando as ferramentas lectoras para conseguir unha comprensión adecuada.
- Implicar aos diferentes membros da comunidade educativa en: desenvolver as habilidades comunicativas orais, conseguir unha lectura comprensiva, potenciar a capacidade de escoitar, fomentar o interese lector, a imaxinación, a creatividade, a sensibilidade emocional...
- Conseguir que a lectura sexa un medio de Educación Emocional e en Valores, buscando especial relación co proxecto anual de biblioteca que este curso xirará en torno **as emocións e os contos** e leva por título: **QUÉ CONTAN OS CONTOS?**.
- Converter as bibliotecas, tanto de aula como de centro, así como o clube lector en espazos dinámicos para o desenvolvemento do hábito pola lectura.
- Utilizar as bibliotecas para buscar información, para aprender e como fonte de pracer.
- Invitar a comunidade educativa ou autores a participar no **club de lectura**, coa lectura ou interpretación de obras de folclore ou transmisión oral en diferentes linguas: galego, castelán e inglés.
- Potenciar o uso das **redes, dos blogs de centro, da radio escolar e da prensa dixital (Sofán News)** para dar a coñecer o noso traballo.
- Intentar que o hábito lector traspase os muros da escola, recoñecendo outros espazos, xardíns, patio..., como lugares de lectura.

4. ACTIVIDADES

Para o desenvolvemento do noso Proxecto Lector faremos diversos tipos de actividades agrupándose, a maioría, nos bloques que citamos a continuación:

1. Para ler ben ... escoitamos ler.
2. Para ler ben ... practicamos en voz alta.

3. Para ler ben ... practicamos en silencio.
4. Para ler ben ... aprenderemos a redactar, a escribir...
5. Para ler ben ... utilizamos libros amenos e interesantes.
6. Outras actividades

1. Para ler ben... escoitamos ler.

Esta actividade é moi importante ao comezo pero non se debe abandonar en ningún momento xa que pensamos que para que un neno ou unha nena lea ben (coa entoación correcta, facendo as pausas convenientes, con fluidez, etc...) e se habitúe a ler é preciso que se lle lea dende pequeno.

Ao comezo lerán os titores e/ou titoras e os mestres/mestras especialistas, deixando paso máis adiante ao alumnado. Na casa escoitarán ler aos pais, nais, irmáns e irmás maiores, etc...

Ao longo deste curso levarase a cabo un **plan lector en inglés para aumentar a competencia do noso alumnado nesta lingua.**

2. Para ler ben... practicamos en voz alta.

A lectura en voz alta supón enormes beneficios, tanto para quen le, como para quen escoita. Para os nenos e nenas ler en voz alta é especialmente significativo porque os anima a explorar os libros e a converterse en lectores por si mesmos.

A lectura en voz alta require un gran esforzo mental e psicolóxico ao alumnado porque o sitúa ante o “risco” de ser entendido, pero tamén ante a posibilidade de ser cuestionado por como le.

O alumnado debe gozar co texto que vai comunicar, do contrario a súa lectura resultará violenta e pouco espontánea. Se non goza lendo, as demais persoas que estean escoitando percibirano, sentiranse incómodos e acabarán desconectando.

Ao longo de todo o curso, os alumnos e alumnas participarán nunha lectura continuada en voz alta dos diversos libros dos que dispoñemos no centro, das obras elaboradas por eles mesmos ou ben dalgún libro que traian da casa. Un momento axeitado para esta práctica, dun xeito máis lúdico, é a **Hora de ler**. Así mesmo, durante a celebración de datas sinaladas (**Día das Bibliotecas, Día da Paz, Día do Libro, Día da Poesía,...**) faremos exposicións orais dos traballos do alumnado, lectura e/ou creación de contos, recitados de poemas, etc...

Este curso, por primeira vez, poñeremos en marcha dende a biblioteca un club lector onde participará toda a comunidade educativa. O noso club lector levará por nome **CONCHO E NOZ** e desenvolverase de 4 a 5 unha venres de cada mes.

3. Para ler ben... practicamos en silencio.

A lectura silenciosa está relacionada coa lectura independente, é dicir, que o alumnado lea por sí mesmo. Esta práctica permite a conexión con outras actividades de lectura aínda cando se trata de algo informal e libre.

As alumnas e os alumnos tamén deben ter a posibilidade de ler en soidade repetidamente. As lecturas repetidas, nas que os estudantes len o mesmo varias veces, e rexistran melloras na precisión lectora, resultan unha forma excelente de mellorar a fluidez.

É importante recordar tamén que, se ben os nenos e nenas precisan a práctica da lectura en voz alta para desenvolver a fluidez, tamén precisan numerosas oportunidades de ler en silencio. Perfeccionar a lectura en silencio tende a mellorar a velocidade e a comprensión lectoras.

Esta actividade é moi importante para valorar o nivel de comprensión lectora de cada alumno ou alumna. Comezarase con textos sinxelos que garantan o éxito da súa comprensión e lles sirva de motivación.

Todos os días dispoñemos da media hora de lectura na que se traballa moito a lectura silenciosa.

4. Para ler ben... aprendemos a escribir (redactar).

A lectura e a escritura veñen da man polo que non se pode entender unha sen a outra. Ademais de ensinar a ler, os mestres debemos buscar procedementos que sexan do gusto dos nenos e nenas, que os capaciten para a escritura.

Aprender a escribir é aprender a transmitir o que un é e o que pensa, a través das letras, para comunicarse cos demais. Aprender a ler-escribir é un camiño que se ve dende mensaxes breves e sinxelas ata mensaxes poéticas complicadas, pasando pola narrativa, descricións, diálogos, etc... para lograr expresar os sentimentos.

Pensamos (e estamos practicamente seguros) que os bos lectores teñen máis facilidade para escribir ben, referido a contar historias, redactar, utilizar unha linguaxe rica nos seus escritos...

Neste bloque destacamos actividades nas que o aspecto principal é a escritura, tendo como resultado a creación do conto viaxeiro, actividades creativas para o taboleiro da lingua, elaboración conxunta de libros xigantes, de libros con mensaxes, libros de rimas, adiviñas, antoloxías poéticas, fichas de lectura...

5. Para ler ben... utilizamos libros amenos e interesantes.

Os libros que ofertamos deben responder ás características e aos intereses dos/das nenos e nenas: deben ofrecer temas relacionados co seu mundo imaxinario, espertar a súa curiosidade, a inventiva e a imaxinación. Libros con valores que fagan pensar ao alumnado, ademais de gozar coa lectura.

Os mestres e mestras debemos ler con anterioridade os libros que lles imos propoñer. Tamén podemos suxerirille a lectura a algún alumno que saibamos que é un bo lector coa finalidade de coñecer se o libro vai gustar. É primordial que o profesorado evidencie o seu gusto pola lectura para transmitir ese mesmo grao nos seus alumnos e alumnas.

Para o momento da lectura é importante propiciar e manter un clima de tranquilidade, comodidade e disfrute. Para lograr isto é bo que os nenos e nenas, ao comezar a lectura, se atopen relaxados e motivados e deixarlles elixir con total liberdade o texto do seu interese podendo cambiar, se non lles gusta, dende que xa leran varias follas.

Para os primeiros cursos da Educación Primaria, deben preferirse libros con imaxes dinámicas e coloridas, textos con parágrafos curtos pero completos e con letras grandes. Para o resto de niveis, os libros tamén deben ter ilustracións, aínda que máis esporádicas. Os textos deben ter parágrafos máis longos intercambiando a narración co diálogo.

Nas bibliotecas de aula haberá libros axeitados á idade dos alumnos e serán utilizados na **“Hora de ler”** ou en momentos de actividade libre. Tamén poderán ser emprestados polo titor para que os leven para a casa durante un tempo e, cando os devolvan, elaboren a ficha **“Recordamos o lido”**.

Buscaremos e ofreceremos lecturas que se relacionen coa **temática do proxecto de biblioteca (as emocións)** buscando que o alumnado mellore tamén no manexo da súa vida interior e emocional.

6. Outras actividades...

Ademais de todas aquelas actividades que cada titor ou titora realice e poida enmarcar dentro destes grupos, faremos outras que serán as mesmas para todos os niveis, adecuándoas ás características dos nosos alumnos así como ás súas capacidades. A maioría das mesmas forman parte do Proxecto que, cada 2 anos, se leva a cabo dende a Biblioteca escolar en colaboración como vén sendo habitual ao longo destes anos co Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

- Elaboración de contos nas aulas para seguir enchendo os andeis *dos nosos autores* e autoras.
- Dixitalización dos contos para proxectalos ao resto dos alumnos e alumnas do centro e ir "construíndo" un arquivo dixital cos traballos de todos eles.

- Posta en marcha das **Mochilas Viaxeiras** que levará o alumnado para as súas casas para poder gozar delas durante unha semana coas súas familias. O contido das mochilas serán libros impresos tanto para eles/elas como para a familia, material audiovisual ,xogos e un caderno para invitalos/las a reflexionar acerca da lectura e desta nova experiencia.
- Celebración da **Semana do Libro** na que contaremos con distintas actividades como poden ser a visita de contacontos, de ilustradores e tamén dos autores dos libros que lemos na escola. Así mesmo, recompilaremos nun libro as creacións do noso alumnado.
- Xornadas de actividades relacionadas con poesías inventadas polo alumnado.
- Lectura en formato dixital (e-books, tablets nas aulas e na biblioteca), nos ordenadores para ver e ler distintos blogs do centro,...
- Saída para asistir á representación dunha peza teatral ou recibir a visita no centro escolar.
- Ensaio de diversas obras de teatro que os distintos grupos irán representando ao longo das celebracións realizadas na escola.
- Recitado de poemas de creación propia e autores diversos.
- Exposicións diversas no Taboleiro da Lingua (iranse alternando en función das diversas celebracións).
- Sesións de cine en galego, castelán e inglés e posterior traballo na aula.
- Elaboración de murais en relación coa temática a traballar .
- Encontros con autores, ilustradores, magos, actores,....
- Exposición de novidades e actividades para o coñecemento das mesmas que serán expostas unha vez catalogadas debidamente no programa Meiga.
- Traballo coa prensa no 5º e 6º cursos (ampliable a outros cursos se así o solicitan).
- Bibliotecas de aula. Os titores e titoras, en colaboración cos alumnos e alumnas, escollerán os libros que formarán parte da súa biblioteca de aula. Cando o consideren, e sempre baixo a supervisión do titor ou titora, poderán baixar á biblioteca co seu estante de rodas e renovar os fondos para a súa clase.
- Actividades de formación de usuarios.

- Posta en marcha do club lector **CONCHO E NOZ**
- **Invitación** á comunidade educativa e autores a participar en lecturas ou transmisión de contos e cantigas da nosa tradición e folclore popular, **especialmente este curso onde nas letras galegas se homenaxea a artistas e cantareiras que mantiveron vivo o cancionero popular galego.**

O equipo da biblioteca propondrá diversas actividades para poder traballar aspectos como a lectura, a comprensión, a busca de información, a través do material das bibliotecas de aula.

5. PERSOAS IMPLICADAS

Con este Plan Lector pretendemos implicar a todos os membros da comunidade educativa, conseguindo que sexa levado a cabo de forma colaboradora entre todos, para así intentar inculcar o gusto pola lectura e valorala de forma adecuada.

- **Os alumnos e alumnas.** Loxicamente, serán os elementos máis activos e importantes dentro deste proceso. Ademais de ser “lectores activos” dos diferentes xéneros literarios, tamén participarán compoñendo as súas propias obras, facendo representacións, lecturas, recitados... e tamén colaborando na organización da biblioteca, nas bibliotecas de aula, na mochila viaxeira...
- **O profesorado.** Participan todos os membros do claustro, encargándose de todas aquelas actividades que se leven a cabo, coordinadas e propostas dende o Equipo de Biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua.

Pretendemos que se entenda a animación á lectura, o gusto pola mesma, a mellora na comprensión lector, a potenciación das TIC... como un fin común a conseguir entre todos.

- **As familias.** Pretendemos que potencien e valoren a lectura como tal, intentando que non sexa considerada soamente como una actividade escolar senón como una actividade que forma parte da vida cotiá dos nenos/as tanto dentro como fóra da aula e no seu tempo de lecer.

Pediremos tamén a súa colaboración en diferentes tipos de actividades (contos viaxeiros, mochilas viaxeiras, contacontos, club lector...)

6. TEMPORALIZACIÓN

Este Proxecto Lector de Centro, concretado no Plan Anual de Lectura será levado a cabo durante os cursos escolares 2024/2025, tal e como se recolle na lexislación vixente, introducindo as modificacións que sexan necesarias.

Ademáis das actividades anteriormente mencionadas e secuenciadas por trimestres, as actividades enmarcadas dentro do PAL e do proxecto da biblioteca iranse desenvolvendo nos vindeiros cursos (2024/2026), centrando o traballo nas **emocións** e a **súa relación cos contos**, levando por título **QUÉ CONTAN OS CONTOS?**. Participaremos noutras actividades que vaian xurdindo ou que nos propoñan dende o exterior, sempre e cando consideremos que se poden enmarcar dentro dos nosos Proxectos.

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do Plan levarase a cabo por parte todo o profesorado implicado. Realizarase dunha forma continua, efectuando una observación directa e diaria dos alumnos, a evolución do seu nivel lector, o interese que mostran cara a lectura. Despois, cada mestre sacará as súas propias conclusións, que posteriormente expoñeremos de forma conxunta.

Avaliaremos tamén, a través da observación e da análise dos resultados, se as diversas actividades e o proceso levado a cabo foron axeitados para a consecución dos obxectivos.

É por iso que, ao final de cada trimestre realizaremos unha reunión entre todos os membros do claustro onde se irá avaliando a consecución dos diferentes obxectivos e a partir destes resultados farase una proposta de mellora para o seguinte trimestre, así como as modificacións que se consideren oportunas en cada momento. Con maior frecuencia irá sendo avaliado polo Equipo de Biblioteca.

8. ENQUISA SOBRE A LINGUA MATERNA NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

4º de Educación Infantil: Unha vez entregadas as enquisas para a valoración da lingua materna no alumnado de nova incorporación, aínda estamos pendentes da obtención e valoración de tódolos datos da enquisa.


5º de Educación Infantil: dos 10 alumnos e alumnas deste curso, unicamente 3 nenos e nenas xunto coas súas respectivas familias empregan o castelán para comunicarse. O resto, un 70% emprega a diario o galego.

6º de Educación Infantil: dos 16 alumnos e alumnas que compoñen o grupo, case a súa totalidade emprega o galego como lingua de comunicación entre eles e coas familias, exceptuado unicamente 3 nenos e nenas xunto coas súas respectivas familias empregan o castelán para comunicarse. Un 82% emprega a diario o galego.

PLAN ANUAL DE LECTURA

ANO ESCOLAR

2024-2025



Coordinadora: Vanessa Suárez Moreira

CEIP Plurilingüe Gándara Sofán

Teléfono: 881 880 427

Gándara s/n 15108 Sofán, Carballo, A Coruña

Enderezo electrónico: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.es

Plan Anual de Lectura

OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

1 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

2 LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

3 SECCIÓNS

4 RUTINAS DE LECTURA

5 RECURSOS HUMANOS

6 ITINERARIOS LECTORES

7 ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

8 LER EN FAMILIA

9 CLUB LECTOR: CONCHO E NOZ

10 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1 OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

Somos moi conscientes de que lemos para obter información, para aprender, para comunicarnos, para divertirnos, para vivir outras realidades... Por todo isto, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados a través de todas as áreas dos diferentes niveis educativos.

Por todo isto, os principais **obxectivos** do Plan Anual de Lectura, están directamente relacionados cos establecidos no Proxecto Lector de Centro:

- A) Fomentar no alumnado o gusto pola lectura, como fonte de entretemento, enriquecemento persoal e cultural.
- B) Asegurar o crecemento lector nos alumnos e alumnas, dunha maneira continuada, potenciando as ferramentas lectoras para conseguir unha comprensión adecuada.
- C) Implicar aos diferentes membros da comunidade educativa en: participar nas actividades e no club lector, desenvolver as habilidades comunicativas orais,



conseguir unha lectura comprensiva, potenciar a capacidade de escoitar, fomentar o interese lector, a imaxinación, a creatividade...

- D) Conseguir que a lectura sexa un medio de **Educación Emocional** e en Valores, especialmente relacionado co noso proxecto de biblioteca onde relacionamos os contos e as emocións: **QUÉ CONTAN OS CONTOS?**.
- E) Converter as bibliotecas, tanto de aula como de centro, en espazos dinámicos para o desenvolvemento do hábito pola lectura.
- F) Dar un maior uso a **sala de radio** do centro, ubicando nela o **club lector**.
- G) Utilizar as bibliotecas para buscar información, para aprender e como fonte de pracer.
- H) Potenciar o **uso das redes, dos blogs, da radio e da prensa dixital escolar (Sofán News) para dar a coñecer o traballo** que se realiza dende o centro e a biblioteca.
- I) Intentar que o hábito lector traspase os muros da escola, recoñecendo outros espazos, xardíns, patio..., como lugares de lectura.

O noso **Plan Anual de Lectura** está directamente vinculado aos diferentes programas nos que está inmerso o centro:

- **Proxecto QUÉ CONTAN OS CONTOS?**, para coñecer en máis profundidade as emocións empregando os contos como punto de partida .
- Actividades que xurdan dos diferentes equipos do centro: EDLG, EAE, TICs, etc...
- Plan Proxecta “Alimenta-T Ben” , “Cóntame un conto”.
- Continuación co “Proxecto Radio Escolar”. (Continuamos no Erasmus+),
- “Proxecto Sofán Dixital” que inclúe: prensa escolar, fotografía e radio.
- Plan de formación do profesorado.

- Linguaxe de Signos, impartido en diferentes horas a todo o alumnado nas sesións de animación á lectura.
- Plan de formación do profesorado en torno ó Edixgal (5º e 6º EP) e Aulas Virtuais.
- Proxecto Horto escolar , Terra , Ecopatrullas, Meteoescolas e Contos.
- Obradoiros de matemáticas e lingua.

1 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Todas as actividades e proxectos de lectura que se propoñen para o curso 2024-2025, ben sexa de forma puntual ou ao longo de todo o curso, levaranse a cabo en todos os espazos posibles do colexio, dándolle un especial impulso este curso a un maior uso da sal de radio, onde ubicaremos o club lector.

En canto á organización do tempo, contamos, para cumprir cos obxectivos do Plan Anual de Lectura, con actividades puntuais (celebracións, saídas, visitas de autores e familias, contacontos...)aquelas que se desenvolven nunha data concreta e cun horario de inicio e fin, e actividades sistemáticas (**Proxecto QUE CONTAN OS CONTOS?**, animación á lectura diaria nas aulas), que se desenvolven ao longo de todo o curso.

2 LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

Basicamente as liñas de actuación do Plan Anual de Lectura centraranse en:

- A) Formación de usuarios.
- B) Dinamización da biblioteca como centro de recursos.
- C) Posta en marcha , por primeira vez, do club lector **CONCHO E NOZ**
- D) Fomento da lectura como medio de comunicación, divertimento e busca de información en **diferentes linguas**: castelán, galego e inglés, dándolle un **especial empuxe a esta última onde teremos un plan lector específico en inglés.**

1 SECCIÓNS

A biblioteca do centro será o eixe do noso traballo, pero tamén contaremos coa biblioteca de aula, coas aportacións das familias e coas creacións propias dos alumnos, que formarán parte da sección de “Os nosos autores e/ou As Nosas Creacións”. De novo, durante este ano académico houbo que redistribuir os espazos na biblioteca, xa que vai quedando moi pequena, e polo tanto tivemos que equipala con máis estantes para poder organizar correctamente todo o material do que dispoñemos; por outro lado continuaremos expurgando exemplares antigos para dar cabida a novas obras.

2 RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Para conseguir unha boa organización nas visitas á biblioteca, realízase un **cadro semanal**, onde as titorías solicitarán a reserva dunha sesión lectiva para realizar actividades de formación de usuarios, empréstito/devolución de libros, consulta ou calquera actividade das que se describen neste documento.

Os **empréstitos e devolucions no tempo de lecer** están permitidos tanto para os alumnos e alumnas de Educación Primaria, como para os de Educación Infantil.

Establécese que os venres o club lector, CONCHO E NOZ, levarase a cabo de 4 a 5, un venres pola tarde de cada mes, na sala de radio do centro. O equipo de biblioteca favorecerá a creación do club “CONHO E A NOZ” coa participación específica de alumnado de 6º de primaria, familias e profesorado. Para favorecer a participación da comunidade educativa crearemos un carnet de cuños. Por cada participación en lecturas ou actividades de expresión oral, o equipo de biblioteca concederá medio cuño no carnet, salvo as familias e alumnos varóns que Terán un cuño completo. Cando o carnet teña 4 cuños, ese carnet (co nome do usuario) poderá participar no sorteo dun lote de libros a finais de curso, e recibirán un novo carnet para continuar participando. O club de lectura será guiado pola coordinadora de biblioteca e favoreceremos a grabación de pequenos fragmentos das lecturas na radio escolar para poder subir algunhas a páxina web do centro.

Durante este curso tampouco se porá en circulación polas aulas e nun expositor á entrada da biblioteca as **Maletas dos nosos autores e autoras**, que consisten en traballos escritos realizados polos propios alumnos do centro. Estarán nun estante ó servicio de quen os queira ver .

Ao longo do curso, propóñense diferentes tipos de lectura realizada nas aulas, fomentando o descubrimento doutros tipos de lectura dos que poidan estar acostumados a manexar, **favorecendo de xeito especial e temática emocional, a lectura en inglés e dando a coñecer a revista REPORTERO DOC, a cal pretendemos sacarlle maior proveito ao longo deste curso..**

As **fichas de comprensión lectora** sobre o libro que lean, tanto de forma voluntaria como aqueles propostos polos mestres, serán unha actividade que realizarán os alumnos ao longo do curso.

Así mesmo, todas e cada unha das actividades realizadas poderán ser vistas no blog da biblioteca:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan/blogdebiblioteca>

Tamén se desenvolverán actividades propostas desde os diferentes niveis educativos específicas para os seus alumnos:

EDUCACIÓN INFANTIL

Mochila viaxeira: consiste na recompilación de lecturas e xogos que os nenos e nenas gozarán coas súas familias durante unha semana.

Empréstimo de libros con ficha relacionada: Durante este curso escolar, e ata que a situación o permita, non haberá préstamos de libros para o fin de semana.

Lectura Individual: Co obxectivo de acadar un ambiente relaxado na aula, os días que non fagan unha actividade específica relacionada coa lectura, adicarán a sesión de Animación á Lectura a coller libros da biblioteca da aula e ler de xeito individual (os alumnos@s con capacidade lectora, por exemplo en 6º de Educación Infantil).

Proxectos: Os proxectos que se levarán a cabo ao longo do presente curso na Educación Infantil serán 7 e teñen un carácter transversal e anual:

1.Aprendemos falando

2.A miña historia

3.Emocionarte ca arte

4.Xeografiando Europa: Contos viaxeiros

5. Horto escolar: pequenos agricultores

6.A mascota da miña aula: A abella.

7.Sofán News

.Igual que o resto de alumnado do centro, participarán naquelas actividades relativas á temática das artes. **A Hora de Animación á Lectura** na etapa de Educación Infantil levarase a cabo con flexibilidade horaria, dentro das horas de globalización. Esta lectura será propicia para introducir contidos ou proxectos, para o disfrute da mesma. Se ofrecen contos para uso individual e deste xeito poder mantelos en corentena o tempo estipulado.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Traballarase en toda a Educación Primaria ao longo deste curso escolar en torno á temática previamente mencionada relativa ás emocións (as actividades propostas serán consensuadas polo equipo de Biblioteca, entre todas aquelas presentadas en xuño no apartado de liñas prioritarias para informar e acadar acordos posteriormente co resto do claustro). Serán incluídas na memoria final ao remate do curso.

1º e 2º ED. PRIMARIA

Participarán das diferentes actividades en torno ao proxecto “QUÉ CONTAN OS CONTOS” a desenvolver durante o presente ano académico (especificadas no apartado liñas prioritarias).

3º e 4º ED. PRIMARIA

Igual que os cursos anteriores, participaremos en conxunto das diferentes actividades propostas en torno a “QUÉ CONTAS OS CONTOS” (igualmente especificadas no apartado de liñas prioritarias).

5º e 6º ED. PRIMARIA

Igual que o resto de alumnado de Educación Primaria, participarán nas actividades propostas enmarcadas no proxecto QUÉ CONTAN OS CONTOS?

3 RECURSOS HUMANOS

Para o desenvolvemento do Plan Anual de Lectura estarán implicados todos os membros da comunidade educativa, colaborando entre todos, para así intentar inculcar o gusto pola lectura e valorala de forma adecuada.

- **OS ALUMNOS E ALUMNAS.** Serán os elementos máis activos e importantes dentro deste proceso. Ademais de ser “lectores activos” dos diferentes xéneros literarios, participarán compoñendo as súas propias obras, facendo representacións, lecturas e **recitados con especial fincapé na tradición e folclore oral galego, tendo en conta que este curso 2024/25 as Letras Galegas se adican a mulleres que mantiveron viva a nosa tradición.** O alumando tamén colaborará na organización da biblioteca, nas bibliotecas de aula, na radio escolar , no club de lectura, na mochila viaxeira...
PROFESORADO. Participan todos os membros do claustro, encargándose de todas aquelas actividades que se leven a cabo, coordinadas e propostas dende o Equipo de Biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua. Pretendemos que se entenda a animación á lectura, o gusto pola mesma, a

mellora na comprensión lectora e expresión escrita en galego, castelán e inglés e a potenciación das TIC... como un fin común a conseguir entre todos.

- **AS FAMILIAS.** Pretendemos que potencien e valoren a lectura como tal, intentando que non sexa considerada soamente como una actividade escolar senón como una actividade que forma parte da vida cotiá dos nenos/as tanto dentro como fóra da aula e no seu tempo de lecer. Pediremos tamén a súa colaboración en diferentes tipos de actividades (contos viaxeiros, mochilas viaxeiras, club lector....., mantendo a comunicación a través do Abalar e das actividades propostas dende o blog de biblioteca ...).

- 1 **AUTORES/FAMILIAS INVITADOS.** Todos os autores e familias que nos visiten serán persoas implicadas no desenvolvemento do Plan, xa que lles darán ao alumnado unha visión diferente das obras lidas, dotándoas dun carácter máis humano.

2 ITINERARIOS LECTORES

A relación de obras que serán recomendadas para levar a cabo o Plan Anual de Lectura do curso 2024-2025 será a seguinte:

Lecturas para alumnado de **4º, 5º e 6º de Educación Infantil**

En galego:

- “De que cor é un bico?” .Rocio Bonilla.
- “Es ti o meu amigo?”. Magda Soldado. Jacobo Muñiz.
- “A avoa do novelo Branco”. Paco López Barxas.
- “Azul e Bertie”. Kristyna Litten
- “Unha cor propia”. Leo Leonni.

En castelán:

- “Elmer, el elefante multicolor”. David Mckee
- “Monstruo rosa”. Olga de Dios.
- "Distinta". Sozapato y Beto Valencia.
- " El abrazo mágico" Fifi Kuo.
- "El monstruo de colores" AnnaLlenas.
- “La luz de Lucía”. Margarita del Mazo y Silvia Álvarez.

Lecturas para alumnado de **1º e 2º E.P**

En galego:

- “De que cor é un bico?”. Rocio Bonilla
- “Teño dúas casas”. Cristina Justo e Paloma Rodríguez.
- “Avós” .Chema Eras.
- “Unha cor propia”. Leo Leoni.
-

En castelán:

- "Emocuentos" Un corazón repleto de emociones. Mercé conangle, Jaume Soler y Ester Llorens.
- “El hilo invisible “ de Miriam Tirado.
- “La rebelión de la princesa rosa” Raquel Díaz Reguera
- “La luz de Lucía”. Margarita del Mazo y Silvia Álvarez.

Lecturas para alumnado de **3º e 4º E.P**

En galego:

- “Catro pedras vellas” de Pere tobaruela para 3º E.P
- " Pan con chocolate". Paula Carballeiro.
- “Maia e a troita perlada”. Lucía Cid para 4º E.P

En castelán:

- "En familia". Alexandra Maxeiner. Anke Kuhl
- Reportero Doc. Somos lo que comemos
- "Yo seré tres mil millones de niños". Alain Serres. Judith Gueyfier
- "El conejito de luz" de Anna Arnaiz y Alejo nieto para 3º Y 4º E.P

Lecturas para alumnado de **5º y 6º E.P**

En galego:

- "Escarlatina, a cociñeira defunta" de Leticia Costas para 5º E.P
- " O neno ultramillonario". Autor: David Williams. (Edición Galego) para 6º E. P.

En castelán:

- " Un beso de mandarina" de Eulalia Canal para 5º E.P
- " Charlie y la fábrica de chocolate". Autor: Roal Dahl (Edición Castellano) para 6º E.P.

1 ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

Desde o equipo de biblioteca programaremos actividades de uso de biblioteca e de formación de usuarios:

Alumnos e alumnas – no uso e desfrute do espazo da biblioteca e tamén do respecto das normas establecidas (localización do material que buscan). No caso do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, formarámoslos no manexo do programa Meiga, para axudar na tarefa de empréstito e devolución de libros. **Profesorado** – formar aos compañeiros e

compañeiras no manexo do programa Meiga, así como na labor de catalogación de exemplares e ordenación dos mesmos.

Familias – A biblioteca do centro é un espazo aberto a consulta durante as gardas da tarde (16:00 a 18:00 horas)

ACTIVIDADES PUNTUAIS

Visita á Biblioteca municipal, Rego da Balsa

Todas aquelas celebracións ou datas de interese que haxa ao longo do curso, terá repercusión no desenvolvemento do Plan Anual de Lectura:

RECURSOS E MATERIAIS

Para levar a cabo o Plan Anual de Lectura contaremos con material funxible variado, material audiovisual, mobiliario do centro, e basicamente espazos de centro (sala de radio) aula e biblioteca nas quendas establecidas

LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES DE IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

A implicación da familia é imprescindible para que calquera proxecto que se conciba dende o centro educativo, teña continuidade e sexa realmente efectivo. No caso da lectura, a importancia desa continuidade é básica, por iso precisamos que os pais e nais se sintan partícipes desde as súas casas neste Plan Anual de Lectura, a través de actividades programadas:

Mochila viaxeira – unha relación de material que levan os nenos e nenas durante unha semana para as súas casas para compartir coas súas familias (material impreso e audiovisual).

Club lector “Concho e Noz” que se poñerá en marcha por primeira vez ao longo deste curso.

2 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



A avaliación do Plan levarase a cabo por parte todo o profesorado implicado. Realizarase dunha forma continua, efectuando una observación directa e diaria dos alumnos e alumnas, a evolución do seu nivel lector, o interese que mostran cara a lectura. Ao final de curso tamén pasaremos enquisas as familias para valorar distintos aspectos do traballo realizado .Avaliaremos tamén, a través da observación e da análise dos resultados das enquisas, se as diversas actividades e o proceso levado a cabo foron axeitados para a consecución dos obxectivos.

É por iso que, ao final de cada trimestre, realizaremos unha reunión entre todos os membros do claustro onde se irá avaliando a consecución dos diferentes obxectivos e a partir destes resultados farase una proposta de mellora para o seguinte trimestre, así como as modificacións que se consideren oportunas en cada momento. Con maior frecuencia irá sendo avaliado polo Equipo de Biblioteca.

Anexo XII.- PLAMBE- Liñas Prioritarias 2024-2025

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DENDE A BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O VINDEIRO ANO ACADÉMICO 2024-2025

Como queda especificado na memoria do PLAMBE 2024, iniciaremos o vindeiro curso un novo proxecto centrado nas **emocións**. Viñamos notando que o alumnado ten dificultades para xestionar a súa propia frustración e recoñecer e manexar axeitadamente as distintas emocións. É por iso que decidimos centrarnos en crear un proxecto que intentara incidir no coñecemento e manexo emocional. O proxecto levará por título **QUÉ CONTAN OS CONTOS?**. Neste proxecto partiremos dos contos para ir introducindo e coñecendo as distintas emocións, e adquirir recursos para xestionalas o mellor posible. Quedamos pendentes tamén de vindeiras reunións, unha vez iniciado o curso para concretar as diferentes actividades que poderemos levar a cabo en torno a este proxecto neste curso escolar 2024/2025.

Ademáis do relativo ó proxecto en torno as emocións, hai outras tarefas que son imprescindibles de levar a cabo coa finalidade de garantir o bo funcionamento da biblioteca do centro. As actuacións que se levarán a cabo serán:

1. En relación coa organización e xestión.

- 1 Expurgar.
- 2 Seguir catalogando os fondos novos que imos adquirindo, as revistas e o material audiovisual.
- 3 Realizar préstamos en horario escolar
- 4 Poner en marcha un club de lectura coa participación do profesorado, o alumnado e as familias.
- 5 Continuar cos empréstitos e devolucións.
- 6 Facer os carnés para o novo alumnado.

- 7 Aumentar a dotación de fondos en función das necesidades e centrarnos tamén en fondos orientados ao proxecto que queremos desenvolver, así como ampliar o fondo de libros en inglés.
- 8 Continuar co empréstito de fondos ás titorías, mediante as bibliotecas de aula.
- 9 Realizar actividades prácticas para a formación de usuarios da biblioteca.
- 10 Continuar coa adaptación dos espazos da biblioteca segundo sexa necesario.
- 11 Asignar unha partida económica do orzamento do centro para a biblioteca.
- 12 Continuar dinamizando o noso blog, no cal imos informando de todas as tarefas que levamos a cabo.
- 13 Traballar coa Comisión de Biblioteca no Consello Escolar para conseguir unha maior sensibilidade da necesidade deste servizo e da colaboración dos seus membros.
- 14 Favorecer a implicación do propio Consello Escolar no desenvolvemento do club de lectura.
- 15 Adicar alguna sesión dentro do tempo dispoñible polos titores e titoras e a persoa responsable da biblioteca escolar para explicar claramente como ler as etiquetas dos libros, co fin de colocalos correctamente nos seus estantes.

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da Biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- ✓ Integrar o proxecto de biblioteca **QUÉ CONTAN OS CONTOS?** no currículo das diferentes áreas.
- ✓ Afondar no coñecemento dos contos e das emocións previamente mencionada.
- ✓ Favorecer a compensación das desigualdades sociais, facendo fincapé nunha maior accesibilidade a todo o alumnado e no fomento da expresión e comprensión lectora en diferentes linguas: castelán , galego e inglés.

- ✓ Seguir potenciando a biblioteca como lugar dinámico de aprendizaxe, de traballo, de investigación, de lecer... utilizando os diferentes espazos da mesma dándolle un maior uso a sala de radio do centro.
- ✓ Informar dos novos fondos (mediante exposicións, trípticos, o propio blog, etc...).
- ✓ Formar ao alumnado no uso de diferentes fontes de busca de información como forma de potenciación da calidade e equidade educativa.
- ✓ Promover a participación nas actividades propostas dende a biblioteca.
- ✓ Facilitar a adquisición das diferentes competencias básicas, especialmente “aprender a aprender”.
- ✓ Organizar encontros con autores, ilustradores, as propias familias e membros da comunidade educativa para facer lecturas compartidas, transmitir a cultura oral e profundizar nas propostas lectoras do centro.
- ✓ Elaboración de actividades adaptadas aos diferentes cursos, utilizando diversos medios como ordenadores, pizarra dixital, DVDs... traballando a interdisciplinaridade e transversalidade, co fin de facilitar a adquisición das competencias básicas.
- ✓ Volver insistir na necesidade da utilización dos diferentes recursos da biblioteca e a importancia do seu bo uso, conservación e organización dos mesmos.
- ✓ Elaborar material didáctico no que se recollan sinxelas pautas para a elaboración de resumos, mapas conceptuais, fichas de lectura, podcats para a radio... adaptadas a cada nivel.
- ✓ Realizar diversas actividades mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación... para acadar un maior desenvolvemento das distintas áreas do currículo nos diversos niveis.

3. En relación coa formación de usuarios e educación para o tratamento da información.

- Seguir co proceso de alfabetización informática a todas aquelas persoas de ingreso recente na comunidade educativa (empréstitos, devolucións, catalogación...).

- Continuar coa práctica de actividades formativas de usuarios de Biblioteca para os diversos niveis educativos.
- Traballar distintos tipos de textos: narrativos, poemas, orais ...promovendo os relacionados con temática **contos e emocións**.
- Ser quen de manexar diferentes libros de consulta emocional.
- Achegar ao alumnado diversas ferramentas en rede que contribúan ao desenvolvemento do currículo.
- Integrar e usar as TIC's no desenvolvemento do noso proxecto.
- Traballar a comprensión e expresión oral (en diferentes linguas) dun xeito máis específico a través da creación dun club de lectura no centro.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro:

- Revisar o Plan Anual de Lectura e o Proxecto Lector de Centro por se fosen necesarias algunhas modificacións.
- Seguir incluíndo nas respectivas programacións de área actividades que empreguen a lectura coma ferramenta de aprendizaxe.
- Continuar elaborando diferentes actividades de promoción da lectura: fomento da lectura individual e colectiva, actividades de animación á lectura ,obradoiros de creación de textos de diferentes estilos e posta en marcha do club lector.
- “Catalogar” nos andeis da biblioteca e nos diferentes espazos dispoñibles, o conxunto de textos creativos realizados polo alumnado, expoñelo e dixitalizalo, facendo accesible a toda a comunidade escolar.
- Continuar co programa de lecturas adaptadas a cada nivel, facendo recomendacións axeitadas a cada idade, na chegada de períodos vacacionais.
- Promover a participación de toda a comunidade educativa no novo club lector.
- Seguir promocionando a lectura en diferentes formatos e soportes.
- Implicar ao conxunto de profesorado nas diversas actividades propostas para o fomento da lectura.

- Facer das actividades da biblioteca un labor de equipo, organizando en común e informando a todo o claustro das diferentes propostas, deixando vía aberta a calquera recomendación e suxestión.
- Dar máis difusión ás novas relacionadas co fomento da lectura a través do blog.
- Incluír un buzón de suxestións de lectura para o club lector.
- Outras actuacións que inclúan:
- Intercambiar material de elaboración propia con outros centros da contorna.
- Seguir coa práctica das Mochilas Viaxeiras. Ademáis dos diferentes fondos cos que contamos na biblioteca, incluiremos nestas mochilas material elaborado polo noso alumnado.
- Continuaremos a promover a implicación das familias, participando nas diferentes actividades que se programarán dende a biblioteca escolar.
- Adaptaranse os horarios do profesorado do centro co fin de dispor dun determinado número de horas para facilitar o acceso das familias a participar no club lector.
- Seguiremos promovendo actividades relacionadas con datas ou acontecementos especiais.

5. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

- Observación directa do uso da biblioteca por parte do alumnado, profesorado e familias.
- Valoración do traballo realizado por parte das persoas implicadas tanto a nivel de participantes como de organizadores, invitados, axudantes,...
- Coordinación do Equipo mediante reunións nas que se irán modificando os aspectos que non funcionen como esperamos.

6. Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

A persoa designada como dinamizadora do Equipo de Biblioteca é Vanessa Suárez Moreira dende o pasado curso.

Os integrantes do equipo son, ademáis da coordinadora:

-Catalina Cancela.

-Sabela Serrano.

-Rosa María Suárez.

-Maria Dolores Hortas .

-Tania Mirás.

Para o desenvolvemento deste proxecto consideramos fundamental que, tanto a coordinadora, coma os membros do equipo, conten con algunha sesión asignada ao traballo de dinamización da biblioteca, dentro do seu horario docente. Traballaremos en colaboración cos restantes equipos do centro, algo que vimos facendo durante todos os cursos.

Anexo XIII.- Sección Bilingüe

**PROGRAMACIÓN
SECCIONES BILINGÜES
5º e 6º CURSOS
EDUCACIÓN PRIMARIA
ANO ESCOLAR 2024/2025**

CEIP Plurilingüe Gándara Sofán

Gándara s/n, 15108 Sofán, Carballo

Teléfono e fax: 881 880 427

ceip.gandara.sofan@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan/>

ÍNDICE DE CONTIDOS

- 1 INTRODUCCIÓN
- 2 ETAPA E CURSOS ONDE DESENVOLVER O PROGRAMA
- 3 PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE
- 4 ÁREAS OU MATERIAS E COMPETENCIAS CLAVE
- 5 OBXECTIVOS DA ÁREA
- 6 RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS CLAVE E OBXECTIVOS DE ÁREA
- 7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS DA ÁREA
- 8 DESEÑO DA MATERIA EN TORNO A PROXECTOS
- 9 METODOLOXÍA EMPREGADA NA MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA EN LINGUA ESTRANXEIRA
- 10 AVALIACIÓN DO PROGRAMA
- 11 EXPERIENCIA EN PLANS OU PROGRAMAS RELACIONADOS COA LINGUA ESTRANXEIRA

✓ **INTRODUCCIÓN**

A presenza da lingua estranxeira (neste caso a lingua inglesa), tanto no ámbito escolar coma no persoal, ten na actualidade unha relevancia moi importante. Son innumerables as situacións que nos achegan á lingua estranxeira sendo, polo tanto, necesario adquirir a competencia axeitada para que o alumnado se poida desenvolver na mesma coa menor dificultade posible.

É por iso que dende este centro educativo decidimos entrar a formar parte no programa de Sección Bilingüe hai xa uns anos, co fin de mellorar a competencia do noso alumnado na comprensión e uso da lingua estranxeira, nunha materia que non sexa a da propia especialidade.

Analizadas as diferentes posibilidades de inclusión da lingua inglesa nas diferentes materias propostas neste programa, acordamos solicitar a primeira sección bilingüe na materia de Educación Artística, en concreto na área de Educación Plástica, por considerala unha área axeitada para promover e desenvolver o uso do inglés nun entorno distendido, que favorece a comunicación ao tempo que é unha materia moi axeitada para a experimentación, que fomenta a expresión de sensacións e, por suposto, favorece a mellora na comprensión e expresión nunha lingua tan presente no mundo actual, como é a lingua inglesa.

Dado o alto grado de satisfacción, tanto pola miña propia parte coma do alumnado participante, continuamos a traballar na materia de Educación Plástica nos 2 últimos cursos da Educación Primaria. Tendo en conta que tamén pasamos a formar parte da rede de centros Plurilingües, impartirase a Educación Plástica no 1º, 2º, 3º e 4º cursos da Educación Primaria.

✓ **ETAPA E CURSOS ONDE DESENVOLVER O PROGRAMA**

Como mencionei previamente, impartiremos en lingua estranxeira a área de Educación Plástica no 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos da Educación Primaria. Esta programación compente aos cursos superiores, 5º e 6º integrados dentro do programa de seccións

bilingües. Serán estes uns grupos formados por 19 alumn@s en 5º de EP e 24 en 6º de EP. Seguiremos o establecido na LOMLOE e a publicación do **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

✓ **PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE**

Son a mestra encargada de impartir e coordinar esta sección bilingüe, Rosa María Suárez Trigo, estou en posesión da especialidade de Lingua Estranxeira (Inglés), pola cal teño destino definitivo no centro. Son ademais, licenciada en Filoxía Inglesa e estou en posesión do título de nivel avanzado en inglés pola EOI. Participei tamén no programa de “Acompañamento en Lingua Estranxeira” durante o curso académico 2012-2013 e no programa PALE durante o curso 2008-2009. Participamos na sección bilingüe dende o curso escolar 2104-2015 no 5º curso de Educación Primaria e comezamos outra no ano académico 2015-2016 no 6º curso da EP. A día de hoxe continuamos coas dúas seccións en ambos cursos. Durante o ano escolar 2021-2022 fomos incorporados á rede de centro plurilingües, polo que comezamos a impartir a Educación Plástica en inglés no 1º curso da EP e iniciamos o pasado curso escolar impartindo esta materia tamén no 2º curso da EP. Durante o pasado ano académico 2023/2024 ampliase a impartición da materia de Plástica no 3º curso de EP. Xa no presente curso, impartirase tamén no 4º curso da EP.

Esta programación segue o modelo curricular establecido pola nova Lei Educativa LOMLOE.

4 ÁREAS OU MATERIAS (COMPETENCIAS CLAVE)

Decidimos, como mencionei previamente, seleccionar á área de Educación Artística, en concreto, a Educación Plástica, como a materia a impartir na lingua estranxeira.

Consideramos que é esta unha área moi axeitada para orientar o ensino da mesma en torno a proxectos a desenvolver durante o ano académico. É ademais, unha área que favorece o desenrolo da aprendizaxe por competencias. De tal xeito favorecerase o desenvolvemento competencial do alumnado, adquirindo os contidos e acadando os

obxectivos reflectidos no currículo (vinculados co desenvolvemento das diferentes competencias clave e á consecución dos descritores operativos de cadansúa) a través das distintas actividades a desenvolver na materia.

A **competencia en comunicación lingüística** traballarase a través da interacción de forma oral e escrita, de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Mediante os debates, asambleas ou actividades de mesa redonda procurárase mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes tanto orais, escritas ou gráficas, icónicas ou en diferentes soportes artísticos. O desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso é de vital importancia para a comprensión da arte en calquera das súas expresións, así como para a integración da linguaxe propia dos diferentes estilos e formas artísticas.

Sen lugar a dúbidas a competencia máis intimamente ligada ás materias vinculadas á sección bilingüe é a **competencia plurilingüe**; a cal implica utilizar a lingua inglesa de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación.

De tal xeito, a partir do perfil lingüístico do alumnado aproveitaranse as experiencias deste para levar a cabo estratexias que permitan trasferencias lingüísticas que favorezan a adquisición e expresión en lingua inglesa.

A **competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría** (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e

social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

De tal xeito procurarase que o alumnado empregue, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático reflexionando sobre os resultados obtidos. Empregaremos o pensamento científico para entender fenómenos como a cor, a luz, a perspectiva ou a proporción, por dar algúns exemplos. Asemade a competencia estará presente na planificación e execución de determinadas actividades que seguirán o proceso de investigación, deseño e desenvolvemento, característico do modelo I+D, aproveitando de forma crítica, ética e responsable as achegas da cultura dixital para construír novos coñecementos.

A **competencia dixital** levarase a cabo procurando un uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con éstas. Para iso realizaranse procuras guiadas na internet con actitude crítica sobre os contidos obtidos. Tamén se empregarán diferentes programas e ferramentas dixitais para a creación artística, como editores de imaxe ou programas de debuxo; explicando a importancia dos dereitos de autor, e a importancia dos perigos que entraña a rede e das precaucións que o alumnado debe ter no seu uso.

A **competencia persoal, social e de aprender a aprender** implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos

cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a un mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Procuraremos a través da materia de Educación Plástica unha correcta educación emocional, atendendo ás necesidades afectivas e emocionais do alumnado. As artes son e foron sempre vehículo das emocións e a posta en práctica de actividades que permitan ao alumno plasmar as súas ideas, pensamentos e sentimentos é un eixo esencial da materia. A valoración do traballo e do esforzo favorecendo a autoestima é clave no desenvolvemento persoal e estará presente no día a día da materia. Por outra banda, os traballos en grupo favorecen a dimensión social e afectiva dentro dun entorno cooperativo.

A **competencia cidadá** contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así coma no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

A convivencia na aula como microsociedade é un reflexo dos valores cívicos e de convivencia que se proxectan na sociedade. O respecto ás normas, a tolerancia, a empatía... son valores que están presentes no día a día da materia. Ademais, as obras artísticas son expresións vinculadas a un contexto histórico social que, en moitas ocasións, reflicte os valores, norma e cánones que enmarcan unha sociedade nunha



época determinada; a súa comprensión axuda a entender o funcionamento non só de ditas sociedades senón tamén da propia.

A **competencia emprendedora** implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

A competencia emprendedora desenvolverase a través do fomento da creatividade, da análise de obras de arte, do traballo en equipo, na valoración dos proxectos realizados e no reforzo da autonomía e autoestima.

Se a competencia plurilingüe é un dos eixos desta programación, sen lugar a dúbidas a **competencia en conciencia e expresión culturais** é o outro pilar. Esta competencia supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

O recoñecemento do patrimonio artístico e cultural propio é un eixo presente na materia, que parte do entorno que rodea ao educando, da súa cultura e da sociedade na que vive. De igual xeito toda a materia xira entorno á expresión de ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e con actitude aberta e inclusiva, interactuando coa contorna e desenvolvendo a capacidade afectiva; e a experimentación de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas para elaborar propostas artísticas e culturais; como así se reflicte nos descritores operativos desta competencia.

5 OBXECTIVOS DA ÁREA

Os obxectivos a acadar no desenvolvemento desta área son os mencionados a continuación:

OBX1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX3. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX4. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

Ao tempo que tratamos de acadar este obxectivos propios da área de Educación Plástica, intentaremos tamén, lograr uns obxectivos lingüísticos e socioculturais, que xustifiquen a importancia de impartir esta materia empregando a lingua inglesa.

Tales obxectivos poden resumirse en:

- Empregar a lingua inglesa como vehículo de aprendizaxe da materia que nos ocupa.
- Desenvolver o uso axeitado, tanto da lingua estranxeira como da propia lingua, co fin de que adquiran a competencia comunicativa necesaria para un desenrolo positivo da materia.
- Mellorar a competencia lingüística na área de lingua inglesa, proporcionando o vocabulario necesario para poder expresar opinións e gustos en torno ás tarefas desenvolvidas.
- Favorecer o coñecemento da cultura dos países de fala inglesa, así como os seus costumes e manifestacións artísticas, co fin de poder analizalas e opinar sobre elas desde o respecto e mostrando un espírito crítico.
- Ofrecer aos estudantes estratexias para mellorar o dominio da lingua inglesa, tanto no relativo á comprensión oral como na expresión oral, e así ser capaces de dar opinións sobre as tarefas desenvolvidas.

6 RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS CLAVE E OBXECTIVOS DE ÁREA

| Obxectivos da área | Competencias clave | | | | | | | |
|--------------------|--------------------|----|------|----|-------|----|-----|------|
| | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
| OBX1 | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 | 3 | 3 | 2 | 1 | | 3 | | 1-2 |
| OBX3 | 1 | 1 | | 2 | 5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX4 | 1 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS DA ÁREA

| Área de Educación Plástica e Visual Terceiro ciclo 5º/6º | |
|--|------------|
| Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise | |
| Criterios de avaliación | Obxectivos |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | OBX1 |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. | OBX1 |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | OBX3 |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | OBX3 |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | OBX3 |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | OBX1 |
| Contidos | |

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

| Criterios de avaliación | Obxectivos |
|---|------------|
| ▪ CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | OBX3 |
| ▪ CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | OBX3 |
| ▪ CA2.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | OBX4 |
| ▪ CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | OBX4 |
| ▪ CA2.5. Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | OBX4 |
| ▪ CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | OBX4 |
| Contidos | |

| | |
|---|------------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. ▪ Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos e modelados. ▪ Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. ▪ Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. ▪ Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. ▪ Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. ▪ Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. | |
| Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise | |
| Criterios de avaliación | Obxectivos |
| ▪ CA3.1. Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | OBX1 |
| ▪ CA3.2. Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | OBX1 |
| ▪ CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | OBX2 |
| ▪ CA3.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, | OBX2 |
| ▪ CA3.5. Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | OBX2 |
| ▪ CA3.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | OBX1 |
| Contidos | |

- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

| Criteria de avaliación | Obxectivos |
|--|------------|
| ▪ CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | OBX3 |
| ▪ CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | OBX3 |
| ▪ CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | OBX4 |
| ▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | OBX4 |
| ▪ CA4.5. Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | OBX4 |
| ▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | OBX4 |
| Contidos | |

- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

8 DESEÑO DA MATERIA EN TORNO A PROXECTOS

Desenvolver esta materia en torno a diferentes proxectos, inspirados en diferentes artistas de varios movementos culturais, é a mellor maneira de organizar o traballo a levar a cabo durante o curso académico.

Este modelo de integración curricular (da materia de Educación Plástica e da materia de Lingua Inglesa), favorece tanto o traballo en equipo coma o individualizado. É por iso que orientar a materia en torno a diferentes proxectos e tarefas, relativos a datas relevantes ou á creación de pezas interesantes para o alumnado, resultará significativo e proveitoso.

Empregando esta metodoloxía, damos cabida a diferentes formas de expresión artística, mediante o uso de distintos materiais e técnicas, dos cales saíran as producións do noso alumnado.

Con algunhas variacións que se irán introducindo a medida que avance o curso, se así fose necesario, os proxectos a por en práctica serán os mencionados a continuación:

ACTIVIDADES PARA 5º e 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

1º trimestre (1st Term):

- **SUNSET SCENERY DRAWING:** Iniciamos o curso escolar cun primeiro proxecto a modo de avaliación inicial co fin de valorar cómo se desenvolven na técnica do debuxo, uso das cores, formas e uso da lingua estranxeira. Empregaremos cartolinas brancas e ceras brandas, compás e lápis.
- **MATISSE PROJECT:** Coñeceremos a obra de Henri Matisse e a arte do fauvismo. Traballaremos na súa técnica de collage e recrearemos un dos seus famosos cadros, Le chat aux poissons rouges, de 1914 (O gato dos peixes vermellos). Empregaremos cartolinas brancas ou lenzos xunto con lápis, ceras ou rotuladores.
- **THE ART OF PIET MONDRIAN:** Traballaremos o neoplasticismo baseándonos na obra do artista neerlandés Piet Mondrian co fin de recrear esta característico arte abstracta. Traballaremos tomando como referencia a obra Composition with red, blue and yellow, 1930, Composition London, New York City I and Broadway Boogie-Woogie and Checkerboard, Dark Colors.
- **JOAN MIRÓ:** Traballaremos a obra do artista español, baseada nas liñas simples e as formas orgánicas onde intentaremos que o alumnado, coas súas creacións, deixe patente o interese do artista polo subconsciente do infantil.

2º trimestre (2nd Term):

- **RENÉ MAGRITTE:** Traballaremos obras do autor surrealista belga, coñecido polas súas enxeñosas e provocativas imaxes. Reproduciremos o seu cadro Le fils de l'homme (O fillo do home), 1964, considerada un autorretrato, composta por un home con abrigo, corbata vermella e bombín, de pé diante dun muro, observándose máis aló o mar e o ceo nubrado.
- **PORTRAITS by FRIDA KAHLO:** Traballaremos na obra da artista mexicana que traballou preferentemente os autorretratos e así tentaremos que o alumnado reproduza algúns deles, traballando así nesta técnica característica da autora.

- **ARCHITECTURE:** Convertiremos ó alumnado en arquitectos para que reproduzan algún dos edificios ou monumentos máis coñecidos do mundo.

3º trimestre (3rd Term):

- **ROMERO BRITTO, THE ART OF HAPPINES and GRAFFITO COLECTION:** Traballaremos a arte da felicidade e dos graffiti baseándonos no artista brasileiro Romero Britto, combinando elementos do cubismo, pop art e pintura de graffiti empregando vibrantes cores que reflectan a felicidade e esperanza.
- **THE ART OF PHOTOGRAPHY or ILLUSTRATION:** Centrarémonos no mundo da animación e ilustración de famosos personaxes de cine, televisión, fotografía ou cómics para que cada alumno escolla o que desexe e o reproduza o máis fielmente posible. Recrearemos fotografías artísticas empregando diversas aplicacións para tal fin.

Estas actividades poden estar suxeitas a calquera tipo de variación, dependendo, sobre todo da situación na que nos vaíamos atopando ó longo do curso en canto á pandemia. Calquera modificación que sexa necesaria levar a cabo será debidamente explicada na memoria desta correspondente programación.

9 METODOLOXÍA EMPREGADA NA MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA EN LINGUA ESTRANXEIRA

As estratexias metodolóxicas a empregar nesta materia de Educación Plástica en lingua inglesa serán as seguintes:

- Será unha aprendizaxe significativa e motivadora, partindo sempre dos intereses e capacidades do alumnado.
- Empregarase unha metodoloxía participativa, co fin de que os rapaces e rapazas melloren a súa competencia comunicativa, empregando a lingua inglesa para manifestar as súas opinións no respectivo á área de Educación Plástica.

- A metodoloxía empregada favorecerá a atención individualizada do alumnado, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe, proporcionando actividades de reforzo ou ampliación para consolidar os contidos que máis dificultades lles provoquen.
- Establecerase un vocabulario básico relativo a esta materia, co fin de que o alumnado o vaia asimilando e integrando no seu día a día, ampliando así o dominio de novas expresións e termos empregados na educación plástica.
- Empregaranse recursos visuais relativos á materia, co fin de facilitar a comprensión da mesma.
- A linguaxe non verbal cobra tamén unha especial relevancia no apartado metodolóxico. Estableceranse unhas ordes pautas, expresións e rutinas que favorezan a comprensión das mensaxes transmitidas ao alumnado.
- Terá prioridade unha metodoloxía na que prime o uso da lingua oral fronte á escrita. Esta última irase integrando a medida que avance o curso e que as habilidades en canto a comprensión e expresión oral dos alumnos e alumnas se vaian consolidando.
- Empregaremos multitude de recursos metodolóxicos tales como ordenadores, CDs, DVDs, libros específicos da materia, así como material funxible, para acadar a máxima satisfacción e os mellores resultados posibles no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Segundo o tipo de actividade a desenvolver en cada momento do trimestre, realizaranse distintos tipos de agrupamentos, dende o grupo aula, parellas, pequeno grupo ou traballo individualizado.
- En definitiva, será unha metodoloxía motivadora e atractiva, coa intención de que o alumnado perda o temor a recibir unha materia como a Educación Plástica nunha lingua que non é a que viñeron empregando ao longo de cursos anteriores.

10 AVALIACIÓN DO PROGRAMA

Dada a experiencia adquirida ao longo destes anos na materia de Educación Plástica en lingua estranxeira, e comprobados os resultados satisfactorios da mesma, seguiremos avaliando, tanto a propia materia e os obxectivos acadados (artísticos e lingüísticos), coma o traballo feito polos mestres responsables desta materia, no deseño e presentación da mesma.

Por un lado, a avaliación dos rapaces e rapazas seguirá o determinado nos criterios de avaliación do currículo e no seu desenvolvemento competencial.

Como mestra responsable desta materia, será tarefa imprescindible pola miña parte, a observación e análise en canto ao desenrolo da mesma, prestando especial atención a todo aquilo que funciona (tanto no plano artístico coma lingüístico) e co que se acadan os obxectivos propostos, pero tamén a todo o que non funciona, co fin de ir corrixindo fallos e mellorando aqueles aspectos que non resulten interesantes ou axeitados para o alumnado.

É obxectivo prioritario deixar claro aos estudantes que o esencial na materia está nas propias creacións artísticas pero unha parte tamén no plano lingüístico. Deste xeito, evitárase o medo a expresar na lingua estranxeira termos propios da linguaxe artística, que se irán acadando a medida que o alumnado se vaia sentindo máis seguro na lingua inglesa.

11 EXPERIENCIA EN PLANS OU PROGRAMAS RELACIONADOS COA LINGUA ESTRANXEIRA

Tal e como xa mencionei nun apartado anterior, durante o curso académico 2012-2013, este centro participou no programa de “Acompañamento en Lingua Estranxeira”, nos niveis relativos ao 2º e 3º ciclos da Educación Primaria, e que se estivo a levar a cabo todos os luns e mércores en horario de 17:00 a 19.00 horas.

Vimos de participar na sección bilingüe dende o curso 2014-2015 ata o momento actual, sempre nos 5º e 6º cursos de Educación Primaria. Unha vez incorporados á rede de



centros plurilingües no pasado curso escolar, iniciamos a impartición da materia de Educación Plástica en inglés no 1º curso da EP e comezamos o pasado ano académico coa impartición tamén no 2º curso da EP. Incorporamos durante o pasado ano escolar ó 3º curso da Educación Primaria e no actual ano académico o 4º curso da EP.

Un ano máis serei a mestra a cargo deste programa (Rosa María Suárez Trigo, mestra especialista en Lingua Estranxeira con destino definitivo no centro, Licenciada en Filoloxía Inglesa; en posesión tamén do nivel avanzado en Lingua Inglesa pola EOI). Participei tamén do programa PALE durante o curso académico 2008-2009.

Anexo XIV.- Plan de Igualdade



PLAN DE IGUALDADE
CEIP Plurilingüe GÁNDARA
SOFÁN (CARBALLO)
Curso 2024/2025

ÍNDICE

- 1 INTRODUCCIÓN.
- 2 CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.
- 3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia.
- 4 OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS.
 - 4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - 4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo sexual.
 - 4.4 Prevención , detección, e intervención en casos de LGBTIfobia.
- 5 MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS.
 - 5.1 Organización do centro.
 - 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3 Xestión dos espazos , dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
- 6 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.



INTRODUCCIÓN

Debemos ter en conta a gran vantaxe de actuar a través de plans. Elaborar un plan ou unha programación ten a bondade de dar coherencia ás distintas medidas desenvolvidas. Non é o mesmo a improvisación das actividades que levalas a cabo previamente planificadas e dacordo cuns obxectivos plantexados e cunha normativa de referencia.

Isto, ademais, ten a vantaxe de darnos claves á hora da avaliación do grao de consecución dos obxectivos. É importante que o profesorado e o centro en xeral incorporen, dun xeito consciente, na súa práctica diaria, a coeducación de xeito transversal e que ésta impregne toda a vida dun centro educativo, pero ademais, é recomendable diseñar actividades específicas que a potencien.

Moitas delas fanse relacionadas cos chamados "Días De", é dicir, celebración de efemérides en datas sinaladas que ao longo do calendario escolar oficial relacionanse coa igualdade desde a perspectiva de xénero, a prevención de actitudes sexistas, e a educación afectivo_sexual integral, transversal e estrutural (día da muller, eliminación da violencia de xénero ou celebracións LGBTI).

Como responsables do Plan de Igualdade, é preceptivo diseñar un plan de acción para este curso escolar que quedará incluído no Plan Xeral Anual de Centro.

O obxectivo deste documento é recoller e concretar no seu diseño e desenvolvemento as liñas e protocolos para o cumprimento dos obxectivos coeducativos que rexerán os PLANS DE CENTRO, aportando ideas, materias e ferramentas que concretarán os contidos dunha educación afectivo_sexual para todo o alumnado e comunidade escolar. O nomeamento dunha persoa responsable en materia de Igualdade,



pertencente á Comisión de Igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no Consello Escolar, e o propio equipo de convivencia do Claustro, permitirá a vixancia e cumprimento dos obxectivos e contidos, así como a activación dos protocolos pertinentes en materia de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

A difusión dos obxectivos coeducativos presentes nos plans de centro entre os membros da comunidade educativa co propósito de sensibilizar e informar, realizarase a través da web do centro onde se poden atopar publicados os documentos oficiais, así como as datas concretas de celebración, actividades propostas, convenios de colaboración con entidades e institucións que abordan a perspectiva de xénero en todas as súas vertientes (educativa e social).

Asimesmo consideramos de vital importancia dentro do noso Plan de Igualdade a inclusión dos obxectivos coeducativos propostos tanto no Plan de Convivencia como no PAT (dentro da hora de titoría, con elaboración de actividades inclusivas e igualitarias) ou no Plan específico de formación do profesorado en materia de Igualdade con outras entidades que colaboren no centro.

CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade



debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

NO ÁMBITO ESTATAL o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación "o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero".

No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)".

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.



Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación. NO ÁMBITO AUTONÓMICO No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

Artigo 23. Actitudes

Artigo 24. Formación do persoal docente

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual".

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na



xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras..

VII Plan Plan estratéxico de Galicia para a igualdade H_M_marzo2017, en tanto que este último, contén os seguintes obxectivos específicos:

3.1 Avanzar nun modelo educativo baseado na coeducación

3.2 Promover a igualdade de xénero na organización e xestión dos centros educativos

3.3 Impulsar unha orientación académica e profesional libre de estereotipos

3.4 Consolidar o enfoque de xénero e das mulleres na actividade académica, científica, tecnolóxica e de innovación

3.5 Impulsar modelos igualitarios nas relacións afectivo sexuais

3.6 Promover valores e actitudes inclusivas e normalizadoras respecto da orientación sexual e as identidades de xénero

En base a todo isto, e concretando no noso centro os obxectivos coeducativos concretos no Plan de Convivencia de Centro son:

Os programas preventivos. Deberase coordinar cos titores e co resto do profesorado que imparte materias no centro.

1. Programa para favorecer a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia:

- O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a fomentar o respecto da igualdade de oportunidades en ambos sexos.



- A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos. Debemos ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.
- En concreto no Centro debe existir o uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e se visualice o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar ao alumnado coa realización de actividades de formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación
- Repartir de maneira equilibrada as tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos os sexos.
- Ter unha igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.).

En canto ao Plan de Acción Titorial:

1. Potenciar unha dinámica de grupo positiva que favoreza a interacción e comunicación.
2. Seleccionar os textos e materiais curriculares que contempnen un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).



3. Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
4. Contemplan o sector do alumnado con problemas de convivencia.
 - Autoconceito.
 - Resolución de conflitos.
 - Habilidades sociais.
 - Dinámica de grupos.
 - Mellora da convivencia ou ambiente escolar.
 - Educación en valores.
5. Traballar na aula co sector do alumnado con heteroxeneidade ou diversidade.
 - Inmersión lingüística.
 - Aceptación das diferenzas.
 - Educación en valores.
 - Igualdade de oportunidades.
 - Habilidades sociais que preveñan a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia obsérvanse con especial atención:

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro que son:
Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluídas tamén as de xénero (identidade de xénero).

No Proxecto Educativo de Centro, os obxectivos coeducativos son os que seguen:

1. A educación para a igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
2. Educación e promoción de medidas que fomenten a igualdade entre sexos.



3. A promoción dunha educación personalizada que compense as desigualdades sociais ou persoais, a través da inclusión.
4. O fomento das relacións interpersoais positivas baseadas no respecto e a tolerancia.
5. O desenvolvemento de medidas e actuacións de carácter preventivo como medio para educar na convivencia

ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia.

Fortalezas e debilidades do Ceip Gándara Sofán en materia de xénero:

FORTALEZAS:

- Amplia maioría de mulleres con respecto a homes tanto no Claustro coma no Consello Escolar do noso centro, polo que o modelo feminino está totalmente presente.
- Formación adecuada do profesorado en materia de igualdade no ámbito educativo ademais da numerosa normativa disponible que abala calquera acción a realizar en materia de educación en igualdade de oportunidades.
- Equilibrio de alumnos e alumnas en todos os niveis do centro.
- En canto aos itinerarios de formación permanente do profesorado, neste intre temos tres itinerarios distintos nos que a inscrición do profesorado é do cen por cen.
- Tanto a nivel académico como de absentismo escolar os resultados do alumnado son moi satisfactorios, arredor dun 95% de promoción por nivel e neste último ano académico non se tramitou



protocolo de absentismo a ningún alumno nin alumna do centro. Non temos ningún caso de abandono escolar temperá, hai que ter en conta que o Ceip Gándara Sofán é un centro de Infantil e Primaria.

- As reunións da Comisión de Convivencia por motivo de conductas contrarias á convivencia no último curso escolar foi de dúas, sendo éstas faltas de carácter leve sancionadas con amonestacións ou suspensión de actividades programadas no centro.
- O uso dos espazos escolares en actividades extraescolares realízase de xeito heteroxeneo de xeito que os grupos de actividades deportivas e culturais son mixtos e sen distinción de sexo ou actividade.
- A gran colaboración existente e intercambios constantes entre o profesorado e as familias.

DEBILIDADES:

- Dado a contorna socio_cultural (rural) do noso Ceip a estrutura básica da unidade familiar é patriarcal.. O pai é o que sae a traballar e a nai soe ser a que coida dos fillos e da casa.
- Pola contra temos casos de familias monoparentais no centro onde a nai é a que traballa e coida do fillo ou filla, conciliando, na maioría dos casos, coa axuda dos avós.
- O centro é rural e un pouco afastado do centro urbán de concello polo que ás veces o acceso á actividades puntuais que se celebran na



biblioteca, pazo da cultura, etc está condicionado polo custo económico que supón desprazar ao alumnado en bus.

- A contorna do centro condiciona o acceso á información, a comunicación entre outros aspectos, dificulta qu o alumnado exprese a súa identidade de xénero .
- Falta de compatibilidade horaria para conciliar e poder acudir as familias a obradoiros no centro.

Á vista desta exposición , non se observan no centro fendas de xénero aínda que sí é verdade que se traballa na coeducación de xeito transversal no noso centro e que tamén o momento actual é idonéo por dúas razóns fundamentais:

1. A posibilidade de formación e información en materia de igualdade, no caso do ámbito educativo, dos docentes e axentes implicados na educación en xeral, e tamén, pola cantidade de normativa que abala calquera acción realizar.
2. Debido á sensibilización nestas cuestións na sociedade gracias á visibilización de feitos e acción reprobables con respecto ás mulleres, a través dos medios de comunicación, e, en xeral contrarias á igualdade efectiva entre homes e mulleres.
3. Grazas ás diferentes asociacións que visibilizan, a través de figuras públicas relevantes a imaxe de modelos neste eido, mostrando distintos roles e identidades sexuais.



OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS.

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes..

Neste ámbito no Ceip Gándara Sofán trabállase cos seguintes obxectivos:

. Examinar os contidos e materiais utilizados dentro do proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas, anular modelos femininos, etc.

b. Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no espazo educativo observando as condutas, actitudes, a linguaxe, percepcións e roles masculinos e femininos, a vida profesional, as súas expectativas de futuro, etc.

c. Impulsar o empoderamento da muller introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos, fomentando a participación das alumnas cuestionando os modelos tradicionais das relacións de xénero dentro do espazo educativo.

d. Intervir para o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade.

e. Fomentar os valores como tolerancia, respecto, colaboración, igualdade, a través de actividades onde os nenos e nenas experimentan distintos roles, cambiar as xerarquías existentes na sociedade por outras non estereotipadas e debatidas nos grupos de traballo cos alumnos e alumnas por exemplo nas actividades deportivas, constitúe un bo instrumento de traballo.



4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

Se observarán as recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o /a menor sente como propio, recollidas no protocolo de Identidade de Xénero editado pola Consellería de Educación .

A través dos Departamentos de Orientación e a comisión de convivencia se artellarán as accións educativas e didácticas que se recollerán no PAT e serán eles os que vixiarán e farán as intervencións oportunas, según o protocolo, no caso de evidenciar violencia de xénero no centro.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo sexual.

Tal e como recolle a normativa na materia, os plans de convivencia dos centros recollerán os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual. No caso de detectarse, actuarase segundo o previsto nos ditos protocolos. Recoméndase:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Realizar actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e orientadoras e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas



coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.

- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- A través da Rede de Servizo de Formación Permanente do Profesorado facilitarase a realización de accións formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a realidade das persoas trans, segundo se establece na normativa mencionada, mediante a utilización de todos os recursos previstos no plan anual de formación do profesorado e con atención especial ás Escolas de Nais e Pais.

4.4 Prevención , detección, e intervención en casos de LGBTifobia.

Ademáis das medidas xa contempladas nos apartados anteriores é importante previr con ferramentas didácticas de información, concienciación e formación a alumnos, profesores e país, para evitar accións que supoñan indicios de non respecto a identidade sexual do ou da menor, que poidan suponer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor e actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores, derivando os casos, unha vez constatados aos servizos correspondentes fóra do centro.

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras



correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.

5.1 Organización do centro.

A organización do Ceip Gándara Sofán polo xa comentado neste plan favorece a igualdade xa que tanto homes como mulleres están representados en todos os órganos de representación, sendo tanto o claustro de profesorado, como o consello escolar, maioría de mulleres . A persoa designada como responsable de igualdade é unha muller profesora do centro e membro da comisión de igualdade do consello escolar que, en coordinación coa responsable do PLAN DE CONVIVENCIA, vixiarán o cumprimento do Plan de Igualdade.

Dentro das normas de convivencia editadas polo centro e que son de público coñecemento polas familiar da nosa comunidade escolar , xa que se envían no comenzo de cada curso, faise mención ás medidas e conductas contrarias á convivencia en materia de xénero.

No Ceip Gándara Sofán impártense charlas entre o alumnado, xa hai varios anos , a cargo dunha Asociación local que fomenta os bos hábitos en canto a



adiccións entre os xóvenes, discriminación por razón de xénero, raza ou relixión, entre outros,.A nosa pretensión é impartir Escola de país e nais, en todos estes temas para formalos e completar a labor que ven facendo a escola. Asimesmo o profesorado formouse en materia de igualdade no curso convocado pola Consellería de Educación.

Estamos a traballar na aula de xeito transversal a todas as materias, pero de xeito específico na educación física e deportes sobre a linguaxe inclusiva e non sexista nas actividades do centro, nos rótulos das aulas, dos WC, e en todos os aspectos cotidianos que sexan susceptibles da materia que nos ocupa.

Na materia de libre configuración trabállase activamente na temática de igualdade de xénero, fomentando actividades puntuais nas celebracións "Días de" con carteles e outros.

Concretando:

Incluir nos documentos de centro (PEC), no apartado dos Principios Educativos que agora están redactados deste xeito: "f. Educación e promoción de medidas que fomenten a igualdade entre sexos, e g Educación para a paz, a interculturalidade e a solidariedade entre os pobos", habería que engadir os compromisos do Decreto 70/2017 e os obxectivos específicos do VII Plan Plan estratéxico de Galicia para a igualdade H_M_marzo2017 afondando no modelo de coeducación e introducindo a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas para completar o proxecto de centro en canto a materia de Igualdade..

A nivel do NOF, e no apartado de dereitos dos alumnos que agora figura deste xeito, "c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da



comunidade educativa.” Engadiríase a maiores, as sancións tipificadas para faltas e Con tales efectos.

No regulamento do centro educativo, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas, cuestión que neste intre non esta recollida.

A nivel do PAT, recolleremos accións concretas de desenvolvemento na aula e traballadas transversalmente en todo os cursos de infantil e primaria, en todas as materias do currículo e con especial incidencia na materia de Educación física a través do desenvolvemento de contidos relacionados cos valores no deporte, que inciden de xeito sobresaínte na igualdade entre homes e mulleres.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

A nivel aula propons

1. Realizar cos alumn@s un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero. Clasificarlas y sancionalas en consenso. FORO DE DEBATE
2. Configurar e xestionar Maletas Viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
3. Traballo: Promover a imaxe das Mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade. Realización de traballos biográficos, resaltando as personaxes históricos femininos, facendo fincapé nos referentes LGBTI.



4. Aproveitar a maioría de claustro feminino no noso ceip, para analizar as profesións tradicionalmente masculinas. Asimesmo no Plan de Convivencia, incidirase no Plan de Igualdade basados nas liñas e compromisos contidos no artigo 18 do Decreto Lexislativo 2/2015, como norma básica en materia de Igualdade na CA de Galicia.

5.3 Xestión dos espazos , dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- ❖ Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade.
- ❖ Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da Muller.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

No que respecta ao Consello Escolar e dentro da Comisión de Igualdade, representada por toda a comunidade educativa: propóranse varias accións desde esta comisión: Estas accións se materializarían do seguinte xeito:

➤ Colaborar cun programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias, no centro impartiremos charlas con asociación deste tipo que entre outras actividades traballan temas de igualdade a través de talleres educativos.



> Formación, a través das Escolas de Nais e Pais e doutros axentes socioeducativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.

> Coordinación co CIM municipal para impartición de charlas aos alumnos e alumnas para vivenciar situacións reais de violencia de xénero ou conflitos de xénero en diversas situacións e circunstancias.

> Facilitar Modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva, a través de personaxes famosos ou relevantes no noso entorno que poidan acudir ao noso centro a charlar ou que o centro se desplaza a actividades deste tipo.

> Apoio expreso ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Logo do diagnóstico desde a perspectiva de xénero do centro educativo, pódese sensibilizar á comunidade escolar, así como decidir cara qué aspectos debemos enfocar as nosas actuacións. Este diagnóstico realizarase no primeiro curso de implementación do Plan de Igualdade (curso 2019/2020).

Nos seguintes cursos haberá que actualizalo y para facelo temos que contar con ferramentas que permitan cuantificar a través de ítems de valoración e instrumentos de avaliacións as accións levadas a cabo no curso escolar e o



grado de satisfacción das mesmas así como a valoración dos resultados en canto a actitudes, detección de situación de risco ou evidencias de actitudes contrarias á convivencia en materia de xénero. Será o propio departamento de Orientación o encargado de facer a valoración e revisar as accións levadas a cabo e o seu resultado práctico e obxectivo, utilizando para elo as ferramentas técnicas que considere oportunas.

O diagnóstico en coeducación ten relación directa co diagnóstico en convivencia que se realiza anualmente no centro coa elaboración do Plan de Convivencia, por tanto pódense coordinar as dúas necesidades .

Como todo o que acontece no centro, o noso plan de actuación tamén debe ser evaluado pola comunidade educativa achegando unha memoria final.

Cada curso, incorporaremos nese documento, un apartado para o Plan de Igualdade en donde especificaremos as actuacións realizadas así como a valoración dos seus resultados e da participación de cada sector da comunidade escolar. Será remitida para a súa aprobación ao Consello Escolar para a súa información e valoración.



Anexo XV.- Plan de Xestión Económica do Centro

PLAN DE XESTIÓN ECONÓMICA DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA-SOFÁN





INDICE

- 1 INTRODUCCIÓN
- 2 A AUTONOMÍA DE XESTIÓN
- 3 ÓRGANOS COMPETENTES IMPLICADOS NA XESTIÓN ECONÓMICA DO CENTRO.
- 4 FUNCIONES
- 5 PRESUPUESTO
 - Estado de ingresos
 - Estado de gastos
- 6 EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO.
- 7 CRITERIOS PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN
- 8 FIXACIÓN DE PRECIOS
- 9 INDEMNIZACIÓN POR RAZÓNS DE SERVICIO
- 10 CUENTA DE GESTIÓN
- 11 CERTIFICADO DE APROBACIÓN
- 12 ANEXOS



INTRODUCCIÓN

O Proxecto de Xestión do Centro, o Proxecto Educativo (Programacións Didácticas) e as Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento son os documentos que garanten a autonomía económica, pedagóxica e organizativa do noso colexio.

As prioridades e actuacións para cada curso escolar quedan recollidas na Programación Xeral Anual.

Na Memoria Anual recolleranse as reflexións e conclusións sobre o curso que acaba e as propostas de mellora (en materia de xestión económica) para o curso seguinte.

O centro garantirá a coherencia do Proxecto de Xestión cos principios educativos expresados no Proxecto Educativo e desenvoltos na Programación Xeral Anual.

Todo iso en base á seguinte normativa:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Artigo 123
- **R.O.C.** Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21-10-96)
- **Orde que regula a organización dos Centros de Infantil e Primaria.** Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014)



- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG 23/06/2009)
- Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- DECRETO 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

A AUTONOMÍA DE XESTIÓN.

O CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán é un centro docente público non universitario pertencente á Xunta de Galiza que goza de autonomía na xestión dos seus recursos económicos, de acordo co que se establece en:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, artigo 120:

1. Os centros dispoñerán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recolleitos na presente Lei e nas normas que a desenvolvan.
2. Os centros docentes dispoñerán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.



3. As Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan adecuarse aos plans de traballo e organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

➤ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, artigo 123:

1 Os centros públicos que impartan ensinos regulados por medio de Lei dispoñerán de autonomía na súa xestión económica de acordo coa normativa establecida na presente Lei, así como na que determine cada Administración educativa

➤ DECRETO 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios:

Artigo 1º.-Autonomía na xestión económica dos centros públicos.

Os centros docentes públicos de niveis non universitarios dispoñerán de autonomía na xestión económica dos seus recursos nos termos establecidos na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, na Lei 8/1987, do 25 de novembro, do Parlamento de Galicia, neste decreto, e nas demais normas que lle sexan de aplicación.

Artigo 2º.-Definición da autonomía na xestión económica.

A autonomía na xestión económica dos recursos é a xestión polo propio centro dos gastos necesarios para o seu funcionamento, de forma que permita alcanzar os obxectivos previstos.

Artigo 3º.-Xestión integrada.



A xestión económica dos distintos programas, servizos ou actividades que a Administración educativa xestione a través dos centros docentes públicos de niveis non universitarios considerárase, para todos os efectos, integrada na xestión económica destes.

Esta autonomía de xestión económica configúrase como un medio para a mellora da calidade da educación e defínese como a utilización responsable de todos e cada un dos recursos necesarios para o bo funcionamento do centro e para a consecución dos obxectivos propostos.

ÓRGANOS COMPETENTES IMPLICADOS NA XESTIÓN ECONÓMICA DO CENTRO. FUNCÍONS.

A autonomía de xestión económica permítenos o desenvolvemento e a consecución dos obxectivos propostos no PEC e na PXA, en orde á mellor prestación do servizo educativo, mediante a administración dos recursos dispoñibles. Esta autonomía comporta unha atribución de responsabilidades e o seu exercicio está sometido á normativa e disposicións vixentes.

Os órganos (colexiados e unipersoais) competentes en materia de xestión económica e as súas funcións, son os que a continuación se relacionan:

- Consello Escolar.

1. Aprobar o Proxecto de Xestión e as súas modificacións.
2. Establecer as directrices de funcionamento do centro en materia económica.
3. Efectuar o seguimento do funcionamento do centro en materia económica.
4. Aprobar o orzamento anual e as súas posibles modificacións.



5. Aprobar a conta de xestión.

- Equipo directivo.

1. Elaborar o Proxecto de Xestión.

2. Elaborar o orzamento anual.

3. Elaborar a conta de xestión anual.

4. Realizar e propoñer as modificacións oportunas no Proxecto de Xestión e no orzamento anual.

5. Por outra banda, este plan será revisable anualmente ou en calquer intre na que se produza circunstancias necesarias que así acrediten dita revisión.

- Director.

1. É o máximo responsable da xestión. Colabora co resto do equipo directivo na elaboración do Proxecto de Xestión, na elaboración do orzamento e en todos os demais procesos de xestión económica.

2. Autoriza os gastos e ordena os pagos necesarios para o bo funcionamento do colexio.

3. Realiza as contratacións de subministracións, de acordo coa lexislación vixente.

4. O director presenta o proxecto de orzamento ao Consello Escolar para a súa aprobación ou modificación.

- Secretaria.

1. Colabora co resto do equipo directivo na elaboración do Proxecto de Xestión e do orzamento anual.

2. Rexistra a actividade económica do servizo de comedor escolar e a xustificación de ingresos e gastos por este servizo.



ORZAMENTO.

O orzamento é a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que o centro pode recoñecer en orde ao seu normal funcionamento, así como a estimación dos ingresos que prevé obter durante o exercicio correspondente.

O orzamento é o instrumento de planificación económica do centro. Nel prevense, xunto cos ingresos, os gastos necesarios para alcanzar os obxectivos propostos e recolleitos na PXA, sempre baixo os principios de equilibrio entre ingresos e gastos, de eficacia e eficiencia na utilización dos recursos.

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e componse dun estado de ingresos e outro de gastos. Será elaborado @teniendo en cuenta os principios recolleitos no PEC.

A adecuación e idoneidade do orzamento será valorada na Memoria Anual e na Memoria Económica Xustificativa.

Os Servizos da Consellería de Educación, FP e Ordenación Universitaria comunicarán ao centro o importe dos recursos que se lle asignarán ao mesmo para os seus gastos de funcionamento

O Equipo Directivo elaborará, ao comezo de cada exercicio económico, o proxecto de orzamento de centro. O Director presentará este proxecto de orzamento ao Consello Escolar para o seu estudo e aprobación, se procede nas datas que ditan as instrucións procedentes da Consellería de Educación de cada exercicio orzamentario.

O proxecto de orzamento incluirá:

- Memoria xustificativa que inclúa, ademais do obxectivo xeral de funcionamento operativo do centro, os obxectivos relativos a aqueles proxectos específicos que, para cada exercicio, determínense na PXA.



- Un estado de ingresos que se prevé obter.
- Un estado dos gastos necesario en orde á consecución dos obxectivos propostos.
- Resumo do estado de ingresos e gastos do orzamento, tanto por programas orzamentarios, como por outras fontes de ingresos no que se detalle a distribución que se propón do saldo final ou remanente.

Unha vez aprobado o proxecto de orzamento polo Consello Escolar, remitirase aos Servizos da Consellería de Educación nas datas que ditan as instrucción procedentes da Consellería de Educación. Este proxecto de orzamento entenderase aprobado se no prazo dun mes, a contar desde a data da súa recepción, non se formulasen observacións.

No caso contrario, os Servizos da Consellería de Educación notificará ao centro as observacións pertinentes, para que o Equipo Directivo e o Consello Escolar procedan á súa modificación nos termos indicados. Remitirase novamente aos Servizos de Educación para a súa aprobación definitiva nas datas que ditan as instrucción procedentes da Consellería de Educación

Ata que se aprobe o orzamento con carácter definitivo, o Director do centro poderá autoriza gastos e efectuar pagos conforme ao proxecto de orzamento aprobado polo Consello Escolar.

Estado de Ingresos.

Constituirá o estado de ingresos:

- O saldo final ou remanente da conta de xestión do exercicio anterior. En calquera caso, os remanentes que estean asociados a ingresos finalistas só se poderán orzar no programa de gasto que os motiva.



- Recursos asignados polos Servizos de Educación a través dos correspondentes programas de gasto para o funcionamento operativo dos centros educativos polo concepto orzamentario que se determine.
- Outras asignacións procedentes dos Servizos de Educación, como as do programa de gratuidade (se seguise vixente) de libros de texto e material didáctico complementario, obras, equipamentos e aqueloutros que os Servizos determine.
- Achegas procedentes doutras administracións e organismos públicos distintas das consignadas nos apartados anteriores.
- Outros recursos obtidos en virtude da autonomía de xestión de que gozan os centros docentes públicos:
 - Os ingresos procedentes de disposicións testamentarias e doazóns efectuados ao centro para finalidades docentes, previa aceptación das diversas Consellerías afectadas.
 - Ingresos procedentes de convenios formalizados con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de actividades extracurriculares e complementarias.
 - Os que procedan da prestación de servizos e da venda de bens mobles, ambos os produto das súas actividades educativas e formativas e distintos dos remunerados pola normativa específica de Taxas e Prezos Públicos.
 - importe das axudas ou premios outorgados por institucións, organismos e empresas privadas como consecuencia do desenvolvemento de proxectos e experiencias de innovación e investigación educativas ou como resultado da participación de



profesores e alumnos en actividades didácticas, culturais ou deportivas realizadas no marco da programación anual do centro. Este tipo de ingreso orzarase polo importe que se prevexa efectivamente percibir no exercicio orzamentario.

- Ingresos derivados da utilización ocasional das instalacións do centro para fins educativos.
- Os intereses bancarios.
- Os fondos procedentes de fundacións.
- Os derivados da venda de fotocopias, uso de teléfono, cuxos prezos autorizará a Consellería de Educación.
- Calquera outro ingreso, para o que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral competente.

Estado de gastos.

O orzamento anual de gastos comprenderá a totalidade dos créditos necesarios para atender as obrigacións, de conformidade coas seguintes consideracións:

Deberá axustarse aos ingresos previstos, non podendo exceder a suma total de gastos da suma total de ingresos.

O centro poderá contratar pólizas de seguro e efectuar adquisicións de equipos e material inventariable, sempre que se observen as seguintes condicións:

1. Que queden cubertas as necesidades prioritarias do normal funcionamento do centro.

Non estará suxeito a esta última limitación o material bibliográfico que o centro adquira nin a adquisición de material ou recurso de outra índole.

O centro rexistrará no Libro de Inventario os bens adquiridos.



Salvo casos debidamente autorizados, as previsións de gastos non terán carácter plurianual, polo que non poderán comprometer orzamentos de exercicios económicos futuros.

Deberanse respectar, en todo caso, os créditos de carácter finalista para os gastos específicos correspondentes.

Ao ser o noso un centro de Educación Infantil e Primaria, non se recollerán os gastos que correspondan ás Administracións Locais ou Entidades de dereito público titulares dos edificios destinados ao mantemento de inmobles nin os ocasionados pola conservación, vixilancia e reparación dos mesmos.

Conforme se determine, o centro poderá contemplar no seu orzamento a participación no financiamento de programas compartidos que convoquen as administración tanto europeas, estatais, autonómicas ou locais.

As partidas de gasto que utilizará o centro á hora de elaborar o estado de gastos do seu orzamento serán as seguintes:

A) Gastos de funcionamento operativo do centro:

Gastos asociados ao funcionamento operativo e mantemento do centro que se relacionan a continuación

- Arrendamentos.
- Reparacións, mantemento e conservación.
- Material de oficina.
- Subministracións.
- Comunicacións.
- Transporte.



- Traballos realizados por outras empresas.
- Primas de seguro.
- Tributos.
- Dietas e locomoción.
- Gastos diversos.
- Mobiliario e utensilios inventariables.
- Outros materiais inventariables.

B. Outros gastos distintos dos de funcionamento operativo do centro financiados con cargo aos Orzamentos da Consellería de Educación:

- Gratuidade de libros de texto e material curricular.
- Biblioteca e libros de lectura.
- Obras e equipamento.
- Outros gastos xustificados.

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. CRITERIOS PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN.

As operacións realizadas polo centro en execución do seu orzamento, tanto de ingresos como de gastos, contarán, sempre, co oportuno soporte documental que acredite a legalidade dos ingresos e a xustificación dos gastos. A contabilización dos ingresos efectuarase con aplicación do criterio de prudencia.

- a. As contas e os documentos xustificativos deben recoller a totalidade dos gastos e ingresos habidos, cos asentos contables correspondentes e deben reunir os requisitos legais.
- b. Non se poderán compensar gastos con ingresos.



c. As operacións e anotacións contables realizadas en medios informáticos serán encadernadas correlativamente para formar os libros contables. Serán asinados e selaxes cando termine cada exercicio. O centro manterá en custodia esta documentación durante un período mínimo de cinco anos desde a aprobación da conta de xestión.

O Director é o máximo responsable da xestión dos recursos económicos do centro e dirixe ao Equipo Directivo na elaboración do proxecto de orzamento e en todos os demais procesos da xestión económica. É a persoa que autoriza os gastos de acordo co orzamento aprobado e ordena os pagos.

O Director non poderá autorizar gastos por un importe superior aos créditos consignados no orzamento nin ordenar pagos que excedan dos ingresos efectivamente obtidos, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos que infrinxan tal norma, sen prexuízo das responsabilidades que poidan deducirse legalmente.

A contratación e autorización de gastos estarán limitadas polas contías establecidas no Real Decreto 2/2000, do 16 de xuño.

Para a distribución do orzamento nos diferentes conceptos facemos, en primeiro lugar, no mes de setembro, unha valoración xeral do dentro da comisión económica do Consello Escolar.

Tendo en conta, que haberá partidas que serán inamovibles, por exemplo o gasto en calefacción.

Para distribuír os GASTOS DE FUNCIONAMENTO infórmase o Claustro a primeiros de setembro. Coméntase e informa, a xuízo do Equipo Directivo, da prioridade de



necesidades, así como dos ano anterior en comunicacións, reprografía, material sanitario, reparacións, etc.

Descontados eses gastos imprescindibles e necesarios para o funcionamento do centro e un remanente mínimo para imprevistos, valórase a cantidade para asignar a cada un dos capítulos seguintes:

Adquisición de fondos bibliográficos, de acordo cos responsables da biblioteca de centro.

Material para as aulas de Infantil

Material de Educación Física.

Dotación informática

Aula de música.

Finalmente, ao non ter fixado ningún curso unha cantidade fixa de presuposto ó ano, terán que cubrir unha PETICIÓN DE NECESIDADE (Anexo I), que terá a súa resposta, nun máximo de dous días, a través do Anexo II.

Despois, de mercado ou subsanda a súa falla, segundo obxectivos fixados, terá que entregar na secretaría o documento acreditativo (factura) da súa merca.

FIXACIÓN DE PREZOS

A fixación de prezos poderá establecerse nos seguintes supostos::

- Venda de bens mobles.

A venda de bens mobles, tanto inventariables como inadecuados ou innecesarios, e a fixación dos seus prezos será solicitada polo Director do centro A tras acordo do Consello Escolar e será acordada polo titular da Consellería de Educación sendo necesario un informe da Consellería de Economía e Facenda.



- Prestación de servizos.

A fixación de prezos pola prestación de servizos ofrecidos polo centro e a venda de bens mobles derivados das súas actividades educativas, non recollidos na normativa específica sobre taxas e prezos públicos, requirirá da autorización do titular da Consellería de Educación. Os servizos ofrecidos polo centro poderán ser os seguintes:

- Realización de fotocopias, plastificacións, encadernacións, teléfono, etc.
- Utilización ocasional das instalacións do centro para fins educativos, de extensión cultural e outros relacionados directamente co servizo público da educación. O centro poderá establecer uns prezos que non necesitan autorización da Consellería de Educación. Eses prezos serán aprobados polo Consello Escolar.

INDEMNIZACIÓN POR RAZÓNS DE SERVIZO

O Director poderá aprobar os gastos de viaxes e as dietas dos profesores derivados da realización de actividades extracurriculares (formación derivada dos proxectos educativos do centro) fora da localidade e en horario diferente ao habitual do centro. Todos estes gastos abonaraos o centro a condición de que non sexan asumidos polos Servizos de Educación e, sempre, previa presentación de factura ou ticket, e sempre que concurran as seguintes premisas.

Aboaráse o desaiuno xantar e a cea, a razón de 12€ como máximo por cada unha das comidas.

Aboaráse o km, a razón de 0,26 € por km percorrido, sempre que se use a vía máis curta e libre de peaxe.



CONTA DE XESTIÓN.

O Director remitirá ao Consello Escolar para a súa aprobación, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte, unha única conta de xestión pechada ao 31 de decembro, acompañándoa dunha memoria xustificativa dos obxectivos conseguidos en relación cos programados.

Se o Consello Escolar non aprobase a conta de xestión, remitirase esta a os Servizos de Educación, xunto coa acta da sesión onde consten os motivos que sustentan a decisión. Os Servizos de Educación, tras xestiónelas pertinentes, adoptará a resolución que, no seu caso, proceda.

Unha vez aprobada polo Consello Escolar, a conta de xestión remitirase, por vía informática, aos Servizos de Educación na primeira quincena do mes de febreiro. Da mesma forma, e por correo ordinario, darase traslado do certificado bancario onde se reflecta o saldo ao 31 de decembro.

A conta de xestión non poderá renderse con saldos negativos, salvo demora nos ingresos procedentes da Consellería de Educación.

Os xustificantes de gasto efectuaranse por medio de certificación do Consello Escolar, permanecendo os orixinais das facturas e demais comprobantes de gastos no centro, baixo custodia do seu secretario e ao dispor dos órganos de control

No caso de que se produza o cesamento do Director antes da data de peche, este deberá elaborar, no prazo de vinte días, unha xustificación dos gastos e ingresos habidos ata a data de peche e presentala ao Consello Escolar para a súa aprobación. Constará dos mesmos anexos que os que se inclúen no peche económico.



No caso de que o Consello Escolar non aprobase dita conta de xestión, o Director saínte enviaráa aos Servizos de Educación, xunto coa acta da sesión onde constarán os motivos que deron lugar á devandita decisión.

Os Servizos de Educación, tras xestiónelas pertinentes, adoptará a resolución que, no seu caso, proceda.

CERTIFICACIÓN DA APROBACIÓN

D....., como SECRETARIO do centro,

CERTIFICA,

Que o Consello Escolar deste centro, en reunión celebrada o día .. de de 20.., no punto .. da orde do día,..... o Proxecto de Xestión deste colexio, que di literalmente

“PUNTO Núm. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE XESTIÓN DESTE CENTRO.

Por parte do Xefe de Estudos dáse lectura ao borrador do Proxecto de Xestión, elaborado polo Equipo Directivo, unha vez recollidas as achegas de todos os membros da comunidade educativa.

O Xefe de Estudos fixo fincapé naqueles aspectos máis significativos do Proxecto de Xestión e informou pormenorizadamente de todos os detalles do seu contido.

Unha vez analizado por todos os membros do Consello Escolar por, sen que houbera modificacións respecto diso”.

Todo o cal fago constar para os efectos que conveña.

Sofán , ... dede 20.....

O/A SECRETARIO/A, Fdo.



ANEXO I

| | | | | |
|------------------------|--------------|--|------|--|
| NECESIDADE DE PETICIÓN | | | | |
| AULA | | | | |
| MATERIA | | | | |
| NECESIDADE | | | | |
| MOTIVO | INEXISTENCIA | | | |
| | DETERIORO | | | |
| | PROXECTO | | CAL? | |
| | ACTIVIDAD E | | CAL? | |

ANEXO II

RESPOSTA

| | |
|------------------|--|
| ACEPTADA | |
| APRAZADA | |
| REXEITADA POR... | |



Anexo XVI.- PLAN PROXECTA

1- NUTRIESCOLAS

TÍTULO

COMENDO COS CINCO SENTIDOS!

INTRODUCCIÓN

O CEIP Plurilingüe Gándara Sofán é un colexio rural situado ás aforas do Concello de Carballo. Conta con 38 alumnos de Infantil e 110 de Primaria. Está involucrado en numerosos proxectos entre os cales se atopa este de Nutriescolas debido á necesidade de modificar os hábitos alimentarios de toda a comunidade educativa. Buscamos sensibilizar ás familias, ao alumnado e ao profesorado na importancia dunha alimentación saudable. Así pretendemos provocar un cambio na elección das merendas dos nenos e nenas, deixar atrás os alimentos ultraprocesados e dar paso a unha alimentación equilibrada na que estes últimos non teñan cabida. Previa consulta ás familias no anterior Proxecto de Nutriescolas, parece que están dispostas a emprender este camiño que de seguro non vai resultar sinxelo pero intentaremos que sexa o máis motivador posible. A maiores implicarémolas tamén no horto escolar que será o noso eixe vertebrador durante todo o curso, onde o alumnado será protagonista activo de todo o proceso ata sacar un produto saudable e ecolóxico. Sen esquecermos da atención á diversidade, os carteis do horto irán elaborados con lingua de signos xa que contamos cunha nena que emprega este sistema de comunicación. O equipo de Polos creativos serán os encargados de elaboralos coa impresora 3D.



Promoveremos a participación de diferentes entidades (Concello de Carballo, ONGs) e persoal cualificado (nutricionista, enfermeira...) que nos guie e nos forme a toda a comunidade co fin de asentar uns coñecementos necesarios, útiles e prácticos de cara a unha alimentación 100% saudable.

Este proxecto tamén está estreitamente relacionado con outros proxectos que imos desenvolver no centro como o Proxecto Terra. Neste levaranse a cabo os patios dinámicos, nos que se farán xogos para que o alumnado teña a oportunidade de moverse a diario e sentirse activo na hora do patio. Igualmente, entre sesión e sesión, desenvolveranse os descansos activos para que as nenas e nenos desconecten da clase anterior movéndose, bailando, saltando... Finalmente está vinculado co PLAMBE posto que este curso imos dedicalo ás emocións e o que buscamos con Nutriescolas é emocionar a través dos alimentos a toda a comunidade educativa.

En definitiva, o traballo de Nutriescolas é trasversal a todas as áreas curriculares xa que, por exemplo, é necesario lavar a froita antes de repartila (hábitos de hixiene), repartila posteriormente en caixas (mate:división), indagar sobre os seus beneficios e plasmalos a través da escrita (linguas galega e castelá), situala na roda de alimentación (ciencias naturais) ou descubrir que clima favorece mellor para plantar no horto (ciencias sociais) e promover o exercicio físico diario (Educación Física)

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL: Adquirir e consolidar hábitos alimentarios saudables desde a educación infantil e primaria.

OBXECTIVOS INFANTIL 3, 4 e 5 ANOS:

- Contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado de 2º ciclo de educación infantil.
- Favorecer que os nenos e nenas adquiran hábitos alimentarios saudables.



- Incorporar a promoción da saúde a toda a comunidade educativa.
- Desenvolver, estimular, potenciar os sentidos mediante a observación, descubrimento, manipulación e degustación.
- Sentir e expresar os sentimentos e as emocións asociadas ao feito alimentario.
- Manipular útiles e ferramentas sinxelas relacionados coa alimentación.
- Ampliar o coñecemento sobre os alimentos e as súas propiedades, e clasificalos con diferentes criterios.
- Reducir/evitar/eliminar os alimentos non aconsellables nas merendas.
- Traballar hábitos de hixiene diaria.
- Fomentar a creatividade alimentaria.
- Cultivar o horto escolar de forma ecolóxica.
- Implicar ás familias na elaboración de merendas saudables e no cultivo do horto escolar.

OBXECTIVOS PRIMARIA 1º, 2º e 3º CICLO:

- Lograr que todo o alumnado do ciclo probe alimentos e receitas novas.
- Desenvolver actividades de manipulación e preparación de alimentos.
- Achegar ao alumnado aos produtos da contorna próxima e ao mercado local do Concello de Carballo.
- Coñecer aspectos da gandería e agricultura da zona.
- Planificar un menú saudable sinxelo a partir dos produtos cultivados no horto escolar.
- Desenvolver emocións e sentimentos paralelos ao feito alimentario.
- Indagar sobre os beneficios da agricultura ecolóxica.
- Cultivar o horto escolar de forma ecolóxica.
- Indagar sobre os beneficios de tomar leite e froita a diario.



- Implicar ás familias na elaboración de merendas saudables e no cultivo do horto escolar.
- Promover a participación de entidades como o Concello de Carballo, ONGs e especialistas en nutrición.
- Cultivar o horto escolar de forma ecolóxica.
- Implicar ás familias na elaboración de merendas saudables e no cultivo do horto escolar.

OBXECTIVOS PRIMARIA 1º, 2º e 3º CICLO:

- Lograr que todo o alumnado do ciclo probe alimentos e receitas novas.
- Desenvolver actividades de manipulación e preparación de alimentos.
- Achegar ao alumnado aos produtos da contorna próxima e ao mercado local do Concello de Carballo.
- Coñecer aspectos da gandería e agricultura da zona.
- Planificar un menú saudable sinxelo a partir dos produtos cultivados no horto escolar.
- Desenvolver emocións e sentimentos paralelos ao feito alimentario.
- Indagar sobre os beneficios da agricultura ecolóxica.
- Cultivar o horto escolar de forma ecolóxica.
- Indagar sobre os beneficios de tomar leite e froita a diario.
- Implicar ás familias na elaboración de merendas saudables e no cultivo do horto escolar.
- Promover a participación de entidades como o Concello de Carballo, ONGs e especialistas en nutrición.



ORGANIZACIÓN

Para traballar todos os obxectivos descritos anteriormente empregárase unha metodoloxía que incorpore experiencias de aprendizaxe significativas, con emocións positivas e baseadas na experimentación e o xogo. Que respecte os diferentes ritmos e características do alumnado; que sexa funcional para aplicar no día a día e favoreza a recreación de situacións cotiás relacionadas coa alimentación e o xogo simbólico.

Tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria desenvolveranse as seguintes actividades:

E. INFANTIL

- "ADIVIÑA COS 5 SENTIDOS": obradoiro de comida saudable no que o alumnado, cos ollos pechados, empregue os sentidos do gusto, o olfacto e o tacto para adiviñar de que alimento se trata e que emoción lle esperta. Escolleranse alimentos variados con diferentes texturas e olores.

- "SEMÁFORO SAUDABLE": consiste en deseñar un semáforo en papel contínuo grande para colocar imaxes de alimentos segundo sexan máis (verde) ou menos saudables (laranja/vermello).

E. PRIMARIA:

1ª CICLO:

- SAÍDA AO MERCADO MUNICIPAL E PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE CARBALLO. O alumnado realizará unha investigación sobre os diferentes postos de alimentación que hai na feira e os produtos que teñen á venda. Fará o mesmo na Praza de abastos. Entrevistará aos froiteir@s, peixeir@s, panadeir@s; Finalmente comprará a merenda dese día no posto con mellor prezo e que teña boa calidade.

- OBRADOIRO NUTRI-SCORE: O alumnado traballará á clasificación ABCDE e clasificará os alimentos nun semáforo saudable.



-INVESTIGACIÓN SOBRE OS BENEFICIOS DE TOMAR LEITE E FROITA. O alumando de primeiro indagará sobre os beneficios de tomar leite e o de segundo de comer froita. Unha vez plasmado todo nunha cartolina irán polas aulas para concienciar ao resto de nenas e nenos cando comece os períodos de leite e froita marcados.

2º E 3º CICLO

-OBRADOIRO DE ETIQUETAXE ALIMENTARIA: Consiste en analizar as etiquetas dos alimentos (graxas, azucres engadidos, hidratos de carbono...). Tamén o nutri-score. Plasmando toda a información importante nunhas cartolinas para que queden ao acceso de todo o colexio.

-RODA DA ALIMENTACIÓN: (4º, 5º, 6º) elaborarán entre as tres clases a roda da alimentación. 4º porción verde, 5º porción amarela e 6º porción vermella. Debe ser grande e estar exposta nunha zona visible para todo o alumnado.

TODO O COLEXIO:

- HORTO ESCOLAR: as nenas e nenos irán ao horto plantar (grelas, coliflor, pirixel, cilantro, apio, flores comestibles, repolo, brócoli, cebolas, tomate, leituga, acelga...) , regar, arrancar herbas, todo aquilo que se necesite. Indagarán sobre o alimento plantado e as posibilidades culinarias que se poidan facer con el. Promoveremos a agricultura ecolóxica e indagaremos sobre os seus beneficios. Aquí estarán invitadas as familias a participar da actividade tanto para plantar como para facer unha receita con algún produto do horto para que o alumnado poida probar.

- SOFÁN- CHEF: concurso de receitas saudables empregando algún alimento cultivado no noso horto. Elaborarán unha receita por aula para conquistar a un xurado moi esixente, os seus compañeiros e compañeiras. Votarase a receita que máis guste, a máis sinxela, orixinal e a máis saudable. O grupo gañador será premiado.



- ADIVIÑA A FROITA DE HOXE!

Cando toque a semana da froita distribuirase por aulas unha delas. Terán que facer unha adiviña e ir dicíndoa polas clases para que o alumnado adiviñe a froita que toca no día.

VISITA DUNHA PERSOA ESPECIALISTA EN NUTRICIÓN:

Contactaremos con alguén profesional que nos poida vir dar unhas charlas sobre como alimentarse saudablemente, combinar alimentos...

MENÚ DA MERENDA SEMANAL:

Motivar ao alumnado para que cumpra co menú establecido polo colexio no cal se estipulou o seguinte: todos os días froita e a maiores a escoller entre iogur natural, pan con conservas, aceitunas, tomate, aguacate, froitos secos...

AVALIACIÓN

Para ver se se cumpriron os obxectivos desenvolveremos unha avaliación ao final do proxecto a través dunha enquisa para as familias, o profesorado e o alumnado. Nela recolleranse os aspectos fundamentais relativos a se se alcanzaron os obxectivos propostos e ao alcance/impacto do proxecto na comunidade educativa.

Ademáis deste proxecto, xa desenvolvido outros anos, e enmarcado no Plan Proxecta, para este curso 2024/2025 imos traballar noutros catro proxectos, que están á espera de que sexan aceptados pola Consellería e son os seguintes:

1. **PROXECTO TERRA**

TÍTULO



DESEÑANDO O CENTRO QUE QUEREMOS

INTRODUCCIÓN

O patio do centro está descoidado, a maioría dos rapaces xogan ao fútbol e o alumnado ao que non lles gusta, comenta que se aburre e non

sabe que facer. Ante esta situación, dende o centro decídese cambiar a dinámica e estética do patio, facéndoo máis inclusivo e con xogos

variados que interesen a todo o alumnado. Non é tarefa doada, posto que hai gustos moi variados en canto a que realizar no recreo, pero

agardamos poder ofrecer uns patios nos que todo o alumnado se encontre cómodo, á vez que poidan aprender nocións básicas na realización

de planos.

OBXECTIVOS

- Aprender a realizar croquis e planos de forma moi básica.
- Participar na estruturación de patios máis dinámicos.
- Colaborar todo o alumnado na organización do centro que todos queremos.

ORGANIZACIÓN

A metodoloxía será participativa e lúdica. A través dun concurso de ideas, o alumnado que desexe participar, realizará un plano ou croquis de



como sería o patio que lles gustaría. Logo, crearase unha comisión na que estará o Equipo directivo e alumnos/as de sexto de Primaria e

AVALIACIÓN

A final de curso, a través dunha encuesta, o profesorado avaliará o cambio real dos patios dende inicio de curso ata o final de curso, así como

aqueles aspectos que melloraría do mesmo.

En función disto, redactaranse propostas de mellora que o Equipo directivo analizará de cara ao vindeiro curso.

2. METEOESCOLAS

TÍTULO

ATA O CORENTA DE MAIO EN SOFÁN LEVAMOS SAIO!!

INTRODUCCIÓN

Ao longo deste curso, con todo o alumnado do centro imos estudar as variacións meteorolóxicas na nosa contorna e como inflúe na nosa vida

e costumes.

OBXECTIVOS

315



- 1- Estudar o clima e as súas variacións no noso entorno.
- 2- Manexar instrumentos de medicións do tempo atmosférico.
- 3- Concienciar da importancia do clima en canto ao seu condicionamento nas actividades que realiza o ser humano.

ORGANIZACIÓN

O alumnado estará organizado en grupos de 6 alumnos por día, chamados ECOPANDILLAS, coa finalidade, entre outros obxectivos, de

realizar traballo de campo para recabar datos sobre as variacións do clima (recollida dos pluviómetros), necesidade de regado no horto escolar

e na zona de plantas ornamentais e aromáticas, naqueles días nos que non haxa chuvia ou moito calor.

En canto ao traballo posterior na aula, farase análise dos datos recollidos, a través de estatística en gráficos e posterior reflexión das mesmas.

Estes datos recollidos serán difundidos á comunidade escolar a través da nosa radio e prensa escolar e tamén a través dos medios dixitais e institucionais.

AVALIACIÓN

A avaliación farase en función do cumprimento dos seguintes items:

- 1- Enquisa de coñecementos previos acerca do clima e enquisa de avaliación final sobre a aprendizaxe de contidos.



2- Mostra e difusión de resultados obtidos na recollida de información.

3- Posta en común da relación que existe entre os datos recollidos no item anterior e as conclusións a extraer.

3. CÓNTAME UN CONTO

TÍTULO

OS CONTOS QUE EMOCIONAN

INTRODUCCIÓN

No C.E.I.P Plurilingüe Gándara-Sofán iniciaremos o vindeiro curso un novo proxecto centrado nas emocións e nos contos que parte do

proxecto anual de Biblioteca. Viñamos notando que o alumnado ten dificultades para xestionar a súa propia frustración , recoñecer e manexar

axeitadamente as distintas emocións, é por isto que decidimos centrarnos en crear un proxecto que intentara incidir no coñecemento e

manexo emocional. O proxecto da biblioteca escolar leva por título QUÉ CONTAN OS CONTOS? e queremos relacinalo moi intimamente,

seguindo a mema liña de traballo, con este proxecta OS CONTOS QUE EMOCIONAN. Para acadar a finalidade do proxecto empregaremos

os recursos da biblioteca escolar e a colaboración de toda a comunidade educativa. Este curso 2024/25 imos poñer en marcha un clube lector chamado "Concho e Noz"



onde trataremos de fomentar a lectura de contos , nunha liña emocional, en diversas linguas (galego, castelán e

inglés) e dar a coñecer a través de contacontos e das familias que desexen participar a nosa tradición, literatua e folclore oral tan cheo de emocións. Relacionaremos dun xeito globalizado estes contidos, ao londo do curso, coa conmemoración das Letras Galegas que este ano se adica a mulleres que transmitiron e mantiveron viva a nosa cultura e folclore oral.

OBXECTIVOS

Con este plan pretendemos basicamente conseguir:-

-Implicar aos diferentes membros da comunidade educativa en: desenvolver as habilidades comunicativas orais, conseguir unha lectura comprensiva, potenciar a capacidade de escoitar, fomentar o interese lector, a imaxinación, a creatividade e a sensibilidade emocional.

-Conseguir que a lectura sexa un medio de Educación Emocional e en Valores, buscando especial relación co proxecto anual de biblioteca que este curso xirará en torno as emocións e os contos e leva por título: QUÉ CONTAN OS CONTOS?.

-Converter as bibliotecas, tanto de aula como de centro, así como o clube lector en espazos dinámicos para o desenvolvemento do hábito lector, aproveitando así mesmo estes espazos para un diálogo fluído sobre os contidos que nos transmiten as direntes obras escritas ou de transmisión oral.



-Invitar a comunidade educativa ou autores a participar no club de lectura, coa lectura ou interpretación de obras de folclore ou transmisión oral en diferentes linguas: galego, castelán e inglés, dando a coñecer o profundo potencial emocional que agochan.

-Potenciar o uso das redes, dos blogs de centro, da radio escolar e da prensa dixital (Sofán News) para dar a coñecer o noso

ORGANIZACIÓN

No Plan Proxecta, OS CONTOS QUE EMOCIONAN, pretendemos implicar a tódolos membros da comunidade educativa, conseguindo que sexa levado a cabo de forma colaboradora entre todos, intentando inculcar o gusto pola lectura así como aprendizaxes relacionadas co coñecemento e xestión emocional.

Os alumnos e alumnas serán os elementos máis activos e importantes dentro deste proceso. Ademais de ser lectores activos dos diferentes xéneros literarios, tamén participarán compoñendo e interpretando as súas propias obras, facendo representacións, lecturas, recitados... colaborando de xeito activo e dinámico nas propostas de biblioteca.

O noso centro vai seguir unha liña de traballo moi similar entre o proxecto de biblioteca(QUÉ CONTAN OS CONTOS) e o proxecta (OS CONTOS QUE EMOCIONAN). Tódolos membros do claustro participarán e colaborarán en diversas actividades que serán coordinadas e propostas dende o Equipo de Biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua.



Pretendemos que se entenda a animación á lectura como o momento ideal para traballar os contos en diferentes linguas (galego, castelán e inglés), as lendas e as cantigas de tradición oral profundizando nos contidos emocionais que transmiten e mellorando a comprensión lectora e emocional.

Pretendemos potenciar e valorar a lectura, así como a nosa tradición oral como elementos culturais que forman parte da vida cotiá dos nenos/as tanto dentro como fóra da aula e no seu tempo de lecer. Para isto pediremos a colaboración de toda a comunidade educativa ; mestres, autores, familias (especialmente os avós e avoas) en diferentes tipos de actividades : contos viaxeiros, mochilas viaxeiras, contacontos, clube lector... onde potenciaremos a lectura de contos e cantigas da nosa tradición e folclore popular, especialmente este curso onde nas letras galegas se homenaxea a artistas e cantareiras que mantiveron vivo o cancionero popular galego.

As actividades previas parten de:

1. Identificar emocións básicas a través de contos e das propostas obrigatorias das lecturas do plan lector de centro, os contos e cantigas tradicionais.
2. Invitar ás familias, especialmente os avós e avoas durante o primeiro trimestre, a facer algunha lectura compartida, ou interpretación de contos e cantigas populares no idioma que o desexen: galego, castelán ou inglés.
3. Promover (especialmente a partir do segundo trimestre cando xa teñamos algo de fondo documental) a relación lectura compartida e gravación dalgún programa para a radio escolar para que quede constancia do traballo realizado.



4. Publicar mostras do traballo na páxina web do centro, no noso xornal dixital (Sofán News) e nos blogs de centro.

AVALIACIÓN

A avaliación do Plan Proxecta , OS CONTOS QUE EMOCIONAN, levarase a cabo por parte da coordinadora do proxecta e do equipo de biblioteca. Realizarase dunha forma continua, efectuando una observación directa e sistemática da evolución do proxecto. Avaliaremos a través da observación e da análise dos resultados a implicación de tódolos membros da comunidade educativa (alumnos, mestres e pais), así como o grao no que as diversas actividades propostas contibúen á consecución dos obxectivos.

É por iso que, ao final de cada trimestre realizaremos unha reunión do equipo de biblioteca onde se irá avaliando a consecución dos diferentes obxectivos e a partir destes resultados farase una proposta de mellora para o seguinte trimestre, así como as modificacións que se consideren oportunas en cada momento.

4. EDUCACIÓN EN DEREITOS DA INFANCIA E CIDADANÍA GLOBAL

INTRODUCCIÓN

O noso centro conta con experiencia en canto a dar voz na defensa dos dereitos da infancia e ser solidarios con aqueles sucesos no mundo que atentan contra a poboación infantil e vulnerable, participamos en distintas iniciativas neste sentido, no caso de manifesto en contra da infancia e a guerra ou en contra da pobreza infantil, fanse de xeito regular recollidas de roupa, xoguetes.... e temos a sorte de contar cunha comunidade educativa moi colaboradora e sempre dispostos a mostrar



solidariedade no apoio ás actividades plantexadas polo centro, gustaríanos participar este ano no programa que se oferta a través de UNICEF.

OBXECTIVOS

- 1- Dar a coñecer ao alumnado cales son os DEREITOS da infancia e facer que sexan cidadáns do futuro con conciencia solidaria e responsabilidade.
- 2- Contribuir, na medida do posible, con accións conxuntas desde o noso centro educativo, nas campañas que se realicen a favor da infancia e o seus dereitos.
- 3- Promover a defensa do clima, do benestar, do fin da pobreza e en xeral das desigualdades que se producen en torno á infancia no mundo.
- 4- Implicar á comunidade educativa en novas actividades e accións que sexan levadas a cabo de xeito activo polos escolares.

ORGANIZACIÓN

A primeira acción é suscribirmos ao boletín de actividades para centro educativos, posto que nos gustaría coñecer mais propostas para traballar co noso alumnado.

[https://www.unicef.es/educa/suscripcion-newsletter/gracias?
token=8HSNr7tASHOAWpD9dhrJwV5HTYJELCXOhjldOpLLdm8](https://www.unicef.es/educa/suscripcion-newsletter/gracias?token=8HSNr7tASHOAWpD9dhrJwV5HTYJELCXOhjldOpLLdm8)

A NOSA PROPOSTA É A SEGUINTE:

- 1- Celebración do Día Universal da Infancia (20 de novembro):



Neste día realizaremos un manifesto conxunto e lectura dun resumo dos DEREITOS DA INFANCIA. A través da nosa radio escolar emitiremos un programa con entrevistas ás familias, ao alumnado e ao profesorado.

2- Día escolar da paz e a non violencia (30 de xaneiro), coa celebración da Carreira solidaria en favor da defensa da paz e a non discriminación.

3- Día Mundial da Auga (22 de marzo):

A través do programa meteoescolas e o propio do noso centro, ecopandillas, difundiremos a importancia da auga relacionada cun ben escaso a protexer.

4- Día do Medio Ambiente (5 de xuño):

Realizaráanse actividade no noso horto escolar, recollida dos froitos do invernadoiro, recollida de lixo nas instalacións do centro e plantacións simbólicas que representen as emocións da chegada do verán, flores e árbores frutales.

Afondar ao longo do curso nos 4 ámbitos de traballo da Educación en Dereitos, isto é:

LIÑAS DE ACCIÓN:

1- Promover o coñecemento dos dereitos da infancia, que engloba a toda a comunidade educativa para que coñeza, difunda e defenda os dereitos. (Primeiro trimestre)



2- Desenvolver espazos (radio e prensa na escola) , que favorezan a participación infantil e adolescente, que busca que as voces dos nenos, nenas e adolescentes sexan tidas en conta no centro educativo. (Todo o curso)

3- Promover unha contorna protectora. Desta forma impúlsaranse espazos, coa creación do equipo de alumnado mediador, que contribuirá á resolución pacífica de conflitos, onde cada alumna e alumno estea e se sinta seguro ante a violencia, o acoso e o maltrato, de xeito que poida aprender, convivir e desenvolverse nun ambiente protector. (Todo o curso)

4- O centro conta tamén cun Plan de acción sobre intelixencia emocional dentro do Plan de benestar.

5- Favorecer un bo clima escolar, que impulsa a convivencia e a cohesión de toda a comunidade educativa (equipo directivo, persoal docente, familias, alumnas e alumnos e persoal de administración e servizos). Para iso, propónse a realización da autoavaliación e do diagnóstico para analizar o compromiso cos dereitos da infancia no centro educativo.

6- Realízase a través da web www.unicef.es/gal/educa. Tamén se afonda na elaboración do Plan de Acción, vinculado ao plan de benestar e convivencia do centro, como resultado das conclusións extraídas da autoavaliación.

Recollelas nun documento que permita a reflexión dos datos.

AVALIACIÓN



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN

A Gándara, s/n - 15108 CARBALLO (A Coruña)

Tfn.: 881 880 427 Fax: 881 880 428r

Correo-e: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan_

A partir de enquisas de participación en canto ás persoas ás que chegaron as accións realizadas, obteranse os datos de satisfacción das actividades, o número de participantes e as suxerencias de mellora.

Realizarase tamén entre o alumnado unha enquisa de coñecementos sobre os dereitos da infancia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN

A Gándara, s/n - 15108 CARBALLO (A Coruña)

Tfn.: 881 880 427 Fax: 881 880 428r

Correo-e: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan_

ANEXO XVII

O noso centro, un ano máis, solicitará os programas de éxito escolar, unha vez sexa publicada a convocatoria para o curso 2024/2025 (contratos programa)



O PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Introducción.

Según regula a Orde do 26 de mayo de 2023, no seu artigo 15 "...El plan de actividades físicas y hábitos saludables tendrá por finalidad la práctica diaria de deporte y de ejercicio físico y actividad física durante la jornada escolar y la promoción de una vida activa, saludable y autónoma, e incluirá, como mínimo, los siguientes elementos..." no centro promoverase a práctica da actividade física a diario e tamén a promoción dos hábitos saudables, neste sentido lévase a traballar xa varios anos nun proxecto nomeado "DESCANSOS ACTIVOS", no que o obxectivo principal é evitar o sedentarismo prolongado na aula e tamén suplir á falta de horario diario, adicado á educación física.

Polo tanto realízase entre a segunda e terceira hora e entre a cuarta e a quinta hora dos cambios de materia unha actividade lúdica deportiva de 5 minutos de duración, para "a activación muscular" e para a "activación hormonal" ya que entre as hormonas que se liberan ao facer exercicio, as responsables desa sensación practerera son a dopamina, a serotonina e a endorfina.

Asimesmo, lévanse a cabo os patios dinámicos ou activos, onde ao alumnado se lle facilita material deportivo para favorecer a socialización e a práctica deportiva en grupo.

O proxecto de reparto de froita e leite frescas, tamén se realiza no centro desde hai anos, moi aceptado tanto polo alumnado como polas familias, consiste en promocionar os



hábitos saudable á hora da merenda no centro e tamén acostumar ao alumnado na inxesta de froita fresca.

Análisis do contexto,

Logo de levar varios cursos co plan de actividade física diaria e coa promoción dos hábitos saudables entre o alumnado do noso centro, ademáis do desenvolvemento do proxecto, no programa Aliméntate ben, xa somos quen de que o alumnado introduza na merenda da media mañá froita fresca e que valore a importancia de realizar exercicio físico a diario.

As accións a levar a cabo, en relación no contexto exposto anteriormente, son as que seguen:

- 1_ Realización dos descansos activos diarios, na aula, entre clase e clase, suelen ser de pé e consistir na realización dunha coreografía conxunta ou ben a realización de saltos ou exercicios ximnásticos, dura aproximadamente 5 minutos, dúas veces na mañán.
- 2_ Patios dinámicos ou activos, consiste na facilitación de material deportivo e/ou de xogos para que o alumnado poda realizar, ben individualmente e con preferencia a nivel grupal, xogos cooperativos, de socialización ou de divertimento, durante a media hora do recreo.
- 3_ Promoción de inxesta de froita e leite (programa do FOGGA) e merenda saudable entre o alumnado do centro.



4_ Talleres de nutrición, impartido por un especialista para a concienciación do alumnado da importancia de comer ben e realizar actividade física.

5_ Póñense a disposición do alumnado unha gama de libros, contos e cómics á súa disposición na biblioteca escolar, relacionados coa temática deportiva de de hábitos de vida saudables.

6_ Aseo ao finalizar a práctica deportiva, que implica muda da roupa e aseo de cara e mans.

7_ Realización de pirámide de alimentación por clases, para que o alumnado poda ir engadindo grupos de alimentos según o nivel da pirámide, logo será instalada na entrada do centro.

Obxetivos.

- ✓ Promover hábitos de hixiene e limpeza previos e posteriores á inxesta de alimentos.
- ✓ Promover a participación de toda a comunidade educativa na elaboración de receitas con froitas.
- ✓ Inculcar no alumnado bos hábitos e comportamentos durante a hora da comida e a práctica da actividade física diaria.



- ✓ Integrar o traballo en relación á alimentación e ao fomento da práctica deportiva, en todas as programacións didácticas e darlles un peso importante no día a día do centro.
- ✓ Continuar na liña dos cursos pasados, fomentando o consumo de froita e leite durante os recreos.
- ✓ Concienciar ás familias da existencia de un ábano maior de posibilidades á hora de alimentar aos seus fillos/as (especialmente nas merendas que traen ao colexio).
- ✓ Evitar o sedentarismo excesivo na rutina diaria do alumnado.
- ✓ Promover a concienciación do alumnado e familias en canto á promoción dunha vida saudable.

Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, no seu caso, de difusión.

Para avaliar se se acadaron os obxectivos propostos e se as propostas organizativas e metodolóxicas foron as axeitadas, basearémonos principalmente na **observación de todo o proceso**; dende antes de traballar os contidos máis directamente ata despois de rematadas as actividades.

- Valorando o nivel de acollida das propostas de alimentación polo alumnado e familias,
- Observaremos se hai cambio na dinámica das merendas, e varían un pouco e son máis sás,



- Reflexionaremos acerca do que non funcionou ou puido ter sido mellor.
- Modificaremos calquera aspecto que non funcione en calquera momento do curso (avaliación continua),
- Indagaremos acerca dos novos coñecementos que teñan adquiridos os alumnos/as en relación á temática tratada.
- Faremos unha avaliación final previa á elaboración da memoria de dito proxecto para poñer en común por última vez, todas as opinións, puntos de vista, etc. da totalidade do claustro (xa que a participación no proxecto é do 100% do profesorado).

DIFUSIÓN DO PLAN:

Realizarase a distintos niveis, en primeiro lugar dando a coñecer ás familias as actividades que conforman o proxecto, mediante Abalar e a través da páxina web. En segundo lugar a través das tecnoloxías dixitais que se utilizan a cotío no noso centro, a aula virtual, edixgal, tamén dando contido e información grazas á nosa radio e nos boletíns de prensa dixital mensual.



ANEXO XIX

SOLICITUDE ACREDITACIÓN ERASMUS+ 2024/2025

Recentemente solicitouse por parte do noso centro o proxecto KA120 no ámbito da Educación Escolar__Acreditación para 2024-2028, proxectos de corta duración en Ed. Escolar.



Applicant Organisation

To complete this section you will need your organisation's identification number (OID).

If you have an OID number please introduce it in this section.

If you are not sure if you have OID number, you can check here: [Organisation Registration System](#)

If you do not have OID number, you can create one here: [Register New Organisation](#)

CEIP GANDARA SOFAN

| Applicant organisation OID | Legal name | Country |
|----------------------------|--------------------|---------|
| E10181912 | CEIP GANDARA SOFAN | España |

Applicant Organisation Details

| | |
|------------|---|
| Legal name | CEIP GANDARA SOFAN |
| Country | España |
| Region | Galicia |
| Localidad | CARBALLO (A CORUÑA) |
| Website | https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/ |



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURILINGÜE GÁNDARA SOFÁN

A Gándara, s/n - 15108 CARBALLO (A Coruña)

Tfn.: 881 880 427 Fax: 881 880 428r

Correo-e: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan_

ANEXO XX

PLAN DIXITAL DE CENTRO:

Achegamos o plan para este curso 2024/2025 a través do seguinte link, pertencente ao espazo virtual de Educalidade, onde se atopa o citado plan.

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/prv/detallePlansConvocatoria-cargar.action?planCentro.codPlan=1&planCentro.codTipoPlan=1&planCentro.codConvocatoria=133&edicion=false&modoConsulta=true>